

OS DISCURSOS PARLAMENTARIOS DE
XERARDO FERNÁNDEZ ALBOR
PRIMEIRA E SEGUNDA LEXISLATURA
1981-1987



COLECCIÓN PARLAMENTO DE GALICIA

Xerardo Fernández Albor (Santiago de Compostela) desenvolveu unha longa, intensa e fecunda traxectoria profesional a cabalo entre a medicina, a cultura e a política, como home comprometido con Galicia e co seu tempo.

Licenciado en medicina e especializado en cirurxía e dixestivo, foi xefe do servizo de cirurxía xeral do centro Concepción Arenal de Santiago de Compostela, e máis tarde fundador e director do policlínico La Rosaleda. Promoveu e presidiu a Academia Médico-Quirúrxica de Santiago e estivo á fronte da Sociedade de Cirurxía de Galicia e a Sociedade Española de Coloproctoloxía, entre outras institucións sanitarias.

Ao lado de destacados galeguistas como Ramón Piñeiro, Domingo García-Sabell ou Fermín Penzol converteuse en membro fundador das fundacións Penzol, Alfredo Brañas, Castelao, Otero Pedrayo e Rosalía de Castro. Participou na creación do Instituto da Lingua Galega, o Museo do Pobo Galego e o Instituto Galego da Información.

O seu primeiro contacto coa política activa foi con Realidade Galega, un colectivo de intelectuais que xogou un papel moi destacado. A petición de Manuel Fraga converteuse en candidato á presidencia da Xunta de Galicia por Alianza Popular e gañou as primeiras eleccións autonómicas de 1981. Á fronte do goberno de Galicia permaneceu entre 1982 e 1987 tras vencer tamén nas seguintes eleccións en 1985. Unha moción de censura provocou entón o seu relevo como presidente da Xunta.

A partir de 1989 abriu outra frutífera etapa como membro do Parlamento Europeo, onde desempeñou importantes tarefas. Presidiu a comisión que canalizou a reunificación de Alemania, e máis tarde a comisión de Asuntos Exteriores, ao tempo que tamén exerceu como vicepresidente do buró político do Partido Popular Europeo.

O seu currículo profesional está repleto de premios e condecoracións: a gran cruz da Orde de Isabel a Católica, medalla de ouro do Senado, gran cruz da Orde do Mérito da República Federal de Alemaña, medalla de ouro de Galicia, e un longo etcétera.

OS DISCURSOS PARLAMENTARIOS DE
XERARDO FERNÁNDEZ ALBOR
PRIMEIRA E SEGUNDA LEXISLATURA
1981-1987



COLECCIÓN PARLAMENTO DE GALICIA

*Todos os textos de Xerardo Fernández Albor foron recollidos
do Diario de Sesións do Parlamento de Galicia, tal e como
foron transcritos orixinariamente*

EDITA:

Parlamento de Galicia. Colección «Discursos parlamentarios» © 2015

SELECCIÓN E ADAPTACIÓN DE TEXTOS:

Tekla Comunicación

FOTOGRAFÍAS:

Arquivo do Parlamento de Galicia

IMPRESIÓN:

Gráficas Lasa

D.L.: C 1121-2015

ISBN: 978-84-7836-103-8

Índice

7 A MODO DE PRESENTACIÓN. UNHA COLECCIÓN NECESARIA

11 PRESENTACIÓN DO PERSONAXE

13 **Fotografía dun presidente**

Marcelino Agís Villaverde

23 PRIMEIRA LEXISLATURA 1981-1985

25 **Discurso de investidura pronunciado diante do Parlamento de Galicia polo candidato á Presidencia da Xunta de Galicia**

7 de xaneiro de 1982

49 **Discurso da xura do cargo e toma de posesión de Xerardo Fernández Albor como Presidente da Xunta de Galicia na igrexa de San Domingos de Bonaval**

21 de xaneiro de 1982

53 **Información ofrecida pola Xunta sobre a recente remodelación do Goberno da Comunidade Autónoma**

18 de marzo de 1983

59 Información da Xunta sobre a política xeral da Comunidade Autónoma, ó abeiro do artigo 144 do Regulamento

16 de decembro de 1983

75 Comparencia da Xunta de Galicia ante o Pleno do Parlamento ó amparo do artigo 144 para informar da recente crise de Goberno, concertada no cese do Vicepresidente para Asuntos Económicos e o Conselleiro de Industria

11 de maio de 1984

77 Debate do dictame da Comisión Institucional de Administración Xeral, Xustiza e Interior no Proxecto de Lei de Símbolos de Galicia

29 maio 1984

81 Uso da palabra do Presidente da Xunta manifestando o seu agradecemento persoal a tódolos deputados ó remate desta Lexislatura

3 de outubro de 1985

83 SEGUNDA LEXISLATURA 1985-1987

85 Proposta de candidato á presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia

14 de xaneiro de 1986

117 Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Segundo intento)

17 de xaneiro de 1986

121 Proposta de candidato á presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Terceiro intento)

18 de febreiro de 1986

- 135** **Proposta de candidato á presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Cuarto e definitivo intento)**

21 de febreiro de 1986

- 137** **Debate e votación da moción de censura presentada polos 22 deputados adscritos ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia para esixir responsabilidade política da Xunta, do seu Presidente e dos Conselleiros, que inclúe a don Fernando González Laxe como candidato á presidencia da Xunta**

23 de setembro de 1987

A MODO DE PRESENTACIÓN
**UNHA COLECCIÓN
NECESARIA**

«Discursos Parlamentarios» é unha colección que nace coa intención de compilar dunha forma ordenada, rigorosa e ben estruturada as principais intervencións dos presidentes da Xunta ante o Parlamento de Galicia ao longo da nosa historia máis recente.

Os programas de goberno e as tomas de posesión, as análises do estado da autonomía e as comparecencias informativas cruciais dos distintos presidentes ante os xenuínos representantes do pobo galego son textos moi relevantes, de fonda significación, cuxa edición sinxela resulta plenamente xustificada polo seu grande interese histórico, político e documental.

Todas e cada unha destas intervencións en momentos especiais da vida galega constitúen pezas mestras da súa pegada de goberno, que o pouso do tempo convida a ler con máis pausa e detemento para a súa mellor comprensión e valoración, seguramente na súa xusta medida.

A metodoloxía aplicada centrouse en recuperar os discursos máis importantes de cada presidente da Xunta de Galicia na súa lexislatura correspondente, tal como foron pronunciados ante a Cámara autonómica, e tal como despois foron recollidos nos seus diarios de sesións.

Os textos aquí incluídos, por tanto, preséntanse perfectamente enmarcados, tanto nas súas datas coma nos seus enunciados, e tamén se corresponden cos seus léxicos orixinais.

Estes «**Discursos Parlamentarios**» non están destinados a historiadores e eruditos, senón que son uns libros de fácil lectura para todos aqueles que sintan curiosidade ou teñan interese polo noso pasado máis recente. Unha época política que observarán a través dos que tiveron en cada momento a enorme posibilidade de estar á fronte do Goberno galego.

Xerardo Fernández Albor abre por dereito propio esta colección na súa condición de primeiro presidente da Xunta de Galicia entre 1982 e 1987. Este primeiro volume recolle un total de doce intervencións súas, seis da primeira lexislatura e cinco da segunda lexislatura, ata a súa substitución por Fernando González Laxe.

Con carácter excepcional pola súa fonda significación, inclúese igualmente o seu primeiro discurso oficial como presidente galego tras a xura do seu cargo na igrexa de San Domingos de Bonaval, fóra por tanto do pazo do Hórreo. Dentro da abundante e meritoria bibliografía que impulsou o Parlamento de Galicia ao longo da súa historia, faltaba unha colección coma esta que agora incorporamos aos nosos fondos para poñer en valor uns textos cruciais.

A este primeiro volume seguirán outros en edicións periódicas, lexislatura a lexislatura, que igualmente englobarán as intervencións máis significativas dos demais presidentes galegos: Fernando González Laxe, Manuel Fraga Iribarne, Emilio Pérez Touriño e Alberto Núñez Feijóo.

Tamén en homenaxe e recoñecemento seu nace esta colección de «**Discursos Parlamentarios**», cuxa presentación me satisface e enche de orgullo moi especialmente.

Pilar Rojo Noguera
Presidenta do Parlamento de Galicia

PRESENTACIÓN DO PERSONAXE

FOTOGRAFÍA DUN PRESIDENTE

Marcelino Agís Villaverde

Canto agacha unha fotografía? Cantas inquedanzas acubilla a poética dun instante? Teño diante de min a histórica fotografía tomada o 21 de xaneiro do ano 1982 na igrexa conventual de San Domingos de Bonaval, a poucos metros do Panteón de Galegos Ilustres. É unha fotografía en branco e negro que recolle o amencer institucional da nosa Autonomía. Á esquerda, de pé e lendo un discurso a través dos seus lentes amplos, está Domingo García-Sabell, intelectual galeguista e delegado do Goberno en Galicia. Á dereita, sentados, dous nomes unidos ao desenvolvemento da Preautonomía: os presidentes José Quiroga Suárez e Antonio Rosón Pérez, encargados da delicada tarefa de abrir camiño. Ao seu carón, repasa as notas do seu discurso de toma de posesión como primeiro presidente autonómico o doutor Xerardo Fernández Albor, respectado cirurxián compostelán que vén de concorrer como cabeza de lista por Alianza Popular (AP) nas primeiras eleccións autonómicas celebradas o 20 de outubro de 1981. E non só iso: contra todo prognóstico, AP acaba de gañar esas eleccións, e Xerardo vai converterse no primeiro presidente autonómico de Galicia. Non é estraño que tente reler un discurso que case sabe de memoria, pero a súa mente, como noutras tantas ocasións, esvaécese na quentura das lembranzas...



O xuramento de Xerardo Fernández Albor.



Un mozo compostelán nos anos da guerra

Xerardo Fernández Albor naceu un 7 de setembro de 1917 no seo dunha familia humilde. Viu a luz no corazón de Santiago de Compostela, nunha rúa do Ensanche hoxe chamada Rúa Nova de Abaixo. Foi o segundo de cinco irmáns e bautizárono na pia bautismal da igrexa de Santa Susana, o mesmo que a súa dona, Asunción Baltar, e os seus fillos. Estuda a primaria no Colexio das Orfas cunhas monxiñas das que Xerardo gardou sempre a mellor das lembranzas. Despois, os estudos de bacharelato na Academia Xelmírez, onde recibiu clases de don José Teijeiro, ao que lembra como «o meu primeiro gran mestre, o primeiro home que nos empezou a falar de Galicia»¹. E, por fin, a universidade.

As augas andan moi revoltas cando comeza os seus estudos universitarios na Facultade de Medicina e Cirurxía da USC e, ao pouco tempo, ten que interrompelo por mor do estoupido da Guerra Civil española. Unha guerra incivil que freou os proxectos do futuro presidente de Galicia e de todos aqueles magníficos mozos da súa xeración que tiveron que sufrila.

Foi o primeiro desafío persoal ao que tivo que enfrontarse. Marchou daquela a Alemaña para instruírse como piloto aéreo, onde acadaría o grao de tenente-piloto de aviación. Mais de novo a truculenta historia europea da primeira metade do século XX xogaríalle unha mala pasada. As cousas pónense moi feas en Alemaña. O ambiente prebélico fai que moitas embaixadas recomenden ós seus cidadáns regresar ós seus países. O comezo da II Guerra Mundial é inminente e Xerardo volve a Santiago, onde rematará a licenciatura en Medicina e Cirurxía.

A formación e a práctica médica

Mais a experiencia de contemplar o mundo dende as alturas, ou as estrelas na noite, como tan belamente nolo contou Antoine de Saint-Exupéry no seu Voo nocturno, tiña inoculado na alma do noso doutor unha nova afección: a de viaxar, ou o que é o mesmo, ter experiencias, que como ben di Ortega y Gasset, equivale a pensar cos pés. Foi así como don Xerardo marchou polo mundo adiante para ampliar estudos. Fixo os cursos de doutoramento en Madrid e obtivo posteriormente o título de doutor en Medicina e Cirurxía na Universidade de Salamanca. Despois virían as estadias en Barcelona, Viena, Londres, París ou Lyon para especializarse en Cirurxía Xeral e Dixestiva.

A docencia universitaria tentouno e mesmo chegou a colaborar como profe-

sor axudante da Cátedra de Cirurxía da Universidade compostelá. Mais o Dr. Albor opta pola práctica da medicina privada, en particular na súa especialidade de Cirurxía Xeral e Dixestiva. A súa carreira e a súa sona foron medrando tanto en Galicia como en España e no estranxeiro. En parte, porque compatibiliza o labor propiamente clínico coa promoción institucional da medicina a través de distintas sociedades científicas nas que se integra ou mesmo contribúe a crear. Un prestixio que medra en paralelo á súa humanidade e sensibilidade pola cultura galega.

Na medicina pública desempeñará o cargo de xefe do Servizo de Cirurxía Xeral do Centro Concepción Arenal da Seguridade Social en Compostela. Pero, sen dúbida, unha das realizacións das que se sente máis orgulloso é o Policlínico «La Rosaleda», un hospital privado e centro asistencial do que foi fundador e director e no que traballou unha selecta nómina de médicos composteláns.

Galeguismo e política

Do seu contacto con Domingo García-Sabell, Ramón Piñeiro, Fermín Penzol e o grupo de intelectuais de Galaxia vai agromar o seu compromiso galeguista, participando na estratexia ben medida de abrir unha fenda para a liberdade a través da cultura. Participa na creación da Sociedade de Desenvolvemento Integral de Galicia e na Editorial SEPT. Forma parte do primeiro padroado da Fundación Penzol e dos padroados das fundacións Rosalía de Castro, Alfredo Brañas, Otero Pedrayo, Castelao, do Instituto da Lingua Galega, do Instituto Galego da Información e do Museo do Pobo Galego.

Co camiño andado no ámbito da medicina, chegou a transición democrática e a política vaino tentar. Primeiro timidamente, como un dos fundadores do Partido Popular Galego (PPG), de vida efémera, integrado na Democracia Cristiana española e internacional. Participa despois con outros intelectuais nas reivindicacións autonomistas do grupo Realidade Galega. Pero o seu paso á política con maiúsculas, a outra gran faceta de Fernández Albor xunto coa medicina, vai producirse ó encabezar as listas de Alianza Popular pola provincia da Coruña nas primeiras eleccións autonómicas, convocadas en outubro de 1981 ó abeiro do recente Estatuto de Autonomía de Galicia.

Un dobre compromiso é o responsable de que Xerardo participe naqueles comicios. En primeiro lugar, a adhesión plena á estratexia de Ramón Piñeiro de que os galeguistas debían integrarse nas listas electorais dos principais partidos políticos, máis que tentar resucitar a experiencia política do Partido Galeguista de preguerra. En segundo lugar, a proposta que a Alianza Popular de

Manuel Fraga lle traslada, primeiro dun xeito informal nun xantar en Xanceda, na casa de Augusto Assía e a súa dona M.^a Victoria Fernández España (Totora), e despois de xeito explícito cando están a piques de pecharse as listas electorais. Finalmente, don Xerardo integrárase como independente, encabezando as listas pola provincia da Coruña².

Naqueles anos da Transición, nos que o partido hexemónico en España e en Galicia era a UCD, ninguén pensaba que AP gañaría aquelas primeiras eleccións autonómicas. «Perder estas eleccións sería como si cambiase el curso del Amazonas», afirmou don José Quiroga, último presidente da Preautonomía e candidato de UCD á Xunta de Galicia naquelas eleccións de 1981. Mais velai que Xerardo Fernández Albor fixo historia e cambiou o curso do Amazonas, obtendo Alianza Popular 26 deputados, seguido de UCD con 24, 16 ó PSOE, 3 o Bloque, 1 Esquerda Galega e 1 o PCG.

O Parlamento saído daquelas eleccións constitúese un 19 de decembro de 1981, o mesmo ano —cómpre lembrar, para debuxar o contexto político en España— da dimisión de Adolfo Suárez, do golpe de Estado de Tejero e da toma de posesión de Leopoldo Calvo Sotelo como presidente do Goberno. Alianza Popular levou adiante as negociacións para formar goberno, na súa condición de forza política máis votada. De xeito que na sesión de investidura celebrada os días 7 e 8 de xaneiro de 1982, saíra elixido por maioría Xerardo Fernández Albor como primeiro presidente da Galicia autónoma, co apoio non só do seu partido senón dos galeguistas independentes do PSOE: Ramón Piñeiro, Benxamín Casal e Carlos Casares. Alfredo Conde optou pola abstención co mesmo sentido de non impedir a investidura. Era o primeiro presidente de Galicia e debía saír co máximo apoio, argumentou Ramón Piñeiro naquela histórica sesión parlamentaria.

O legado político: a Galicia crible

Foron varias e importantes as leis promovidas naquela primeira lexislatura, algunha delas co apoio de todos os grupos parlamentarios, caso da Lei de normalización lingüística (1983) ou a Lei de símbolos de Galicia (1984), presentes neste libro a través dos discursos pronunciados na Cámara polo presidente Fernández Albor. Tamén houbo acertos incuestionables que contribuíron a poñer os alicerces da Autonomía e a facela crible, malia arrancar

2. Xerardo cóntao en primeira persoa no capítulo «Galeguismo e democracia: as miñas lembranzas de Ramón Piñeiro», en Agís Villaverde, M. e Freire Garabal, M. (eds.): *Galicia 25 anos despois. Homenaxe a Xerardo Fernández Albor*, Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2009, p. 37.

cun orzamento exíguo. Entre outros: a creación dos Edificios Administrativos da Xunta de Galicia en San Caetano; a batalla para que Santiago de Compostela fose a capital de Galicia; a creación do Consello da Cultura Galega no ano 1983, cuxo primeiro presidente foi don Ramón Piñeiro López; a creación da Radio Galega e da Televisión de Galicia e dun moderno edificio en San Marcos dende onde ambas comezaron as súas emisións no ano 1985; ou as xestións realizadas para que o Parlamento de Galicia contase cunha sede estable e digna nun edificio da rúa do Hórreo que Montero Ríos concibira como sede da Escola de Veterinaria e que despois sería cuartel de artillería³. Tamén no eido educativo, a Xunta de Galicia, da man de Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, conselleiro do ramo, traballou arreo para erradicar o analfabetismo, impulsando a creación dun importante número de centros educativos.

O presidente Fernández Albor tivo tamén moi presente nos seus mandatos a Galicia Exterior, visitando a emigración galega en varias viaxes institucionais que amosaron a súa sensibilidade coa América que vira nacer á súa nai e que acollera os nosos compatriotas. Foi a etapa na que se logrou poñer en relación a todos os centros galegos entre si e con Galicia. E, por suposto, a creación das primeiras infraestruturas promovidas pola Autonomía, entre as que figuran portos, estradas e pontes, algunha tan emblemática como a que cruzou a ría de Arousa para comunicar a illa de Arousa. Un conxunto de obras que falan da eficacia e eficiencia dun goberno que contaba cun orzamento anual ben pequeno.

Con todo, coido que un dos maiores servizos de Xerardo Fernández Albor á Autonomía foi a dignificación de Galicia como realidade política. O Dr. Fernández Albor soubo trasladar á Xunta de Galicia o seu ben gañado prestixio persoal e profesional ata conseguir que a cidadanía percibise a administración autonómica como unha institución necesaria para o progreso de Galicia. Hai un dato obxectivo que fala da adhesión do pobo galego, conquistada naqueles primeiros anos da particular transición galega que pilotou don Xerardo: rematado o seu primeiro mandato e convocadas as correspondentes eleccións autonómicas, que se celebrarían un 24 de novembro de 1985, a Coalición Popular encabezada por Xerardo Fernández Albor mellora en 10 puntos porcentuais os resultados do ano 1981.

Como se pode explicar unha subida tan espectacular? Sen dúbida, sociólogos e politólogos falarán do alto contido autonomista do pacto que deu

3. O edificio será inaugurado, logo das correspondentes obras de remodelación, en 1989, dous anos despois de ter abandonado a presidencia da Xunta de Galicia o Dr. Fernández Albor.

lugar ao nacemento da Coalición Popular e doutros factores que teñen que ver coa desaparición da UCD do mapa político español e coa integración de moitos dos seus nomes sobranceiros en Alianza Popular, ou co tirón electoral de Manuel Fraga, que se implica activamente nas campañas electorais galegas. Teño a firme convicción de que a estes elementos hai que engadirllas a achega persoal realizada por Xerardo Fernández Albor.

«Gobernar Galicia, partindo practicamente da nada —escribe don Xerardo—, requiriu dunha gran imaxinación e audacia, tanto para estruturar a administración como para formar equipos. O presidente da Xunta de Galicia era como un director de orquestra que debía coidar de que a melodía autonómica soase sen estridencias e sen permitir que as individualidades estragasen o traballo de toda a orquestra»⁴.

Finalmente esas estridencias e individualidades, das que falaba Fernández Albor, impuxéronse e en 1987 triunfou unha moción de censura presentada polo candidato socialista Fernando González Laxe, co apoio de Coalición Galega e do Partido Nacionalista Galego, formando un goberno tripartito de coalición o 27 de setembro de 1987, de vida efémera, ao que puxo punto final a vitoria electoral por maioría absoluta de Manuel Fraga nas eleccións autonómicas de 1990. Desta circunstancia, certamente anómala, da nosa Autonomía, paga a pena rescatar o discurso pronunciado polo presidente Fernández Albor no transcurso da moción de censura. Nel apreciamos o seu desexo de antepoñer os intereses xerais de Galicia a calquera visión minifundista da política.

Un final entre liñas

Como é ben sabido, a actividade política do primeiro presidente da Autonomía galega aínda tería un luminoso capítulo en Europa, que comeza en 1989 cando é elixido deputado no Parlamento Europeo. Xerardo terá contribucións decisivas para a futura Unión Europea e dende ela tamén mirará para Galicia e para América. No transcurso da súa primeira lexislatura como europarlamentario, ocupará a presidencia da comisión creada para a reunificación de Alemaña, labor polo que será recoñecido polo Goberno alemán que lle outorgou a Gran Cruz do Mérito con Estrela da Orde do Mérito da República Federal de Alemaña. Na súa segunda lexislatura na Cámara europea, a partir do ano 1994, presidirá, co apoio de todos os grupos políticos, a Comisión de Asuntos Exteriores e será o vicepresidente da Delegación América do Sur e Mercosur

4. Fernández Albor, X.: «A invención política de Galicia», en Agís Villaverde, M.: 30 anos de Autonomía, Edicións Correo, Santiago de Compostela 2014, p. 21.

no Parlamento Europeo. Foi tamén o presidente e fundador do Intergrupo Camiño de Santiago no Parlamento Europeo, grupo do que anos despois sería nomeado Presidente de Honor, sendo presidente o eurodeputado galego Francisco Millán Mon.

Mais esta é outra historia que cómpre pospoñer para volver de novo á fotografía da investidura de Xerardo Fernández Albor en San Domingos de Bonaval como primeiro presidente autonómico da Xunta de Galicia. Un tempo que podemos reconstruír, en parte, coa lectura dos discursos e intervencións parlamentarias que recolle este libro. A prudencia do Dr. Fernández Albor fíxoo renunciar, ata o día de hoxe, a escribir unha autobiografía política, tan de moda nos últimos tempos. Pero quédanos, iso si, esa histórica fotografía en Bonaval, testemuño silencioso en papel sepia, que nos fala da responsabilidade dun home que se entregou a Galicia sen condicións, nun momento delicado da súa historia, para facer posible un soño que moitas xeracións de galeguistas tan só puideran aloumiñar como utopía: o do autogoberno da nosa terra, nunha España descentralizada e integrada no contexto cultural europeo.

Xerardo Fernández Albor foi a persoa encargada de facer este soño realidade. Entre as liñas daquel discurso de investidura podíao ler, podémolo ler todos...

1981-1985
PRIMEIRA
LEXISLATURA

DISCURSO DE INVESTIDURA PRONUNCIADO DIANTE DO PARLAMENTO DE GALICIA POLO CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

7 de xaneiro de 1982

Señor Presidente, señoras e señores deputados:

No intre de comparecer diante das súas Señorías como candidato á Presidencia da primeira Xunta Autonómica de Galicia, e denantes de escomenza-la exposición do meu Programa de goberno, pra solicita-la confianza da Cámara, de acordo co establecido no artigo 15 do Estatuto, quero adica-las miñas primeiras verbas a render unha fonda e sentida homenaxe a cantos galegos de onte e de hoxe contribuíron á defensa da identidade de Galicia e a crea-las condicións xurídicas, políticas, económicas e sociais pra que hoxe accedamos ó autogoberno.

Eles abríronnos un camiño de esperanza e responsabilidade pra que, facéndonos hoxe protagonistas desta etapa histórica, academos meirandes cotas de benestar nun marco de convivencia pacífica e democrática.

Dun xeito especial, quero lembrar ós que, pola súa adicación ó estudo da lingua, das artes, e da historia de Galicia, e pola súa entrega ás tarefas da vida pública, contribuíron ó progreso de Galicia e fixeron que a personalidade de Galicia poida discernirse claramente no conxunto dos pobos de España e do mundo.

Pasan diante nosa, neste intre, os historiadores, que nos axudaron a percurar orientación nas raigames do noso propio pasado; os poetas, que cantaron

en versos comprometidos a dramática realidade social da Galicia emigrante, mariñeira e campesina; os políticos e homes públicos que se esforzaron polo noso benestar e fixeron real o fondo contido da galegitude; os músicos e artistas, os sabios e santos que foron construíndo día a día unha Galicia viva; os canteiros anónimos, que sementaron de cruces de pedra as encrucilladas dos camiños; cantos, preto ou lonxe de nós, souberon manter un sereo compromiso galego de servizo ó noso pobo.

A eles quero adicarlles a miña primeira voz nesta Cámara de infindas resoancias e convertila en promesa de traballo, en garantía de unidade, en afán de continuidade, en solicitude de axuda a cantos coidan que, por enriba de ideas e estratexias políticas, existe unha realidade á que chamamos Galicia. Dirixo tamén, con fonda emoción, un saúdo ós galegos que fóra de Galicia soñan na súa mellora, viven cavilando nela e teñen os ollos postos en nós pra nos dar azos e tamén pra nos vulgar.

Adico un sentido pensamento ós Centros Galegos, Casas de Galicia e asociacións dos nosos municipios na emigración, que veñen demostrando a nosa capacidade de esforzo común pra solución dos nosos problemas xerais da convivencia, e especialmente aqueles que plantexan o feito de vivir en Sociedades alleas, con xeitos culturais diferentes.

Dalgunha forma, cidades como Bos Aires, como Caracas ou A Habana, atópanse tan preto de nós coma esta cidade de Compostela na que hoxe estamos.

Tamén quero saudar ós non galegos que aquí viven e connosco traballan, axudándonos a ergue-la nosa terra. Cando eu falo —e falarei aquí de galegos— a eles tamén me refiro.

Dentro das posibilidades que por tempo e natureza me oferta esta intervención, soamente quixera tracexa-las coordenadas xerais da vindeira acción de goberno e suliña-los seus obxectivos fundamentais, sobardando os supostos do programa de Alianza Popular de Galicia con toda xenerosidade, pra poder así exercita-la presidencia en servizo de toda Galicia e de tódolos galegos.

Ninguén pode ter dúbida de que a nosa terra, desde as súas orixes ata que o Reino de Galicia se integra na Coroa española, foi sempre sobranceira polos marcados riscos da súa personalidade no xeográfico e no político, no cultural e no lingüístico, na súa etnia e nas manifestacións relixiosas, no seu ser interno e na súa proxección externa, ata o punto que constitúe hoxe cecais a comunidade autónoma de mais nidos contornos. Pro temos que recoñecer que existiron e existen grandes trabas pra darlle formulación política a esa clara conciencia que o pobo ten da súa galegitude.

Así, vivimos no contrasentido de ser, por unha banda, devanceiros dos movementos rexionais da España contemporánea, ó tempo que ollamos unha certa desconfianza na institucionalización política de Galicia como comunidade autónoma, que dificulta o propio desenvolvemento mediante o exercicio responsable da cidadanía.

Nembargantes, Galicia percorreu o accidentado camiño da súa autonomía, e hoxe ten neste Parlamento unha voz independente que fará chega-la chamada ó traballo e á responsabilidade a cantos, dentro e fóra, manteñen vivo o feito de ser galegos.

Coido que a Autonomía, como sistema de organización do Estado, é un obxectivo básico e transcendental da actual etapa política, polo que o Goberno contribuirá no posible a clarear e consolida-lo mapa autonómico, ó tempo que defenderá pra Galicia plena garantía no exercicio dos seus dereitos namentres se manteña no modelo establecido pola vixente Constitución.

Se obtivo a confianza desta Cámara, velarei pra que os reaxustes lexislativos que hoxe pretenden reconducir-lo modelo autonómico se fagan sin merma dos dereitos adquiridos por Galicia, xa que entendo que o Estatuto debe ser plenamente respetado como norma fundamental de Galicia, ratificada en referendun e integrada no corpo xurídico do Estado.

A nosa responsabilidade de autogoberno chega nun intre de crise económica e de orientación política que afecta a toda España, namentres resolve con traballo a súa transición política nun contexto mundial nada favorable.

Acepto este compromiso recoñecendo en España unha soa nación, de realidade plural, formada por mulleres e homes que atopan na experiencia do seu pasado valioso, o alicerce pra constituír unha sociedade máis próspera e humana.

Axiña han cumprirse os noventa anos desde que Alfredo Brañas pronunciara no paraninfo da Universidade Compostelá a lección inaugural do curso, que tiña por título «La crisis económica en la época presente y la descentralización regional», na que expoñía en dezaseis puntos un programa rexionalista. Quero lembrar aquí este acontecemento pra que sirva como instrumento de superación da controversia entre o nacionalismo e o rexionalismo, sulinando que o tema de fondo está na competencia real e nas posibilidades que se nos dan pra dirixi-los destinos da nosa terra, facendo cada vez menos problemas do nome con que se sinale esta gozosa realidade.

Se formo Goberno, tencioarei de darlle a Galicia tódalas ferramentas precisas pra traxela-lo seu camiño, porque son consciente de que sómoslos galegos, en verbas de Castelao, «os únicos capaces de darlle luz á súa noite, pan ás

súas demandas, dignidade á súa vida». Coido que todo isto é posible sin forza-lo sistema establecido na Constitución, e mesmo compatible co clarexamento do Título VIII da mesma, sin cuestiona-la integración solidaria dos pobos de España. Sinxelamente, creo na solución autonómica, porque dun xeito práctico achega o poder e a administración ós cidadáns e fai posible o emprego dos recursos humanos e económicos con meirande racionalidade. Tamén creo na Autonomía por principio, porque fai da liberdade e da iniciativa persoal unha canle de progreso e porque é unha expresión de democracia, na medida en que respeta as entidades territoriais menores.

Chegado o momento de gobernar Galicia seguindo o modelo autonómico, é preciso que actuemos con circio respecto ós principios que vertebran o Estado Autonómico, mantendo fidelidade ó mesmo, comprendendo os seus presupostos e acadando as súas limitacións pra podermos así levar a cabo unha eficiente actuación pública. A Comunidade Autónoma endexamais deberá ser algo illado do contexto da Administración do Estado, e, pola contra, terá que ser un complemento pra atender ás graves preocupacións que desacougan á nosa sociedade. Fariamos un cativo favor ó noso pobo se matinaramos na Autonomía como nun eido acoutado prá nosa dispoñibilidade exclusiva, fuxindo da cooperación externa.

O Estado Autonómico deberá acadar un artellamento lóxico das decisións públicas prá consecución dos obxectivos de interés xeral, e non derivar nun mosaico variedade de decisións contraditorias.

Coido que a cooperación é algo básico na Autonomía. O noso autogoberno, que hoxe se xustifica polas esixencias de toda orde que temos posto de manifesto, ha de lexitimarse tamén nos días vindeiros por dar unha solución eficaz e práctica ós nosos problemas. Estamos cheos de razóns pra dispór de institucións de autogoberno, pro temos que darlle mais forteza. E cabe sinalar, como dúas fontes novas de lexitimación inmediata, a eficiencia e a flexibilidade das institucións, na percura de meirande benestar polo camiño da participación cidadá.

Neste intre, e resaltando a constitucionalidade do modelo autonómico que pretendemos implantar, cómpreme ergue-la voz desde este Parlamento de Galicia pra facer explícita manifestación de acatamento da Constitución que tódolos españois nos demos a nós mesmos, e de defensa do modelo democrático e político que sinala pró desenrolo da convivencia dos españois. Idéntica manifestación de fidelidade quero facer á Coroa, en quen se simboliza a unidade e permanencia do Estado Constitucional, e de lealtade e respecto á

persoa de D. Juan Carlos I, que con tanta dignidade e espírito de servicio desempeña a súa maxistratura.

A creación da administración autonómica traerá consigo unha recomposición de administracións públicas, mantendo os órganos de probada eficacia operativa que sexan asimilables na idea autonómica, e suprimindo aquela parte da organización propia dun sistema centralizado ou aqueloutra que supoña a coexistencia no noso territorio dunha duplicidade de competencias entre os órganos autonómicos e os centrais, salvando sempre os casos estritamente necesarios prá salvagarda do interés xeral.

Na mesma liña, teremos especial cuidado na coordinación da administración rexional coa administración local galega.

Pra conseguirmos estes obxectivos, e pra fuxirmos do perigo da burocratización excesiva do aparato público autonómico, teremos de ser non só severos con nós mesmos, senón tamén fortemente reivindicativos fronte á Administración Central pra que acepte de cheo a substitución do seu propio aparato polo da Comunidade Autónoma, de xeito que, coas salvedades devanditas, quede excluída de forma inmediata a duplicación dos servicios.

Tamén é propósito do Goberno, afondando nas ideas que acabo de expoñer, consolidar un funcionariado propio que atenda ós sectores da súa administración que se configuren en función das peculiaridades culturais, económicas e sociais de Galicia, sempre sin perxuicio das solucións transitorias relacionadas co funcionariado do Estado establecido en Galicia, ó que garantizamos, na medida en que esta garantía nos compete, un tratamento xusto e un esforzo constante pra mellora-las súas condicións, recoñecendo neles un labor que califiquemos de inestimable e imprescindible.

Con desexo de atender ó mellor funcionamento da Administración Autónoma, e á promoción do funcionariado residente en Galicia, o Goberno percurará a creación dunha Escola Galega de Administración Pública e Estudos Políticos, que en colaboración coa Universidade e demais Institucións sirva pra afondar na investigación dos modelos aplicables á xestión pública en Galicia de acordo coas súas peculiaridades.

Non quixera rematar este punto referente ó contexto administrativo do Goberno Autónomo, sin facer unha referencia á Administración Local galega, a personalidade xurídica da cal ha de ser integrada pola Xunta nunha acción común que teña por fin o interés de Galicia.

Prá realización do modelo político e administrativo que acabo de expoñer, o meu Goberno —se son elixido— asumirá con carácter primordial a tarefa

de impulsar un proceso lexislativo en tódalas vertentes, que sirva pra afianzar entre nós a súa conciencia de comunidade política, que garantice a permanencia da Comunidade Autónoma como tal, que dea prestixio ás Institucións, facendo delas camiño de participación, e que traia a recuperación das nosas peculiaridades xurídicas e a revalorización dos modelos de estrutura social e humana.

Debemos ser todos conscientes de que o desenrolo do Estatuto require un esforzo lexislativo importante, a iniciativa do cal corresponderá fundamentalmente ó Goberno; igualmente, arrequéxase a redacción dunha longa serie de Proxectos de Lei que han de servir pra facilita-la tarefa de goberno. Ben sei que esta inxente tarefa lexislativa esperta hoxe algúns receos, pro eu coido que esta Cámara está disposta a protagonizar este intre no que temos que tirar tódalas consecuencias que prá Comunidade Autónoma se derivan do Estatuto.

E o meu propósito que tódalas leis que o Estatuto sinala sexan aprobadas nesta lexislatura, dando prioridade ás que se refiren directamente ó funcionamento das Institucións xa vixentes, e as que porán en vigor a nova organización territorial galega.

Ademais dun plantexamento político claro, dunha iniciativa lexislativa responsablemente exercida e da creación dun aparato administrativo capaz de apuralas posibilidades derivadas da Autonomía, temos sobor de nós o reto de negocia-lo traspaso de competencias a Galicia.

O mais elemental realismo político obríganos a actuar con ritmo acorde coas posibilidades de cada intre á hora de asumir-las competencias que nos transfiran, impedindo así un posible desequilibrio entre a autonomía legal ou teórica e a autonomía real ou práctica, sempre co nido obxectivo de acceder a un nivel de autogoberno tan fondo como a Constitución e o Estatuto o permitan. E o meu propósito que a Comisión Mixta de Transferencias determine, no prazo dun ano, o término no que se completará o traspaso dos servicios que correspondan á Comunidade Autónoma Galega, abreviando sustancialmente os prazos legais establecidos polo Estatuto.

Nembargantes, quero deixar claro que non asumiremos ningunha competencia se antes non temos asegurada a dotación presupostaria necesaria pra levala a efecto.

Plantexado xa en términos xerais o modelo político, cómpre agora facer referencia ó modelo económico e social no que se terá que desenrola-la actividade do Goberno. Quero deixar constancia de que asumo de cheo o

modelo de economía social de mercado, impulsada pola iniciativa privada, con liberdade de empresa e con tódolos dereitos que a Constitución recoñece ós traballadores. Coido que este modelo económico, susceptible de melloras e en continua evolución, é compatible totalmente coa liberdade política e coa orde democrática, e que ten demostrado meirande eficacia, permitindo ós países que o detentan acadar máximos niveis de desenvolvemento nun marco de liberdade e xusticia.

O Goberno Galego esforzarase para crear as condicións precisas para un mellor e máis acelerado crecemento do benestar económico e social, e intervirá na economía soamente con carácter subsidiario, sin que iso signifique renunciar ás posibilidades establecidas nos artigos 28 e 30 do Estatuto, relacionadas co Sector Público e co fomento e planificación da actividade económica en Galicia.

A actuación do Goberno dirixirase principalmente a aqueles sectores básicos para a economía rexional nos que a iniciativa privada non chega a satisfacer a demanda dos individuos ou dos restantes sectores produtivos, e tamén se centrará nos sectores que requexan transformacións estruturais ou readaptacións profundas que, pola súa natureza ou polos seus altos custos, deban levarse a cabo coa axuda, ou baixo a orientación, do Sector Público. Como obxecto especial de atención, cómpre mencionar xa o sector primario, tanto no ámbito agrícola e gandeiro coma no pesqueiro e forestal, en razón da fonda crise estrutural pola que atravesamos.

O Goberno apoiará e asesorará a iniciativa privada para que poida facer axiña as transformacións que o sector require para o futuro de Galicia e a integración da súa economía na Comunidade Económica Europea.

No sector secundario, potenciaranse as industrias alimentarias de primeira liña, e as iniciativas que xurdan para incrementar a produción enerxética e o seu aproveitamento por industrias asentadas aquí e que cumpran nela o ciclo total das transformacións da materia prima. A política enerxética rexional orientarase ó aproveitamento das altas disponibilidades enerxéticas de Galicia como un incentivo particularmente importante para atraer industrias e novas inversións.

Tamén coidaremos de que a política industrial sirva para correxir os fortes desequilibrios territoriais no desenvolvemento económico de Galicia, e para fomentar as actividades de maiores coeficientes de absorción de man de obra, como medio eficaz na política de emprego e na loita contra o paro.

No referente ó sector terciario, incentivarase a creación de servizos sociais e culturais, e dun xeito especial os relacionados co desenvolvemento e a promoción da cultura galega.

Todo isto sin esquecer-la crecente importancia que ten o sector terciario no conxunto da economía, e especialmente teño que mencionar ó sector turístico.

Pechando este apartado das grandes liñas mestras que rexirán a nosa política económica, quero expoñer diante das súas Señorías a preocupación que sinto diante do proceso de reformas que haberá de afectar a tódolos sectores sin excepción, prá súa reestruturación en orde á integración de España na Comunidade Económica Europea. O Goberno Galego apoiará todo tipo de iniciativas prá homologación dos produtos e servicios nos mercados europeos, e pra acrecenta-los niveis de competitividade das nosas empresas.

Detrás de calquera programa de goberno, e mesmo de calquera declaración xenérica de intencións, debe haber sempre un estudio realista dos medios de que se dispón pra levalo a cabo. Son consciente de que o problema dos recursos da Comunidade Autónoma é fundamental, e de que o seu tratamento require sempre, ademais dos informes técnicos oportunos, un anxeio político de servizo á comunidade.

A política fiscal do Goberno Galego parte do coñecemento das limitacións impostas en primeiro lugar pola Constitución, que só confire ás Facendas Públicas, que ten que acadar ó mesmo tempo diferentes obxectivos que serían irreconciliables entre si se a autonomía financeira, en vez de limitarse nos seus xustos términos a garantiza-los recursos necesarios pró desenrolo das funcións asumidas polo Goberno, se convirte nun desexo incontrolado de acrecenta-los ingresos propios.

Coido que o poder tributario das Comunidades Autónomas ten, ademais dun gran significado político, un importante carácter instrumental, cal é o de achegar fondos pró funcionamento da propia Autonomía, obxectivo que terá que realizarse do xeito menos perturbador posible prós contribuíntes e prá Facenda Pública.

Diante do feito imprevisible de que os impostos transferidos non cubran con suficiencia as necesidades dos servicios públicos, a Lei Orgánica de Financiación das Comunidades Autónomas prevé a complementación destes ingresos mediante unha porcentaxe de participación nos impostos do Estado. Compriría, en primeiro lugar, unha reforma da devandita Lei que permitise definir claramente esa porcentaxe de participación, xa que de acordo co lexislado ata agora, esta importantísima fonte de ingresos só pode chegar a concretarse a través dun difícil proceso de negociación entre a Administración Estatal e a Autónoma. Nesta negociación Galicia atópase en situación de desvantaxa respecto a outras Comunidades Autónomas, e mesmo respecto á

media nacional, en case tódolos parámetros socio-métricos que determinarán a porcentaxe de participación de Galicia nos ingresos do Estado.

O noso coeficiente de poboación, o baixo nivel de servizos, o feito de que a renda por habitante sexa inferior á media nacional en cáseque un 30 %, os fortes déficits en servizos sociais e infraestruturas, os altos custos por habitante nos servizos públicos, en razón dos déficits devanditos e das peculiaridades dos asentamentos da poboación rural, son razóns suficientes pra esixir unha participación xusta nos ingresos do Estado que compense ó pobo galego do crédito fiscal histórico que mantén fronte a Administración Central.

No mais elemental, o sistema financeiro establecido na LOFCA prevé a cobertura total de custos dos servizos públicos que sexan transferidos polo Estado ó Goberno rexional, quen deberá mante-lo actual nivel sin que de ningún xeito, nin baixo ningún gallo, se poidan xerar maiores custos pró cidadán nin dificultades financeiras en ningún terreo.

Pro temos que ir mais alá na nosa xestión fianciera, e contempla-las posibilidades reais de mellora no nivel de servizos baseándonos nunha administración mais racional, xusta e eficaz dos impostos cedidos polo Estado de acordo co ritmo de asunción de competencias pola Comunidade Autónoma, sin necesidade de acudir a novos gravames nin a recargos sobor dos que xa existen.

O mecanismo de transferencias de recursos financeiros do Estado que adoptou finalmente a LOFCA, baseado no custo efectivo dos servizos prestados polo Estado no intre da transferencia, consolida unha distribución territorial do gasto público que perxudica a Galicia e a outras Comunidades Autónomas pouco desenroladas, co nivel de prestación por baixo da media nacional.

O Goberno Galego, aínda que aceptará provisionalmente esta fórmula pola súa operatividade e sinxeleza, percurará solucións mais xustas no futuro, tales como a aplicación do custo medio dos servizos a nivel nacional. Igualmente témo-lo rexo propósito de solicitar das Cortes Xerais unha reforma da LOFCA que defina claramente qué servizos públicos son considerados fundamentais, e qué nivel mínimo de prestacións se deben garantir nos devanditos servizos.

Prá solución destas cuestións fundamentais pró futuro da Comunidade Autónoma dun xeito democrático, defenderemos no marco da LOFCA e a Disposición Transitoria V do Estatuto de Galicia, que os membros das Comisións Mixtas de transferencias estean representados na Comisión Mixta Paritaria encargada de negocia-la porcentaxe de participación de Galicia nos impostos estatais non cedidos ás Comunidades Autónomas.

Con meirande realismo temos que recoñecer aquí que a homologación de Galicia coas restantes Comunidades Autónomas en canto a servizos públicos, que asumimos coma unha das nosas sobranceiras responsabilidades, terá que ser contemplada como obxectivo a medio prazo e non como unha realidade axiña materializable, sobor de todo se, tal como queremos, se acada sin grandes incrementos da presión fiscal e do Gasto Público nos vindeiros anos.

No referente á autonomía financeira, propiamente dita, en tanto que posibilidade de recaudación de recursos propios, dentro da suliñada política de limitación do Gasto Público, o Goberno Galego tenderá a crea-los menos novos impostos posibles, e a que, no suposto de que foran imprescindibles, non recaian no ámbito da actividade que incrementa a produción e o emprego. E isto querémolo así, sabedores do especial intre económico polo que atravesamos o país e conscientes dos imperativos da política de relanzamento económico; e querémolo tamén así porque estas figuras impositivas teñen efectos facilmente trasladables a zonas distintas da comunidade autónoma onde deben permanecer por razóns elementais de xusticia distributiva.

Polo que afecta ós recargos sobor dos impostos estatais, que poderían constituí-la vía mais importante da expansión financeira da Comunidade Autónoma, tencioamos evitar no posible recorrer a esta forma de incremento dos ingresos, xa que ó redistribuírse a carga tributaria entre os cidadáns de acordo coas preferencias da Comunidade Autónoma, xerárase de xeito inmediato unha situación de competencia fiscal que sempre perxudicaría ás Comunidades de menores recursos.

Non obstante, o Goberno galego fará uso desta posibilidade sempre que sexa necesaria pra mante-la situación de paridade fiscal en Galicia respecto das outras Comunidades Autónomas.

Réstame referirme a unha terceira vía de financiación sostida polo principio de solidariedade interrexional: o Fondo de Compensación Interterritorial, que terá que ser sin dúbida a figura mais importante, a medio e longo prazo, pra financiación dos proxectos rexionais de desenrolo.

Desde a perspectiva galega, teño que lamentar unha vez mais que a LOFCA presente neste punto as meirandes ambigüedades xa que non especifica a forma en que se deberá distribuír, limitándose a apuntar algunhas das variables en función das cales haberán de asignarse estes fondos ás Comunidades Autónomas.

Considero urxente a aclaración, e indispensable a participación dos Gobernos autonómicos nas decisións sobor da materialización dos proxectos de

inversión con cargo ó Fondo de Compensación, así coma nas iniciativas prá súa elaboración e prá coordinación dos plans rexionais.

Soamente sobor destas condicións, poderá falarse dun auténtico Fondo de Compensación Interterritorial que sirva pra loitar eficazmente contra as situacións de desenrolo imperantes en Galicia e noutras rexións de España. De non se facer así, tal fondo virá a ser unicamente unha mera descentralización de certo número de partidas presupostarias xa denantes previstas polos distintos Ministerios.

O alto ruralismo é tamén algo a ter en conta á hora de evalua-las necesidades de inversión pública en Galicia, polo que deberá tamén quedar suficientemente clarexado que as inversións necesarias prá atención dos servicios mínimos deberán financiarse exclusivamente mediante ingresos correntes, é decir, polos impostos cedidos á Comunidade e pola participación nos ingresos do Goberno estatal, pra poder así adica-lo fondo integramente a proxectos de creación de infraestruturas recollidos nos plans de desenrolo rexional.

Dun xeito semellante teremos de solicitar do Goberno Central que o resto da inversión pública se faga tamén de acordo co principio de solidariedade interrexional, pra que a actuación do Estado Central non anule os efectos redistributivos do devandito fondo.

Baixo este mesmo epígrafe adicado á política fiscal galega, quero sulñar agora as relacións que deberán existir entre o Goberno Autónomo e os entes locais. De acordo coa interpretación do Estatuto Galego sostida polo meu grupo parlamentario, a descentralización do Estado só se acada plenamente potenciando, ademais da Autonomía rexional, á dos entes locais menores, polo cal haberemos de ter en conta as facendas locais nos futuros plans financeiros do Goberno Autónomo.

Aínda que o artigo 142 da Constitución, que recolle as posibilidades de que as Facendas Locais participen dos recursos das Comunidades Autónomas, non acadou unha redacción precisa, considero indispensable o atender ás necesidades das Corporacións Locais, tanto a través da participación das mesmas nos tributos propios da Comunidade, como tamén, e de xeito mais importante, perante as transferencias efectuadas con cargo ó Fondo de Compensación Interterritorial, sempre e cando estes recursos estean destinados á financiación de proxectos de ámbito local ou comarcal, e cando así o acorde este Parlamento. En todo caso, estas transferencias faranse sempre seguindo estritos criterios de bondade económica e social, con independencia de cal sexa o Grupo Político que detente o poder na Corporación.



Sesión plenaria no pazo de Xelmírez,
primeira sede do Parlamento de Galicia.



Se ata agora falei de como artellar unha acción de goberno, é preciso tracexar seguidamente un esquema de actuación por sectores que deixe claro diante das súas Señorías cal é o plan de prioridades que o meu Goberno pretende establecer.

Dado que as grandes liñas nas que se resolve a convivencia social e política dos galegos veñen tracexadas pola Constitución, non hai dúbida que o centro das nosas cavilacións está hoxe na crise económica pola que atravesa Galicia, inserta noutra crise xeneralizada que afecta á práctica totalidade das nacións occidentais.

Coido que é indiscutible a absoluta prioridade que arrequeixa neste intre a nosa debecida situación económica, polo que esta será a primeira tarefa do Goberno Galego no futuro, enmarcado nela o plan de actuacións sectoriais que, de xeito necesariamente breve, expoñerei a continuación.

Levamos anos escoitando que a economía do país está mal; e non só está mal agora, senón que nos atopamos inmersos nun proceso de deterioro constante que escomenza nos primeiros anos da década dos setenta e abrangue xa cáseque unha década, convertíndose nunha profunda crise que non puido ser freada, xa que nin os estamentos políticos nin os económicos foron capaces de xerar unhas bases mínimas prá súa superación mediante as transformacións estruturais imprescindibles nunha etapa na que gran parte dos supostos fundamentais están en franca transformación.

A política económica seguida ata agora, a pesares de conseguí-la moderación das taxas de inflación e do crecente deterioro da balanza de pagos, non acadou nin siquiera indicios de recuperación da demanda nin da actividade económica.

No concreto caso galego, a crise económica adquire unhas características propias, particularmente graves en razón da súa tradicional subordinación respecto ó sistema económico xeral e á conseguinte endebleza dun sistema produtivo de economía periférica que xurdiu, creceu e se desenrolou, non en función dos seus intereses e necesidades propias, senón ó servizo dun desenrolo económico e industrial externo á economía galega.

Así pois, Galicia atópase afectada pola crise económica xeral, non en tanto que economía industrial desenrolada, senón, e isto é mais grave, como economía primaria exportadora de materias primas, que olla como se frustra o seu recén escomenzado despegue industrial.

As institucións autónomas, e en especial o Goberno Galego, imos herdar tódolos pasivos xerados no pasado, e non sería xusto que tiveramos que asumir integramente os altísimos custos da crise sin facer unha chamada nidiamente

esixente ó Goberno Central pra que se comprometa a facer en Galicia un plan especial de inversións con cargo ós seus propios presupostos, que axude a paliar-la grave situación de partida das nosas institucións rexionais.

O Goberno Central deberá ter presentes as aldraxes comparativas sufridas por Galicia ó longo da súa historia e cooperar xenerosamente cos plans de desenvolvemento rexional, naqueles sectores máis maltreitos da nosa economía.

A Galicia deberá axudarse por primeira vez a aproveitar de cheo os factores que a favorecen na orde económica que están xurdindo a través da crise xeral das estruturas produtivas. E é a nosa intención que dentro do novo equilibrio económico que sen dúbida acadará o país. Galicia ten de atopar e manter-la posición que se corresponde coa súa riqueza real e co traballo das súas xentes.

Pra iso temos que saber valorar nos seus xustos términos o feito de ser unha rexión productora de materias primas, alimentos e enerxía, artigos todos eles que viron aumentar espectacularmente os seus prezos, adquirindo unha mellora sustancial na súa relación real de intercambio.

Temos que aproveitar esta oportunidade pra saír fortalecidos da crise, e de ningún xeito debemos permitir que unha política desenrolista, de dubidosa eficacia, sacrifique a súa identidade económica en favor dos centros de maiores niveis de desenvolvemento industrial de España.

Temos de recoñecer que este obxectivo é moi difícil, sobor de todo sendo, como somos nós, profundamente conscientes das limitacións que impón unha economía aberta interrelacionada e, en gran medida dependente do sistema nacional, no que se refire ás medidas globais de política económica e certamente reducido.

Nembargantes, estamos dispostos a afrontar esta enorme responsabilidade facendo sin demora os traballos necesarios pra reconversión da situación actual e pró relanzamento da economía galega seguindo os obxectivos expostos.

Paso a suliñar agora as actuacións que os distintos departamentos do Goberno tencioan levar a cabo coa urxencia que as nosas intencións reclaman, medida polo máis elemental realismo que nos fai recoñecer-las dificultades pra acadar solucións inmediatas.

Se tal como dixen ó expoñe-lo modelo económico-social que enmarcará a acción do Goberno, hai que prestar meirande atención ós sectores que requiren transformacións máis fondas e custosas, é evidente que teremos que adicar especiais esforzos á mellora do sector agrario, do que depende unha alta porcentaxe da poboación, e que está afectado por un círculo pechado de pobreza a causa da descapitalización progresiva, dos baixos rendementos,

da falla de conexión con restantes sectores económicos, e do subemprego da poboación rural. Pra crebar este impeitizo da pobreza que oprime ó noso sector agrario, cómpre unha transformación da infraestrutura que hoxe conta o desenrolo do campo.

Pra iso apoiaranse en primeiro lugar as inversións levadas a cabo pola iniciativa privada prá mellora das actuais explotacións, e instrumentaranse os medios xurídicos precisos pra loitar contra o minifundio que continúa a se-la maior lacra estrutural do campo.

Potenciaremos ademais as actividades cooperativas e as organizacións agrarias que estean dispostas a asumir, co apoio do Goberno Rexional, un papel de vangarda na política de transformación da nosa agricultura. Os obxectivos básicos a medio prazo son os seguintes:

Aumento do grado de subsidiariedade da agricultura propiamente dita fronte á gandería e á industria alimentaria, que ofrecen maiores posibilidades de conseguir mais altos ingresos dentro da actividade primaria.

Revalorización das explotacións forestais a través do desenrolo das industrias derivadas do mesmo.

Racionalización e especialización das producións agrarias galegas, e basicamente no aproveitamento de microclimas e das técnicas modernas de explotación na obtención de produtos de alta demanda e precio nos mercados nacionais e extranxeiros.

Defensa dos montes e das comarcas cunhas peculiaridades agrícolas definidas, nun plan coordinado de mellora das explotacións, de defensa das denominacións de orixe, e da ecoloxía da rexión.

A consellería correspondente apoiará estas transformacións facilitando asesoramento técnico, e apoio económico e financeiro, e deberá asegurar, a través dos Plans Rexionais de Desenrolo e do Fondo de Compensación Interterritorial, un volume de inversión suficiente pra paliar as necesidades mais urxentes.

Pra que a política agraria sexa efectiva, vixiaremos que tódalas inversións que se fagan con participación, con cargo ou baixo a asesoría do Goberno Galego, se fagan con nítidas perspectivas a medio e longo prazo, fuxindo dos intereses a curto prazo que dificultan as transformacións de fondo que tan urxentemente necesita a nosa agricultura.

Cómpre agora facer mención do sector pesqueiro e de todo o que ese mundo significa prós galegos. Coido que non é necesario lembrar ós membros desta Cámara o que en termos cualitativos e cuantitativos ven a se-la pesca pra Galicia, e baste dicir que a pesares do difícil intre polo que atravesamos, a pesca

galega segue sendo mais do 50 % da española, e Galicia é unha das primeiras rexións pesqueiras de Europa.

Aínda que asumimos de cheo as limitacións que ten o Goberno Rexional no tratamento dalgún dos problemas que afectan ó sector, que pola súa índole se integran na complexa política internacional que cae por completo fóra das nosas competencias, a Consellería de Pesca fará o posible pra garantir a ós galegos que viven e traballan no sector pesqueiro seguranzas e garantías persoais suficientes no desenrolo da actividade, e intentará ser oída en tódalas decisións que poiden afectar ó sector representando os intereses da pesca galega, calquera que sexa o nivel político ou diplomático no que teñan que desenvolverse.

Galicia dispón da mellor e meirande riqueza marisqueira de España, e ten de defende-lo gran capital que supón a calidade das súas augas fronte ós posibles impactos dunha industrialización e un crecemento insuficientemente planeado.

Coido que podemos acadar solucións xustas e xenerosas a través da participación democrática de tódolos afectados polos complexos problemas que actualmente presentan temas tales coma a regulación das vedas, o mexilón, das artes de pesca e marisqueo, a disciplina de mercado, a normativa sobor da depuración de mariscos e demais cuestións sanitarias, do marisqueo furtivo e dun longo etcétera.

A segunda —pro non secundaria— gran tarefa do departamento de pesca, será a xestión dunha política adaptada ós intereses da pesca de baixura, así como as solucións do problema ecolóxico dos barcos arrastreiros.

Non podemos esquecer tampouco a procura de solucións ás importantes cuestións pendentes na política social deste sector pesqueiro. A regulación do réxime da Seguridade Social dos pescadores, a prevención de accidentes e enfermidades profesionais, as pensións, vacacións e descanso dos homes do mar serán outras tantas preocupacións deste Goberno relativas á actividade pesqueira.

Non podo pechar estas verbas adicadas á problemática pesqueira, sin facer unha referencia aínda que sexa breve, ás industrias relacionadas coa pesca. A industria conserveira está necesitada de profundas reestruturacións, e o Goberno tencioa levar adiante un plan de relanzamento das mesmas, que se asente sobor niveis de produtividade, rentabilidade e competitividade moi superiores ós actuais.

As mesmas consideracións poden facerse sobor da fabricación de fariña de pescado.

Son de gran transcendencia namentres non se habilite unha forma diferente de recuperación de peixe azul cando non acuda o comprador en fresco.

Tamén á industria auxiliar pesqueira, que está sendo gravemente afectada pola tendencia á desinversión no sector e as empresas frigoríficas e conxeladoras que teremos que protexer fronte ás importacións innecesarias ou especulativas, haberá de dirixirse a urxente actuación da Xunta de Galicia. Queda por último, dentro do mesmo sector, facer patente a firme intención do Goberno Rexional de fomenta-la investigación aplicada a tódalas facetas desta actividade económica, incrementando o número de becas, financiando traballos, congresos científicos e outras actividades semellantes en colaboración coa Universidade e demais órganos especializados co fin de dar resposta ó reto tecnolóxico ó que asistimos.

A política económica do Goberno Galego artellará a estratexia de loita contra o paro e de relanzamento do desenvolvemento económico, sobor da reestruturación e fomento do sector secundario.

Galicia ten necesidade dunha industria axeitada ás súas condicións físicas, económicas e sociais, e ós seus intereses.

A «nova industrialización» pasará necesariamente pola diversificación das súas actividades, partindo das mais achegadas ás producións primarias, tales como a industria alimentaria e as industrias auxiliares e derivadas da agricultura e da gandería.

A consellería correspondente incentivará a creación das devanditas industrias con axudas no campo técnico, económico, fiscal, financeiro e xurídico.

Deberase tender a unha política enerxética que fomente as inversións en Galicia e dun xeito especial aquelas que se levan a cabo nas zonas máis deprimidas e que abosaban máis man de obra.

Basicamente, a política de obras públicas orientarase á resolución das deficiencias infraestruturais que coutan o desenvolvemento económico e o proceso de industrialización.

Hai que facer posible un crecemento industrial ordenado e sin estrangulamentos, como base do crecemento económico e da loita contra o paro. O mesmo tempo, as obras públicas servirán pra crear unha demanda adicional, da que a industria será a principal beneficiaria.

A supresión dos déficits que presenta Galicia en obras públicas e urbanismo é un obxectivo posible, á vez que crea grandes ocasións prás inversións levadas a cabo por iniciativa privada, que posibilita unha eficaz loita contra o paro.

A complexa materia da ordenación territorial, na que vai incluído un enorme número de actividades, estará orientada a paliar os desequilibrios existentes entre a Galicia litoral e a interior, fin para a cal se destinarán parte dos recursos do Fondo de Compensación Interterritorial.

Tres son as finalidades básicas dos Plans de Ordenación Territorial e Obras Públicas:

Ser instrumento da política de emprego, e de loita contra a emigración potenciando o desenvolvemento das zonas máis afectadas por este fenómeno.

Creación de chan urbanizado e industrial para impedir localizacións desfavorables ou a caída da construción.

Compatibiliza-lo desenvolvemento urbano e industrial coa permanencia dos asentamentos rurais e daqueles outros que xurdan polas actividades localizadas na zona interior.

Partindo da política de ordenación territorial, o Goberno que trata de formar tencioará manter-lo equilibrio ecolóxico e implementar unha política do medio ambiente.

A preocupación polo equilibrio ecolóxico debe estar presente nos programas agrícolas, pesqueiros, industriais, enerxéticos, sanitarios e restantes aspectos da actividade económica e social.

Sei que a ecoloxía require inversións que só son rentables a longo prazo, pero estamos dispostos a prestarlle gran atención en función da irreversibilidade das agresións contra a natureza.

Son fins da política de medio ambiente:

A conservación e recuperación do chan.

O control da contaminación.

A protección dos bosques galegos e a loita contra os incendios forestais.

Cómpre dicir tamén que a conservación da paisaxe galega e a recuperación das tradicionais vivendas serán protexidas pola política xeral de medio ambiente.

Non cabe nesta intervención o facer unha análise exhaustiva dos problemas e das posibles melloras da atención sanitaria, pero coido que é posible facer unha exposición dos puntos fundamentais sobre os que xirará a política sanitaria.

Pretendemos en primeiro lugar practicala sanidade como ben social considerándoa un dereito de todos os cidadáns que inclúe non só as actividades asistenciais senón tamén as preventivas, rehabilitadoras e educativas, entendendo a saúde como un estado de benestar individual e colectivo.

En segundo lugar, queremos corrixi-los desequilibrios territoriais que nos afectan en materia sanitaria, e que atinguen fundamentalmente á zona rural.

Coidamos que a solución deste problema só pode chegar da man dun novo sistema sanitario de estrutura descentralizada.

Dentro do campo da sanidade e da asistencia social, concedemos gran importancia ós grupos que tradicionalmente foron mais inxustamente tratados, integrados por xentes de terceira idade por xubilados e pensionistas, por minusválidos e deficientes mentais, prós que se percurará un tratamento igual ó dos restantes cidadáns que lles permita maior integración na vida social, fundamentalmente a aqueles aspectos menos atendidos nos plans previstos polo ministerio correspondente, e especialmente ó ensino preescolar, á formación e reconversión profesional, á formación permanente de adultos e á creación de centros pra infradotados.

A liberdade de ensino é pra nós algo mais ca unha simple declaración, e debe resolverse no apoio á iniciativa privada e á igualdade de oportunidades pra que o dereito dos pais a elixir-la educación dos seus fillos se materialice en efecto.

Galicia ten un déficit tradicional na estrutura do ensino superior, que se viu inxustamente agrandado pola política de expansión universitaria levada a cabo nos derradeiros anos, nos que practicamente se triplicaron os centros universitarios, sin que Galicia se beneficiara da devandita expansión.

Faremos serias xestións co Goberno prá creación dunha segunda Universidade en Galicia, e pra que tódalas facultades e escolas superiores integren a nosa Universidade.

Pro, sobor de todo, procuraremos conecta-la Universidade coa sociedade na que se inserta, esixindo dela os servicios de investigación e cultura que debe render á comunidade.

Son consciente da importancia que prá colectividade galega ten a cultura en xeral, e a súa propia cultura en particular, entendida esta última como xeito de vida, e non coma sinxelo adubío da sociedade.

A cultura é a raigame no pasado, orientación no presente e proxección no futuro, e vén a ser unha das bases da identidade dos pobos que xustifica o autogoberno.

E preciso crea-las condicións necesarias pra garantiza-la igualdade no acceso á cultura e conseguir unha meirande participación social nos feitos culturais pra fomenta-la capacidade creadora do individuo.

Nas orixes da nosa identidade cultural está o feito de termos unha lingua propia. Nos pobos en que conviven dúas linguas, en contraste cos bens de posesión dun dobre tesouro de comunicación, soen darse situacións litixiosas. Galicia ha de saber superalas, no goce e na utilidade dos dous idiomas, abertos a inmensas largancías.

Temos que atraer ó galego ás xentes que aínda se senten alonxadas desta nosa maltreita «lingua de probes», que é a nosa meirande riqueza.

Pro falo de atraer, de fomentar, de soerguer... non de impor. Falo de recoñecer-las realidades sociais e de exalta-lo que temos de nós. Coa seguranza de que neste Parlamento ninguén quere amingua-las liberdades que a Constitución consagra, nin ir contra o dereito e o deber do ensino, do coñecemento, e do uso do castelán. Doutra parte, sería valdeiro o intento de quen tal quixera facer.

As competencias que a nosa Comunidade Autónoma pode asumir nestas xeiras abríannos camiños pra unha laboría cultural que Galicia precisa con urxencia.

Temos que potencia-la cultura con accións nos seguintes campos:

A conservación do noso patrimonio histórico-artístico. A cultura non podemos separa-la das súas raíces. Pro ben sei as dificultades que entraña esta defensa do noso patrimonio, inmenso, espallado, danado de cheo polos perigos que entraña a ignorancia e a preguiza. Cómpre garantiza-la súa protección ó fin de salvagarda-lo xeito de vida de tódolos galegos.

Aproxima-la arte ó público, con accións especiais nos museos, arquivos e bibliotecas a fin de convertilos en centros de investigación e de difusión de cultura.

Apoyo e fomento das manifestacións artísticas, tales coma o teatro, as exposicións de artes plásticas e outras actividades semellantes, en colaboración cos Concellos, Deputacións, Universidades e outros centros culturais.

Apoyo á difusión do libro, especialmente á do libro galego, estimulando a súa lectura a través das bibliotecas públicas.

Apoyo ás manifestacións espontáneas de arte popular.

Fomento de cantas actividades leve a cabo a iniciativa privada, ou as asociacións e institucións existentes en Galicia prá difusión cultural.

Temos, en suma, de fomenta-la lectura no fogar, coa prensa, coas edicións populares, e os préstamos de libros nunha mesta rede de bibliotecas. Temos de mellora-los nosos museos, acrecenta-las exposicións, amplía-los conservatorios profesionais de música, as sociedades de concertos, os grupos de coros e danzas, os de teatro. Temos que aproveitar ó máximo tódolos nosos valores, chamando ós estudos con becas, favorecendo as pensións no estranxeiro, as conferencias, os coloquios, os congresos...

Pro, quixera, sobre todo, propoñer que dada a sobriedade dos recursos axuntémo-los esforzos e coordinemos cantas accións dispersas xurdan hoxe en Galicia: as Fundacións, os Patronatos, a Universidade, as Deputacións, os Institutos, as Sociedades, as Editoriais, as Igrexas..., poden potencia-las súas

accións se logran axuntarse en traballos comúns. Esta coordinación virá non só a sumar, senón a potencia-los esforzos illados e as iniciativas espontáneas, sin afogalas. Os poucos medios virán a dar, deste xeito, meirande rendemento.

Todo este programa cultural non será pura utopía se traballamos todos xuntos nel, por riba de canto poida arredarnos.

O sector «servicios» está especialmente atrasado en Galicia, o que amosa unha evidente situación de subdesenrolo, ó tempo que priva á nosa economía dun motor de desenrolo cada vez mais necesario e potente na medida en que os servicios facilitan por unha parte o resto das actividades económicas, e por outra son eles mesmos xeradores de recursos.

Sobor dunha declaración xeral de potenciación do sector terciario, especialmente do comercio, o turismo e os transportes, cómpre mencionar aquí os seguintes puntos:

Atención á disciplina de mercado e á defensa dos consumidores, regulando con exactitude as actividades comerciais, especialmente as que se refiren ós mercados comarcais e rexionais existentes en Galicia.

Promoción nacional e internacional dos produtos da Agricultura, a Industria e maila Artesanía galega, a través da participación en feiras e exposicións.

Ordenación do Sector Turístico e fomento das actividades tendentes a diversifica-la oferta por temporadas e a alonga-la temporada alta.

Despois de facer repetidas referencias ó grave problema da emigración galega, quero agora adicarlles un espacio propio pra sulñar que tódalas actividades económicas e sociais do Goberno Galego terán como elemento de medida da súa eficacia a capacidade progresiva de reabsorbe-la man de obra emigrante asegurándolles ós emigrantes a reinserción no noso mundo laboral. Namentres isto non se acade, potenciarémo-la asistencia ós emigrantes e as relacións coas súas familias e a súa terra. Ás comunidades asentadas fóra de Galicia, prometémoslles hoxe un esforzo por integra-las na vida política e económica galega, e a todos agradecémoslle especialmente a axuda que nos prestan coas remesas froito dos seus traballos.

Non sería xusto rematar un programa de Goberno Galego sin facer referencia expresa á condición da muller, que sufriu e sofre as consecuencias da emigración, que viviu soa as responsabilidades da vida familiar, que tivo que afrontar toda clase de traballos no agro, nas fábricas, nas actividades pesqueiras e no fogar, e soubo coida-los seus fillos e a súa terra, con exemplar esperanza nun mellor porvir.

Queremos que se escomeze aquí un camiño de superación de tódalas discriminacións, partindo do recoñecemento do labor da muller galega no conxunto da vida da rexión.

Se este Parlamento me outorga a súa confianza como Presidente da Xunta de Galicia, a nosa andadura autonómica atoparase perante a proba concluínte, que é a da gobernación.

Pra nós gobernar vai ser sobor de todo axudar a sacar a Galicia da súa posición pasiva e contribuír con tódalas nosas enerxías a acrece-las cotas de benestar e de xusticia do noso pobo.

Hai que recuperar desde a Autonomía o tempo perdido. Hai que ir á loita pola modernización e ó progreso en tódolos terreos e en tódolos niveis. Eses son os nosos anxeios.

Por primeira vez, unha comunidade insuficientemente desenrolada, con ampla poboación emigrante, consegue o autogoberno. E sin dúbida é un experimento capital, pro un ensaio cheo de riscos que arrequeixa grandes doses de serenidade, de colaboración e de enchoio.

Esa serenidade, esa colaboración e ese entusiasmo é o que hoxe pido, con toda a solemnidade e vehemencia que me presta o intre histórico que vivimos, ós homes e mulleres de Galicia, ós seus traballadores e empresarios, ás súas agrupacións e forzas sociais, ós seus medios de comunicación, ás súas institucións culturais, ós seus concellos e deputacións e ás súas señorías, parlamentarios de Galicia, que son a súa representación mais xenuína.

Con esa serenidade, esa colaboración e ese entusiasmo de todos, imos gobernar con confianza e quero que as súas señorías se xungan á nosa esperanza pra levarmos entre todos esa esperanza ó noso pobo.

Con esa confianza, pido o seu apoio, señores deputados, pra esta obra que hoxe escomenzamos ó servizo de tódolos galegos, que é o servizo de Galicia, que é a única posibilidade de facermos o servizo a España. E hoxe, precisamente hoxe, quero terminar xa este longo discurso con estas verbas:

«Que a fogueira do espírito siga quentando as vosas vidas e que a fogueira do lume nunca deixe de quenta-los vossos fogares».

DISCURSO DA XURA DO CARGO E TOMA DE POSESIÓN DE XERARDO FERNÁNDEZ ALBOR COMO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA NA IGREXA DE SAN DOMINGOS DE BONAVAL

21 de xaneiro de 1982

Neste momento inicial da nosa responsabilidade autonómica, coido eu que non podemos esquecer de ningún xeito aos nosos devanceiros, pois eles coas ferramentas da cultura e da política lograron despertar a conciencia de Galicia e tornaron posible esta fermosa realidade que hoxe asumimos. Lembrámonos aquí con gratitude e con íntima determinación de continuar o seu labor, traballando sin descanso por un futuro mellor para o noso pobo, última meta de tódolos anxeios dos galegos.

Aquí, cabo de nós, como un sagro herdo e como un alento cara o provir, están as sagras cinzas de Rosalía, de Brañas, de Cabanillas, de Asorey. Que o seu exemplo me guíe a min é o que agora pido de todo corazón a esas sombras queridas e respetadas.

Tamén temos que lembrar neste momento á Galicia da emigración, unha das máis fondas preocupacións que lembro sobre min, a eses centos de milleiros de irmáns que viven e traballan fóra da súa terra, pero sempre pensando nela. Eles, tamén grandes patriotas, honestos e rexos, que constituíen un modelo humán ilustre e aleccionador. Lembrámoslos aquí co máis fondo sentimento de irmandade, e coa vontade de traballar para que chegue un

día que ningún galego teña que abandonar a súa terra por necesidade, por dramática necesidade. Agora teño a satisfacción de velos representados nas ilustres personalidades que nos acompañan e que fixeron o longo viaxe desde América para sentir directamente, no seu espírito este inicial bulgar da nosa identidade. Refírome ós señores don Eduardo Sánchez Millares, don Juan Manuel Pérez e don José Alfonso Reboreda, representantes da Federación Mundial de Sociedades Galegas.

Confortado por tanto coa lembranza efectiva dos nosos devanceiros, e a dos nosos emigrantes, e acompañado pola forza moral da vosa presenza que, en definitiva, é a presenza do pobo vivo, dispóñome a emprender este novo e emocionante camiño, este histórico camiño do autogoberno galego con firme propósito de responder con tódalas miñas forzas a confianza que se me deu e a responsabilidade que se me encomenda.

Eu sei ben, como todos vos, que a empresa política que neste intre iniciamos é difícil e complexa. E mesmo por eso sei que precisa da axuda de todos. O futuro de Galicia é responsabilidade de tódolos galegos, cada un desde a súa función propia, pero repartindo todos a responsabilidade conxunta.

A nós correspóndenos a función de gobernar e, desde ela, percuraremos despertar e consolidar a confianza do noso pobo na autonomía e na democracia.

Señor delegado del Gobierno en Galicia: aspiraremos a que la Galicia autónoma desenvuelva su vida política de acuerdo con nuestro genuino estilo mental, sin sectarismos intransigentes, sin fanatismos intolerantes, con la mente abierta al diálogo, y con la voluntad abierta a la colaboración. Y sobre todo con el respeto moral de todos para todos. Sólo así podrá enraizar la autonomía en la conciencia colectiva de Galicia.

Emprenderemos el camino con firme confianza en nuestro pueblo y con el decidido propósito de no defraudarlo.

Todos llevamos en el fondo de nuestro corazón la imagen de una Galicia capaz de superar su retraso y de conseguir la máxima plenitud en el desenvolvimiento de su ser y de sus posibilidades. Desde ahora mismo, nosotros queremos transformar esa imagen cordial de Galicia en una idea fuerza que movilice nuestras energías por el camino de la realización.

Y todo esto tenemos la intención de llevarlo a cabo desde el máximo respeto a la Constitución, que es el texto en el que pueden ser insertadas las ansias de la identidad gallega dentro de la convivencia comunitaria. Nuestra peculiaridad y nuestra aportación a la unidad de España es nuestro modo de enriquecer esa unidad y de respetarla.



**Albor xura o seu cargo de presidente da Xunta
na igrexa de San Domingos de Bonaval**

Y no puedo acabar estas palabras sencillas pero de muy auténtica emoción sin hacer constar mi adhesión a la figura de don Juan Carlos I, nuestro rey, que tanto lleva hecho por el progreso de la libertad y de la democracia en Galicia, y sin cuyo apoyo hoy no sería posible la nueva estructuración autonómica del Estado español.

Excelentísimo señor, dignísimas autoridades, parlamentarios e representacións de Galicia, amigos nesta común e honrosa tarefa, pido a todos axuda e protección, e que Deus me protexa e me axude. Que Deus nos protexa e nos axude. E que o noso empeño colectivo acade a enerxía e a efectividade precisas para que Galicia acceda á plenitude que tanto merece e á que nos debemos tódolos seus fillos.

INFORMACIÓN OFRECIDA POLA XUNTA SOBRE A RECENTE REMODELACIÓN DO GOBERNO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

18 de marzo de 1983

Señor Presidente, señoras e señores deputados, comparezo diante desta Cámara ó amparo do artigo 144 do Regulamento da mesma, para informar ás súas señorías, como representantes do pobo galego, da remodelación producida no Goberno que presido, culminando un período de reestructuración política en Galicia, que deu como resultado a existencia dunha maioría parlamentaria.

Como todos vostedes coñecen, un grupo de deputados, ata agora nos Grupos Centrista e Mixto, asumiron o compromiso persoal de apoiaren plenamente a gobernabilidade de Galicia.

Este compromiso de gobernabilidade, que terá a súa última formulación na elaboración dun programa de Goberno para os próximos tres anos, implicaría a súa dispoñibilidade a partir das responsabilidades executivas, aínda que sen condicións, en función das mesmas. Logo dunha serie de consideracións, das que darei conta ó longo da miña intervención, acordei remodela-la Xunta, na súa estrutura e na súa composición, en función das circunstancias actuais.

A constitución dun Goberno de maioría é unha vella aspiración miña e de Alianza Popular, partido no que accedín á Presidencia da Xunta, en situación de minoría parlamentaria, logo de obte-lo máximo respaldo popular nas eleccións de outubro de 1981.

Pero esta aspiración non ten o seu fundamento exclusivamente na necesidade sentida de gobernar esta Terra, senón que alén diso, un valor positivo na democracia que engade á lexitimidade formal dos Gobernos, a posibilidade de desenvolver unha eficaz xestión dos intereses de tódolos cidadáns.

Por iso, o principio da maioría alenta en nós desde hai moito tempo e en moi diversas circunstancias. Para lograla, prodigámo-la nosa invitación a colaborar co Goberno, conscientes de que nos necesitamos uns a outros, para exercer responsablemente o mandato popular, e conscientes tamén de que Galicia nos necesita a todos.

Pero esta maioría que simplifica a estrutura da representación política deste Parlamento e que, por tanto, é un elemento positivo clarificador das actuacións democráticas, non podía ser nin o resultado dunha simple negociación sobre do exercicio das distintas parcelas de poder, nin moito menos aínda a aplicación dunha simple teoría que non estivera garantizada polo decorrer duns feitos, que fixera que ese achegamento se converta na resposta axeitada a un fenómeno de evolución política e social evidente dentro de Galicia.

Neste senso débense comprende-los distintos esforzos levados a cabo, tanto no primeiro momento da constitución do Goberno galego, coma despois das eleccións do pasado 28 de outubro.

E teño que dicir que non se trataba dunha simple manobra de apontoamento do Goberno, xa que recoñezo a esta Cámara o seu senso institucional e a súa colaboración naqueles aspectos que se orientaban ó afianzamento e enraizamento da Autonomía, e das súas institucións en Galicia.

Tratábase, pola contra, de garantir ó Goberno unha perspectiva no económico, no cultural, no social, e en tódolos aspectos da súa xestión, capaz de cinxir co seu programa todo un período lexislativo que haberá de da-la medida da nosa capacidade de transformar Galicia, e de ilusiona-los seus cidadáns coa responsabilidade do seu futuro.

Tratábase tamén de que tódalas persoas que accederan a uns postos de representación dos intereses de Galicia, puideran seguir exercendo o seu labor nun marco de eficacia que o meu Goberno estaba obrigado, ética e politicamente, a facer posible.

O nacemento da maioría parlamentaria que deu lugar á remodelación do Goberno, que quero informar e explicar a esta Cámara, foi pois o resultado dun cambio de circunstancias e de estratexia operado en Galicia, que levou a un grupo de Deputados a cavilaren sobre o seu papel nesta Cámara e na política galega, e a confluíren nun plantexamento que, tanto eu coma o meu Goberno, e

o Grupo Parlamentario de A.P., estabamos dispostos a propiciar e instrumentar.

Prodúcese, en consecuencia, unha oferta de colaboración, sen condicións e sen contrapartidas, que esta Cámara e Galicia enteira deben valorar e agradecer, interpretando sincera e sinxelamente os feitos ocorridos con posterioridade ó acordo da maioría. Desde que o Deputado señor Mella, nesta mesma Tribuna, me lanzara a min e mais ó meu Goberno o reto da maioría, baseada nun estudio realista da política de Galicia, preparamos, coido eu, as condicións que finalmente darían como resultado a actual estabilidade parlamentaria.

Non foi preciso que ninguén renunciara a plantexamentos persoais, nin tampouco que ninguén aceptara un encadramento que limitara as súas posibilidades de actuación parlamentaria, e mesmo política. Abondou a comprensión da grande tarefa institucional de Galicia, para que as pequenas diferencias de matiz quedaran borradas polo serio intento de establecer en Galicia un autogoberno tan amplo coma a Constitución permita, e co senso institucional que haberá de te-la primeira lexislación, sobre o que se asenta o futuro da Comunidade Autónoma.

E para pechar esta primeira parte da miña intervención, quero deixar constancia diante do Parlamento do meu agradecemento persoal e institucional a estes homes que, encadrados ata agora nos Grupos Centrista e Mixto, tiveron comprensión e xenerosidade para alentar en Galicia unha renovada esperanza nun esplendoroso porvir.

O meu agradecemento tamén ó Grupo Parlamentario de A.P., que mantendo a súa coherencia e maila súa disciplina exemplar, souberon aceptar e propiciar ese novo tratamento no que tódalas situacións comenzaron a se mover, cara a novas perspectivas que esixirán novos esforzos.

Sei que nesta operación de maioría hai, amais de todo o devandito, unha significación política que non terá unha aceptación xeral nesta Cámara, porque na mesma está implicada a diferenza de criterios ideolóxicos que conviven na democracia e que manteñen o dinamismo dos parlamentarios. E sei, por tanto, que das maiorías posibles, algúns dos Deputados desta Cámara preferirían outra diferente á actual. Pero esa é a democracia, e esa diferenza responde indubidablemente ós diversos plantexamentos que as forzas políticas temos sobre a orientación da sociedade na que vivimos, e que se traducen nos diversos programas sobre os que se asenta a confianza que os cidadáns nos outorgaron.

A segunda parte da miña curta intervención está destinada a dar conta da remodelación habida na Xunta de Galicia, como consecuencia do acordo de maioría ó que vimos facendo referencia.

Hai unha primeira evidencia que debe quedar explicitamente manifestada perante as súas señorías. É a de que os nomeamentos do Vicepresidente para Asuntos Económicos e Conselleiro de Economía, así como os dos señores Conselleiros de Educación, Sanidade, e Xusticia e Interior, están fundamentados no criterio, que está na base de todo nomeamento para cargos de confianza, e a apreciación, da cal me corresponde por imperativo legal e estatutario.

Nembargantes, quero deixar patente igualmente que, ó chamar ás devanditas persoas para desempeña-las súas altas responsabilidades, tiven en conta entre outros criterios o da súa pertenza a esta nova maioría, porque na mesma se simboliza e consuma a correspondencia que xuntos asumimos.

Coido que a participación no Goberno perfecciona politicamente esa manifestación de vontade cooperadora, que se me ofrecera sen condicións, e que enriquece a perspectiva dun Goberno que non quere apouta-la súa maioría na simple aritmética, senón integrar na súa forza e na súa responsabilidade a estas persoas que accederon a este Parlamento, desde unha posición diferenciada da do noso Grupo. Coido tamén que este feito de integración, que se produce nas Consellerías da Xunta, que nunca terá unha composición que sexa resposta automática á procedencia dos seus titulares, fortalece a estabilidade dunha maioría dentro da cal é exercitable e é potenciabile o contraste de pareceres como sistema de coñecemento e de actuación sobre a realidade democrática.

En función do exposto, coidei oportuna a creación de dúas Vicepresidencias, encargadas de coordina-las grandes áreas de actuación do Goberno. Unha Vicepresidencia política, na que recaian as responsabilidades que as leis atribúen á Vicepresidencia primeira da Xunta, e unha Vicepresidencia económica, que se xustifica plenamente pola necesidade de que Galicia despegue cara ó desenvolvemento, para que medre o benestar, e para que a todos lles chegue cun emprego a posibilidade de traballar pola súa terra.

E neste mesmo senso, a creación da Consellería de Economía incrementa os esforzos do Goberno para establecer unha seria planificación económica que integre tódalas posibilidades internas e externas dos galegos, nun obxectivo común, desde o punto de vista económico, que é o do novo crecemento harmónico.

Esta reestructuración da Xunta e a súa nova composición están plenamente xustificadas polos obxectivos que perseguen, e ó acumulárense as Vicepresidencias a Departamentos do Goberno existentes ou de nova creación, mantén

na práctica o volume global do gasto público con pequenas variacións de rentabilidade claramente asegurada.

A nova situación de maioría non debe significar en ningún caso un cambio de filosofía en canto a colaboración política dentro desta Cámara. Por iso manifesto a miña intención de seguir aberto á colaboración en tódolos aspectos institucionais e de desenvolvemento estatutario, convencido como estou de que témo-la responsabilidade de crear estruturas de autogoberno que sirvan para tódolos galegos, hoxe e o día de mañá.

A miña comparecencia nesta Tribuna para informar ás súas señorías destes acontecementos políticos de transcendental importancia para Galicia quere ser, en primeiro lugar, unha mostra de respecto a esta suprema institución galega, un deber democrático de información e clarificación naqueles asuntos que afectan ós intereses de todos, e un desexo de atopar na Cámara a resposta positivamente crítica a un esforzo de xenerosidade, de comprensión e de traballo que estamos a facer para construír unha Galicia mellor, coa responsabilidade que a todos nos outorga o exercicio dunha cidadanía libre.

Moitas gracias, señoras e señores.

INFORMACIÓN DA XUNTA SOBRE A POLÍTICA XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA, Ó ABEIRO DO ARTIGO 144 DO REGULAMENTO

16 de decembro de 1983

Señor Presidente, Señorías, comparezo hoxe ante o Parlamento por iniciativa e compromiso do propio Goberno que presido, cando proximamente se van cumprir dous anos do voto de investidura. Coincide esta comparecencia coa metade do mandato e coa circunstancia de que o Goberno, que acaba de ser obxecto dunha reestructuración, está apoiado pola maioría da Cámara.

A miña intervención prodúcese cando chego de Buenos Aires, cidade na que fun acollido como Presidente da Xunta, nun acto de fonda significación democrática. Teño aínda nos meus ollos a imaxe da Galicia de alén-mar, que permanece en min, logo de compartir varios días, cos milleiros de galegos que viven alá o recoñecemento do noso progreso, a convicción que eles teñen de que estamos a afortalar sen demora a nosa identidade, algo que quizais aquí, con lexítima impaciencia, non recoñezamos de maneira tan explícita. As veces é preciso saír das nosas fronteiras para experimenta-lo traballo que realizamos no interior. Isto non é mérito voso nin meu, senón de tódolos galegos que teñen decidida vontade de reencontrarse na única Galicia que uns e outros sentimos solidaria e queremos forte.

Pretendo abrir un debate sobre unha etapa que deu os seus froitos, moitas veces por riba dos medios de que dispoñemos; e quero tamén abrir outra etapa que, por partir de fundamentos políticos e administrativos máis sólidos,

permite desenvolver-lo Estatuto en toda a súa capacidade de autogoberno.

Estamos a punto de pechar unha etapa, e non quero que se acuse de optimista a valoración que dela faga, porque sei como ninguén as graves dificultades que encontramos neste percorrido. En ocasións, acúsasenos de falta de talante autonomista e de vontade de autogoberno, e noutras, quérese facer ver que o Goberno mantén unha estratexia de enfrontamentos co Goberno central. Para uns, somos pouco reivindicativos, e para outros, alentámo-la polémica permanente. Se as críticas que se nos fan son tan contradictorias, será que estamos camiñando no servizo de Galicia.

Cómpre dicir que na análise do noso labor e das nosas realizacións, non cabe aceptar un modelo convencional ó meu entender. O labor da Xunta de Galicia non pode ser contemplado como o labor dun Goberno que se fai cargo dun sistema institucional xa implantado. Polo contrario, nestes dous anos tivemos que crea-los medios para gobernar, ó tempo que nos faciamos cargo das competencias transferidas, mantendo a prestación de servizos da Administración.

Esta era, en verdade, unha situación complexa. Recibiamos, aínda que recortados, uns servizos provinciais, e cumpría crea-lo núcleo director e coordinador que animase e dirixise a súa actividade, ó tempo de selecciona-lo persoal para facerse cargo deste labor directivo e organizador, e os efectivos auxiliares e de apoio que lle son imprescindibles. Repito que non era fácil este labor, porque non se pode conciliar coa debida precisión unha administración que acaba de nacer e que crece lentamente coa realización das funcións de órganos xa instalados na experiencia.

Pero este artellamento, quero proclamalo firmemente, conseguiuase; e aquel difícil labor fíxose, e seguimos a facelo. Ningunha semellanza hai entre o día que pronunciei o discurso de investidura no Pazo de Xelmírez e hoxe. E que a Administración autonómica é unha realidade física. A Xunta é a representante e a defensora dos intereses de Galicia, e por riba de todo os galegos empezamos a ter conciencia clara de que o futuro depende de nós. Porque se alguén me preguntase cal é o profundo sentido da Autonomía, o principio sobre o que se asenta o programa de Goberno, eu diría, sen dubidar, que a Autonomía equivale a responsabilidade cidadá. Quere isto dicir que non erran os que coidan que os froitos da Autonomía teñen que agromar doadamente axiña. O que Galicia estreou, hai agora dous anos, foi un instrumento de transformación das súas estruturas económicas, sociais e culturais, que require traballar arreo moitos anos, con confianza en que

o futuro é posible, e sen contrapoñer intereses particulares ou locais, que mermen os seus horizontes.

Nós tiñamos esa fe e ese convencemento, e con isto puxémonos á tarefa de inicia-la construción da nosa Autonomía, de facernos cargo da responsabilidade de se-lo centro de decisión nos asuntos que o Estatuto puxo nas nosas mans. Sei que queda aínda moito camiño por andar, que aínda estamos reforzando os nosos cimentos, pero, entrementes, as nosas realizacións son cada día un pouco máis seguras, son cada día máis decididas. É verdade tamén que as mesmas necesidades foron as que nos esixiron este esforzo, que non se pode ver como unha réplica obrigada polas circunstancias. Polo contrario, fomos nós moitas veces os que fomos á busca do desafío, os que fomos cara ós problemas, procurando o exercicio dunhas competencias que nos semellan imprescindibles para facer da Autonomía un proxecto político concreto e non unha inxeniosa viravolta semántica.

Este é, señores Deputados, o alcance da nosa andadura ó fronte do Goberno de Galicia. Estimo, polo tanto, que cómpre dar conta do labor da Xunta de Galicia, que constitúe o noso indiscutible haber no servizo do pobo galego. E isto esixe, tamén, a correspondente exposición dos problemas existentes. Coñecemos mellor ca ninguén as nosas deficiencias, e a primeira delas, a instalación física da nosa Administración, que a penas contaba con pouco máis de mil metros útiles espallados na cidade de Santiago e dous departamentos da Coruña. Hoxe, os servizos centrais das Consellerías dispoñen de máis de 13.000 metros, sen contar coas dependencias dos servizos periféricos neste punto.

Teño que dicir, ademais, que o Goberno ten programado instalarse no edificio de San Caetano, dunha extensión aproximada de 25.000 metros cadrados útiles, e do que está xa practicamente rematado o proxecto de adecuación. Cun sentido moderno e eficaz para iniciárense as obras en canto as prazas escolares sexan substituídas na mesma área da cidade. A este cambio na estrutura física correspóndelle outro esforzo paralelo para dota-los servizos de persoal capacitado, que hoxe se aproxima xa ós 400 funcionarios procedentes, nunha parte importante, doutras administracións públicas, o que fai posible un futuro de racionalización de persoal que quizais ningunha Comunidade, coma nós, está en disposición de facer.

Naturalmente, non era soamente o marco físico o que había que organizar. Era preciso crea-lo marco xurídico para o funcionamento. Era preciso inicia-los estudos para abordar un programa lexislativo que desenvolvese o Estatuto, que adaptase algunhas partes do ordenamento xurídico á nosa

realidade social. Era preciso trasladar ás páxinas do Diario Oficial de Galicia os nosos proxectos. E deste xeito, os 31 números publicados nos anos da Preautonomía pasaron a ser 35 no ano 82, e van 182 no ano que corre. Isto dá unha idea de que as disposicións xerais, os concursos, nomeamentos de persoal, as resolucións de carácter particular e, mesmo, os anuncios, marchan ó compás dunha Administración que se expansiona ó amparo do noso recente sistema de autogoberno.

Neste marco non destaco a laboura lexislativa desta Cámara porque non pretendo cansar ás súas señorías falando do que é ben patente. Outros eidos podémolos considerar asentados, e temos por diante o esperanzado horizonte da súa progresiva mellora.

Temos hoxe, baixo a nosa competencia, todo o ensino non universitario. Imos, pois, camiño do teito de autogoberno, que define o artigo 31 do Estatuto. Todos sabemos dos problemas que neste sector tiñamos, e non era o máis pequeno o da normalización da lingua, alonxada do mundo da cultura e da ciencia por séculos de incompreensión e de desatinos lingüísticos.

Hoxe podemos dicir con todo rigor que estamos no camiño axeitado. Ese era un anxeio de principio, e nada nos importa recoñecer que nos vimos reforzados nas nosas intencións cando esta Cámara xestou e aprobou a Lei de Normalización Lingüística, patrimonio cultural básico dun pobo, imprescindible para a comunicación e para a vida en común. A lingua é tamén signo inmarcesible da súa identidade.

A Xunta regulou a aplicación da lei no marco do ensino, do mesmo xeito ca antes, facendo uso do seu poder regulamentario, fixara a normativa morfolóxica e ortográfica. Deste xeito, por unha banda recollíamos e refrendabámo-lo labor dos máis responsables estudiosos da lingua galega, dotándoa dun instrumento insustituíble para acceder ó nivel culto. Doutra banda, dabamos resposta a unha demanda social cada vez máis responsable e máis patente nas novas xeracións, que veñen recoller con mimo a herdanza deste noso pobo labrador e mariñeiro. Dentro dunha normalidade na que ninguén para contas, o curso escolar iniciábase sen traumas, sen retrasos, reorganizabámo-lo transporte escolar, de xeito que puidese atender á diseminada poboación escolar; organizabámo-lo primeiro concurso de traslados, o primeiro exame de oposicións, tanto en E.X.B. coma en Bacharelato, e todo isto lograbámolo cumpridamente.

Ademais, iniciábanse actuacións inversoras. No día de hoxe están adxudicadas ou en trámite de adxudicación obras de construción por valor de 3.465 millóns de

pesetas, correspondentes a 52 novos centros: 38 de E.X.B., 6 de Bacharelato e 8 de Formación Profesional. Realizáronse obras e modificacións en 32 centros por valor de 319 millóns. E continúa a planificación, de xeito que entre 1983 e 1984 haberá en Galicia 94 centros novos, ubicados segundo as necesidades de cada comarca.

Dispoñemos de moitos datos que poderían dar mellor idea do esforzo da Administración galega no terreo do ensino, pero impórtame máis agora dicir, como un adianto da outra cara da moeda, que a dirección e a coordinación deste esforzo se debe ó labor de 83 funcionarios e altos cargos.

Outro campo de preocupación era o das obras públicas, o medio ambiente, a ordenación do territorio e urbanismo, e por iso o esforzo na procura de competencias nestes eidos foi tamén importante.

E tamén aquí hai que ter en conta a carencia de planificación na maior parte dos nosos Concellos. A laboursa que hai que facer é inmensa se partimos da consideración de que a ordenación do noso territorio, tanto desde o punto de vista agrario coma urbanístico e industrial, é o imprescindible punto de partida para programa-las infraestruturas, ubica-los equipamentos e as industrias, protexe-lo medio ambiente e a mellora da calidade de vida.

Por iso, o recoñecemento territorial de Galicia, continuación do inicial Plan Director Territorial, foi un dos nosos anceios, e podemos dicir xa que estará rematado en poucos meses.

Adoptáronse as medidas para que os concellos galegos dispuxesen do planeamento que precisan, e mentres tanto estudiouse a adaptación da Lei do Solo a Galicia, proxecto que xa está no Parlamento. Deste xeito, e cunha acción global, fomos conseguindo que as corporacións locais se percatasen da necesidade do planeamento e se puxesen a traballar nesta tarefa coa nosa colaboración, prevéndose que a cartografía e o planeamento dos nosos concellos estarán rematados para 1985.

No tocante ás estradas, que foron transferidas hai pouco máis dun ano, á parte de xera-los pasos para a mellora da rede, elaborando proxectos e facendo previsións de importantes inversións, traballouse intensamente no Plan de Estradas, que definirá e calificará a rede, sinalará as necesidades de adaptación técnica e avaliará os recursos económicos precisos para o seu desenvolvemento. O plan será presentado pronto nesta Cámara.

Parecidas actuacións de planificación e atención merecen os portos. En primeiro lugar, debo dicir, que estamos intentando que a Administración Central corrixa os seus criterios sobre Vilagarcía, para poder logra-la unidade portuaria que reclama a zona. Pero no ámbito das nosas actuacións temos

feitos os estudos para unha programación axeitada, xa que as inversións en infraestruturas acadarán no ano 83 a cifra de 6.400 millóns de pesetas, chegará no 84 ós 13.200 millóns e o ritmo será crecente nos anos sucesivos.

A agricultura é aínda o sector máis importante da nosa economía, con forte significación dos subsectores agrícola-gandeiro e forestal. Tódolos esforzos serán poucos para poñer en marcha un programa axeitado ás necesidades do sector e, especialmente, para dispoñer os medios que precisa unha política agropecuaria moderna, que xa está nas aspiracións da nosa xente. Non teño inconveniente en poñer de manifesto a complexidade desta política, sobre todo cando o proceso de transferencias foi, e segue sendo, unha loita continuada contra importantes núcleos da Administración central, e polo tanto só permite, aínda, instrumentalizar accións sectoriais, e non de conxunto.

Con todo déronse pasos importantes na organización, como nas iniciativas lexislativas que principian a deseñar un futuro preñado de posibilidades. Elaboráronse as Leis de Concentración Parcelaria, de Actuación Intensiva en Parroquias Rurais, de Cámaras Agrarias, e están en fase de elaboración a de Montes Veciñais en Mán Común, a de Caza, a de Espacios Naturais Protexidos, a de Incendios Forestais e a de Conservación de Recursos Xenéticos. Este panorama lexislativo mostra unha política integral, sen descoidar ningún elemento susceptible de aproveitamento de recursos.

Somos conscientes das reformas estruturais que cómpre facer na agricultura. Estanse sentando as bases para unha mellor operatividade na solución das necesidades máis sentidas. A concentración parcelaria, a ordenación de explotacións, as campañas de loita contra as pragas ou as enfermidades que comprometen a sanidade gandeira, a potenciación das razas autóctonas, a mellora da rede viaria nos montes e a restauración da vexetación autóctona, están nos nosos proxectos.

No campo galego vive aínda unha alta porcentaxe da nosa poboación, e por iso a transformación do sector agrario non é soamente un obxectivo económico, senón que é profundamente social. A reforma do agro non quedará completa se non vai acompañada da dignificación do oficio do labrego, da mellora da calidade de vida, poñendo ó seu alcance unha sanidade, unha asistencia social moderna, as posibilidades de comunicación e de equipamento doméstico, o disfrute dos bens culturais e a posibilidade de obter e ocupar un tempo de lecer axeitado. Por iso, ó falar de actuacións no medio rural, levaríanos a repetir unha serie de programas de varios departamentos que contribúen coordinadamente a esta importante laboura.

Referíndome xa ó subsector pesqueiro, teño que afirmar unha vez máis a importancia decisiva que ten para Galicia, tanto desde o punto de vista económico coma laboral. Nembargantes, a maior parte das competencias reguladoras desta actividade fican na Administración central, por faceren referencias unhas veces ós caladeiros de augas internacionais, por estaren outras veces ligadas a problemas de reconversión de industrias e frotas, ou por se encontraren as transferencias con serias dificultades para ser recibidas axeitadamente. Inclusive o exercicio de competencias directamente derivadas do contido do texto estatutario vese dificultado, ou case anulado, pola falta de medios e de competencias de vixilancia na zona marítima-terrestre. Aínda máis: a propia elaboración de proxectos de lei, destinados a unha reordenación profunda do marisqueo e dos cultivos mariños, atópase con dificultades derivadas da definición do dominio público, que pode converter ás posibles leis en textos inconstitucionais ou inoperantes.

Así as cousas, cómpre afirmar que a importancia do sector pesqueiro para Galicia non se ve compensada coa capacidade de xestión desde a Autonomía, e, polo contrario, a existencia da Consellería de Pesca puido chegar a crear unha ilusión deformante, que lonxe de solucionar os graves problemas do sector, contribuía á frustración de moitos esforzos dos galegos.

A Xunta de Galicia non renunciou, nin renunciará endexamais, a incrementar a súa capacidade de xestión dos intereses pesqueiros, xa sexa insistindo nas transferencias ou afondando nas posibilidades legais do Estatuto. Mentres tanto dúas direccións xerais, as mesmas que existían antes da remodelación, seguen velando polos intereses da xente do mar.

En todo caso, a problemática do sector primario está sendo estudada pola Xunta, non só baixo a perspectiva da súa necesaria transformación, senón tamén polas necesidades da adaptación, que se esixe con vistas á posible entrada no Mercado Común Europeo.

Non obstante, as actuacións en concentración representan hoxe un volume de 1.800 millóns en inversións, mentres que se adican 200 millóns a mellora rural e local; 90 millóns a mellora de pasteiros; 220 millóns ás repoboacións, rexeneracións e obras de infraestrutura; 300 millóns invértense na loita contra a tuberculose e a brucelose; 30 millóns na mellora zootécnica; 50 millóns nas ordenacións de pastos; e outras cantidades a diversas actuacións desde a investigación ata o ensino agropecuario. En total andamos agora por unha cifra de 2.750 millóns en inversións neste sector, que incrementaremos substancialmente en próximos exercicios.

Cómpre dirixir agora unha ollada á problemática sanitaria que tanto me preocupa, non só porque dá a medida humana dunha sociedade, senón porque —como saben as Súas Señorías— formou parte da miña vivencia humana.

Dicía no discurso de investidura que os puntos fundamentais sobre os que xiraría a política sanitaria serían os seguintes: Primeiro, practica-la sanidade como un ben social, ó que tódolos cidadáns teñen dereito, e que inclúe non só as actividades asistenciais, senón tamén as preventivas, as rehabilitadoras e as educativas. Segundo, corrixi-los desequilibrios territoriais, fundamentalmente nas zonas rurais. Nesa dirección démo-lo primeiro paso coa Lei de Sanidade Escolar. Esta lei, que principiará a aplicarse experimental e gradualmente no vindeiro 84, é como bota-la semente no terreo máis fértil, entre a nosa mocidade, entre os nosos nenos, que son os que farán a Galicia sa, limpa, forte e xenerosa que soñamos cada día.

Non obstante, e para facer boa a promesa de corrixir desequilibrios, as primeiras dotacións do Fondo de Compensación Interterritorial destinadas a sanidade foron invertidas na súa integridade en centros asistenciais, equipamentos en concellos rurais. Pero a nosa gran preocupación, que non descoida accións en defensa da saúde, é a de ir labourando nunha planificación previsora dos actuais e futuros recursos sanitarios. Deste xeito, estamos rematando un mapa de recursos que será completado no sector asistencial e que constituirá o instrumento básico e imprescindible das nosas actuacións.

Doutra labourea fundamental cómpre falar agora: a cultura galega, campo no que conflúen tódalas forzas creativas do noso país. Marca de por si a personalidade socio-política do noso pobo. Hoxe en día máis ca nunca, porque xa non se trata de resisti-las contrariedades e ataques ós que se viu sometida en tantos momentos da súa historia, senón de provocar canles novas polas que poidan discurrir en liberdade as ideas e os homes que as producen.

Estamos nunha encrucillada de retos. Impónsenos, para non nos perder, a identidade que nos personaliza e que nos xustifica en función dun destino comunitario. Impónsenos unha alternativa de audacia, que de non asumir este reto é posible que en pouco tempo a nosa historia sexa a dun pobo vencido, que se converta en mero obxecto de investigación antropolóxica.

Non se trata de dramatizar para conmover ou para concitar adhesións. Trátase de entender que a cultura ruralizada, sobre a que procesaron os nosos devanceiros, está sometida a unha crise de identidade como nunca lle

acontecera ata agora. Trátase de que uns e outros entendamos que a nosa actuación deberá situarse nesa encrucillada de retos para, sen rompe-las amarras do noso pasado colectivo, provocar creativamente un encontro coas manifestacións culturais que en evolución permanente configuran novos modos de vida no mundo. Para que ese proceso non falsee a realidade cultural de Galicia é preciso partir do que é a razón e a xustificación do noso pasado histórico: a cultura tradicional de Galicia. Manter latentes os signos de identidade. Cómpre afondar nesa riqueza humana. Todo, absolutamente todo, é antecedente incuestionable. Tamén as pedras milenarias, que seguramente é preciso e urxente rehabilitar, para que chegue a elas a vida, a cultura, a expresión colectiva ou individual.

Pero non podemos precisa-la mirada no pasado, liberados das ataduras materiais que ten toda manifestación ou sistema cultural de valores. Cómpre asumir-lo espírito creativo que os anima e darlles unha fisonomía anovadora, válida para o diálogo cos homes e mulleres do ano 2000. Os tempos son outros. Chegou o momento en que crear infraestrutura cultural e infraestrutura técnica para as manifestacións e difusión da cultura é tan importante como salvar, reutilizando á vez estes espazos, o que constitúe o patrimonio arquitectónico e monumental do País Galego.

E chegou o tempo en que o País debe ser vertebrado para que nel se desenvolva unha manifestación de alta cultura e, ó mesmo tempo, ofertas culturais de masas. A partir desa vontade a acción cultural terá que seguir dúas direccións que confluirán de múltiples e variadas maneiras.

En primeiro lugar, hai que crear infraestrutura cultural. Partimos practicamente de cero. Faltan espazos culturais, faltan iniciativas que operen unha transformación e posibiliten ofertas anovadoras na cultura institucional do País, é dicir, na cultura que sosteña eses signos de identidade ás que antes me refería. Non podemos desaproveitar nada. As veces a imaxinación terá que ir por diante dos medios económicos, pero nalgún momento deberán enfluir. Dignifica-la nosa cultura pasa por revitaliza-lo que temos, pasa por crear un campo de acción no que todos, sen discriminación ningunha, poidan desenvolver, sen traumas, a súa capacidade artística e intelectual.

En segundo lugar, cómpre dinamizar culturalmente tódolos rincóns do País. En colaboración aberta a todos, a nosa vida cultural recobrará o pulo debido.

Recuperarémola capacidade de iniciativa en dous sentidos, apoiando decididamente todo o que é forza cultural no País, e abrindo as portas á política cultural de carácter institucional, facendo que a cultura sexa efectivamente de



Descanso nunha sesión plenaria no pazo de Fonseca,
segunda sede do Parlamento de Galicia.



todos, porque Galicia é moito máis cás sete principais cidades nas que, case en exclusiva, se programan as manifestacións culturais.

A idea é a de que cada día do ano haxa en Galicia unha oferta cultural. O traballo dos animadores e creadores de cultura estará así valorado na súa xusta medida.

Esta preocupación cultural, aberta e lanzada ó futuro, non é, repito, un desenraizamento do noso pasado. É un recoñecemento de que o noso presente foise facendo outro, por mor dunha transformación industrial que pretendía que o sector secundario servise de motor do desenvolvemento económico de Galicia.

Cómpre dicir agora que tamén aquí vivimos momentos de dificultades. Unha profunda crise ameaza á industria galega, debido ós criterios que o Goberno central sostén na reconversión de sectores. Por iso, lonxe de cansar ás súas señorías cunha longa relación de problemas parciais e cos proxectos de actuacións, limítome agora a senta-la filosofía coa que nos achegamos a este asunto.

Non ignoramos nin minusvalorámo-la realidade da crise, nin caemos na utopía de pensar que se pode superar sen custos económicos e sociais. Si, defendémo-lo interés xeral de Galicia no marco do Estatuto, e coas obrigas propias de todo Goberno, e solicitámo-la participación que xustamente nos corresponde na dirección do futuro das comarcas industriais de Galicia. E queremos esa participación para dicir que a significación cualitativa da industria naval ten que se manter para defende-la alta tecnoloxía de que dispoñen os nosos asteleiros. Para esixir que a repercusión da acción de reconversión non se acentúe na Nosa Terra, e aínda máis, para dicir que é de xusticia soste-la unha das bases fundamentais da industrialización galega. Sen renunciar a intervir no proceso de reconversión dos grandes sectores, a Xunta considera obxecto preferente da súa atención e apoio a potenciación das pequenas e medianas empresas, que son o tecido básico do sector industrial galego, que cunha moi alta taxa de creación de emprego é resistente a esa crise.

Seguindo estes criterios a Xunta aprobou e puxo en funcionamento varios programas de incentivos e axudas en favor das PYMES, tanto para a mellora do equipamento tecnolóxico e de apoio á innovación, como para a instalación de equipos que favorezan o aforro enerxético, dispoñendo ó mesmo tempo axudas directas ás asociacións para o estudo e proxección dos sectores industriais e subvencións do interés de préstamos para a realización de inversións.

Por outra banda, a Xunta realizou unha importante toma de participación no capital de SODIGA, o que lle permitirá desde agora tomar parte, xunto co INI e as entidades financeiras galegas, nos plans de actuación desta sociedade de promoción industrial, que ten unha importante presenza no tecido industrial

galego. Cómpre dicir ademais, que axiña se creará un servizo de información industrial unificado, coa misión de asesorar, coordinar e xestionar os diversos tipos de axudas e estímulo das administracións públicas en favor das pequenas e medianas empresas.

Pola súa notable incidencia no emprego de man de obra nas zonas rurais, aprobouse tamén un programa de apoio ás actividades e produción artesanais, actividade coa que se cobre ademais unha importante misión cultural, que impida a desaparición de actividades en fase de extinción. Nembargantes, aprofundando no problema, o certo é que Galicia se atopa, no aspecto económico, diante dun panorama complexo e difícil, que esixe para o seu tratamento plantexar os problemas coa máxima obxectividade, tanto no estudo da súa realidade económica coma no campo das medidas concretas e na modulación da súa aplicación.

As medidas económicas operan sobre realidades concretas, que non se reducen ó puramente económico, afectan a esquemas sociais, culturais, demográficos, etc., que condicionan á súa vez, de maneira determinante, a efectividade da medida económica.

Neste campo de actuación, no que nos toca en sorte disputar coa crise industrial de maior envergadura que coñeceu a nosa historia económica, o Goberno galego enfrontase coa necesidade de ponderar tódolos factores que inciden nela. Hai que elevar a produtividade do noso País, pero ó mesmo tempo hai que mellorar o nivel de emprego. En principio, e sen maiores matizacións, estes dous obxectivos —deixando de lado calquera demagogia— son incompatibles e contradictorios. A pesar disto, e analisadas as estruturas profundas galegas, esta Comunidade debe ter unha resposta de política económica que sexa diferente das doutras Comunidades Autónomas. Isto vén dado polo feito obxectivo de que Galicia ten un 40 % da súa poboación no campo, e é unha das Comunidades con utilización máis intensiva do factor traballo, medido sobre o valor engadido bruto que é, pola súa banda, un dos máis baixos de España, pero que ó mesmo tempo presenta o maior índice de envellecemento da poboación, con carácter regresivo.

Esta simple observación estatística condiciona e suxire a carencia dunha política económica que busque ó mesmo tempo, en épocas de crise, a mellora da estrutura productiva e o sostemento do emprego.

Consideracións deste tipo —e esta vai dada soamente como un exemplo— condicionan o próximo presuposto para o ano 84, que será presentado nun prazo breve nesta Cámara.

No campo económico seguiu-se dentro das nosas posibilidades unha política que persegue dúas finalidades ben diferenciadas. A primeira, foi o establecemento e creación dun tecido administrativo por medio do que se poidan operalas medidas económicas. Sen estrutura administrativa non hai política eficaz. Neste sentido estaba orientado o Presuposto de 1983: a Lei de Xestión Financeira e a Lei de Patrimonio da Comunidade; así como a Lei de Compensación Financeira, xa discutida; e a Lei do Consello de Contas, en estudo polo Goberno; e a do Consello Económico e Social, que esperamos ter disposta nun breve prazo. Todo isto, conxuntado cun mais efectivo ordenamento interno, permite establecer as bases xurídico-económicas que fagan posible unha mellor utilización e unha máis apurada fiscalización dos recursos galegos.

Sentadas estas bases, o programa económico do Goberno instrúntase a través de catro feitos fundamentais: primeiro, o Presuposto de 1984; segundo, o Plan Económico; terceiro, o Libro Branco sobre Reconversión Industrial; cuarto, a presentación do Balance Enerxético galego. Quedan fóra das nosas facultades a aprobación da reforma do Estatuto, no aspecto financeiro, e a financiación da Comunidade, que dependen ata agora das singulares interpretacións do Goberno sobre leis de rango orgánico, cando non constitucional.

No Presuposto de 1984 intentarase utilizar ó máximo os recursos da Comunidade coas seguintes finalidades: primeiro, mellora do nivel de vida galego; segundo, creación de postos de traballo con futuro; terceiro, mellora agrícola e gandeira; cuarto, mellora da comercialización en tódalas súas ordes e establecemento dunha proxección externa axeitada á produción galega; quinto, remodelación e establecemento de mecanismos exportadores; sexto, continuidade da colaboración con SODIGA e creación dunha sociedade adicada ó desenvolvemento tecnolóxico, e tamén financiación de proxectos innovadores; sétimo, utilización dos recursos financeiros con unidade de xestión, establecendo as prioridades oportunas.

No Plan Económico explicitáranse con maior rigor as liñas futuras dun posible desenvolvemento, que non serán estáticas, senón variables con respecto ás necesidades de cada intre, e que vai conte-los obxectivos e as medidas que xa se conteñen no Presuposto do 83 e no do 84. O plan incardinárase nos presupostos sucesivos, de xeito que o estudo, variables e condicionamentos da economía galega teñan un reflexo operativo e de obrigado cumprimento no marco presupostario, establecéndose así a relación biunívoca e necesaria entre o por que se gasta e como se gasta.

A Comunidade Autónoma Galega non acepta a imposición de determinadas políticas en terreos que lle son propios, senón mediou a súa colaboración e o seu consentimento. Consecuencia disto é o compromiso de publicación do Libro Branco sobre Reconversión Industrial, no que o Goberno galego establece o que considera estratexia propia sobre un tema que non se lle consultou nin se tiveron en conta as súas observacións e compromisos. Do mesmo xeito o balance enerxético galego someterase a este Parlamento, porque o Goberno considera que por este camiño, coa actual política enerxética española, se está privando a Galicia dun dos seus recursos fundamentais. Financiando a outras comunidades e poñendo un obstáculo máis a unha correcta utilización dun recurso escaso en prexuício da economía autónoma e da española, aínda que efectivamente supoña avantaxes para insolidarios e aproveitados, porque, ó fin e ó cabo, o que perde Galicia gáñano outros.

Tampouco se trata de enumerar punto por punto o que se executará en 1984, pero penso que o Programa Económico é denso, e que será asumido responsablemente e coa necesaria flexibilidade para axeitarse ás circunstancias tanto do devir económico coma da súa posible ampliación, se, como esperamos, a política financeira do Estado con respecto á autonomía galega comenza a funcionar seriamente polas canles legalmente establecidas, co debido respecto ós principios constitucionais.

Esta é, señoras e señores deputados, a situación da política autonómica galega expresada nas súas grandes liñas e proxectada cara a un futuro, que ten como punto central de referencia o remate da actual lexislatura. Coido que o dito ata agora, coa concisión e xeneralidade que impón unha intervención parlamentaria destas características, é sen embargo suficiente para sustentalo debate que ha seguir, para facer posible ó longo dos próximos meses un axeitado seguimento da acción de Goberno, en cumprimento do mandato parlamentario que teñan asumido as súas señorías.

Sei moi ben que o que acabo de expoñer é soamente unha forma das moitas posibles de se achegar á realidade do Goberno galego. E sei, por tanto, que queda aberto o camiño á crítica e á discrepancia.

Nembargantes, cómpre dicir tamén, con toda claridade, que non estou sometendo nin o programa nin a acción do Goberno a un debate de confianza, nin moito menos a unha nova investidura, na que estivese en tea de xuício a propia lexitimidade para asumir de cheo a responsabilidade de Goberno.

A Xunta de Galicia ten unha maioría que lle permite soste-la súa propia liña política e ideolóxica, no medio da dialéctica parlamentaria, substancial

na democracia. Limitábase, pois, todo o devandito, a un informe sobre dos obxectivos e realidades do Goberno, sobre do que asume con gusto un debate, que estou seguro nos enriquecerá a todos.

E non quixera rematar sen facer unha referencia á discrepancia radical que entorno á liña de Goberno aparecerá seguidamente, xa que estou seguro de que máis alá da denuncia dos erros e limitacións, que sen dúbida ten o Goberno, de que máis alá dos lexítimos xuicios de oportunidade ou dos diferentes criterios de valoración, estará o diferente enfoque da realidade social que teñen as forzas políticas que representan ó Goberno e á oposición desta Cámara.

O Goberno que presido enmarca a súa actuación nun contexto ideolóxico no que a responsabilidade individual, a iniciativa privada, a liberdade de empresa, a pluralidade na educación, o respecto a tódolos momentos da vida humana, e unha longa serie de características semellantes definen unha acción que non satisfai con toda seguridade ós que en discrepancia tan aberta coma lexítima defenden outro modelo.

E dirase que a Xunta non ten política de loita contra o paro, e eu saberei que o que se botará en falta será en realidade a falta de inversión directa dos fondos públicos coa finalidade de incrementa-lo emprego. Eu afirmo que me é suficiente con crear un marco de seguridade, de incentivación e de confianza no que o emprego se sosteña e incrementa, como sucede sen dúbida nesta Comunidade, en comparación con outras autonomías de España.

Diráseme que non hai modelo educativo, polo feito de que se favorece á competitividade e a presenza da iniciativa privada coas garantías suficientes, pero dentro dun marco real de liberdade de ensino. Diráseme que non hai vontade autonómica, e eu saberei que se afirma un sistema dialogante e unha actitude solidaria do Goberno galego.

Así poderíamos multiplica-los exemplos para afirmar unha vez máis que, ademais dunha responsabilidade institucional —que debe presidir necesariamente os primeiros momentos do autogoberno— e do profundo sentimento galego que tende a unifica-los esforzos de todos en beneficio desta terra, existe un modelo político, un conxunto de conviccións, que dan vida a esa fructífera realidade democrática na que, Goberno e oposición, contribúen, cada un desde a súa responsabilidade, á procura dunha realidade cada vez mellor, dunha sociedade que se esforza por conserva-lo progreso e a paz, dentro da liberdade.

Moitas gracias, señor Presidente, e Señorías.

COMPARENCIA DA XUNTA DE GALICIA ANTE O PLENO DO PARLAMENTO Ó AMPARO DO ARTIGO 144 PARA INFORMAR DA RECENTE CRISE DE GOBERNO, CONCERTADA NO CESE DO VICEPRESIDENTE PARA ASUNTOS ECONÓMICOS E O CONSELLEIRO DE INDUSTRIA

11 de maio de 1984

Señor Presidente, señoras e señores deputados:

Comparezo de grado perante este Parlamento, facéndome eco da inquedanza xerada por once deputados pertencentes ós Grupos Parlamentarios de Coalición Galega e Mixto, en relación co recente cese, a petición propia, do Vicepresidente para Asuntos Económicos e do Conselleiro de Industria e Enerxía, señores Mella Villar e de la Fuente Esperante, publicado no Diario Oficial de Galicia do pasado día 2 de abril.

Creo que unha correcta información sobre este asunto debe principiar coa rotunda afirmación de que os dous actos de Goberno que dictei responden ó enxebre e simple exercicio dunha das facultades presidenciais que me confiren, con carácter exclusivo e específico, as leis, en especial, o artigo 16,3 do Estatuto e o 2 6,1 da Lei 1/83, do 22 de febreiro, Reguladora da Xunta e do seu Presidente.

Estas afirmacións confírenlles ós feitos obxecto desta información un carácter de plena normalidade formal e de práctica habitual en tódolos Gobernos, que non xustifica, ó meu entender, o carácter monográfico deste Pleno, que desvirtúa, nunha interpretación correcta e lóxica, o instrumento parlamentario previsto no artigo 144,1 do Regulamento desta Cámara.

Non obstante, insisto en que me resulta grata esta comparecencia, na medida en que poida contribuír a aclara-los feitos que puidesen chegar ás súas señorías. Non se me oculta que desde posicións politicamente interesadas pódense da-las máis variadas interpretacións e que, en calquera caso, nin a terquidade dos feitos será suficiente para evitar que a oposición aproveite esta ocasión para intenta-lo desgaste do Goberno e do seu Presidente.

Ninguén ata hoxe me pediu neste Parlamento as razóns dun nomeamento. Nos seus aspectos legais, políticos e de apreciación intimamente persoal, aparece con idénticas características e inscríbese exactamente dentro das facultades que determinan a decisión dun cese. A firmeza desta aseveración non ten outro significado có de asunción consciente das graves responsabilidades que a Presidencia da Xunta comporta, pois para o seu cumprimento é preciso contar, entre outros, con instrumentos da natureza do que hoxe comentamos.

Un feito determinado dentro da acción xeral do Goberno motiva que o Vicepresidente para Asuntos Económicos e Conselleiro de Economía, Facenda e Comercio, señor Mella, plantexe unha aplicación económica do importe total das liquidacións por insuficiencias e outros conceptos, a transferir pola Administración central.

Na primeira reunión do órgano colexiado de Goberno, celebrada despois destes feitos, resultou patente, trala deliberación do Consello, o desacordo dalgúns dos seus membros, da maioría, con aquel plantexamento. Nesta situación o Vicepresidente para Asuntos Económicos presentou a súa dimisión, e este Presidente decidiu dirimi-la situación de crise coa súa aceptación, que provocou á súa vez a dimisión do señor De la Fuente, que foi igualmente aceptada.

Soamente me queda por dicir, señoras e señores deputados, que procedín, en definitiva, en exercicio das miñas responsabilidades, adoptando decisións que consagran a dirección e a coordinación da acción de Goberno e aseguran a súa continuidade, tal e como o expresa o artigo 26,3 da Lei da Xunta e do seu Presidente, que antes citei.

DEBATE DO DICTAME DA COMISIÓN INSTITUCIONAL DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR NO PROXECTO DE LEI DE SÍMBOLOS DE GALICIA

29 maio 1984

Señor Presidente, señoras e señores Deputados, xuntámonos hoxe nesta Sesión Plenaria, co propósito de aproba-la Lei de Símbolos de Galicia.

Correspóndeme a min a responsabilidade e maila honra de poñer de manifesto a importancia deste día, e mesmo o significado especial que esta lei vén ter para todos nós en Galicia enteira.

Esta hora, señores Deputados, non é nin pode ser un fito senlleiro no noso camiñar cara ó futuro. Non é, nin pode ser unha hora de Galicia que se poida desleigar do tempo e da historia que moitos outros edificaron, que nós estamos a facer, e que as nosas mocidades han seguir facendo.

Esta Lei vén do fondo dos tempos, do fondo da idade; é o pouso dos séculos que en boas horas e mais en horas malas correron para os homes e mulleres da Nosa Terra.

Trátase pois, en realidade, de lle dar estado legal a un feito que xa ten plena vixencia social e, mesmo, oficial. Non imos dotar a Galicia de bandeira, de himno e de escudo propios porque xa os ten, senón que se trata de recoñecelos coma tales, mediante lei deste Parlamento.

A nosa bandeira, o noso himno, e mailo noso escudo son atributos que recibimos do pasado, e que agora os incorporamos ó ordenamento legal de

Galicia enteira, desta Galicia autónoma, con todo o respecto e coa sincera adhesión que o seu significado nos merece.

Os símbolos non son unha libre ensoñación na que se poida dar curso ás fantasías individuais, ou á fragilidade da circunstancia. Pola contra, dos símbolos, zugamos do tempo da patria o que foi froito doutros tempos, e poñémonos en pé ó seu redor para sermos todos xuntos testemuñas vivas da nosa historia e mais dos nosos dereitos. E facémolo coa fe viva que destrúe o excepticismo, e arrinca de nós a indiferencia.

Non estamos a inventar nada, recollémo-la herdanza dos nosos devanceiros, as angurias e mailas ledicias cos horizontes abertos, e mailas longas noites de pedra, os soños dos que soñaron e loitaron. Todo isto recollemos, e non temos outra gloria cá de dar fe dunha crenza, dunha idea do patrimonio do noso pobo.

Sabemos tamén que hai unha parte do pasado que está morta na nosa memoria, porque foi inauténtica, pero temos pola contra un pasado vivo que xorde das raíces mesmas do noso ser, un pasado que actúa no presente, e mais inflúe no porvir.

Esa permanencia sustantiva, que se materializa nun senso afirmativo de continuidade histórica, reforza a personalidade individual dos galegos todos, e a vida colectiva de Galicia. Esa presenza viva da nosa tradición, dos nosos máis vellos anceios, é o alento no que se mergullan os símbolos que nos identifican como galegos. Todo isto recollemos hoxe aquí. E sendo así a mensura desta xornada, damos fe da nosa galeguidade.

Isto é o verdadeiramente importante dos símbolos, que este Parlamento vai legalizar en representación de tódolos galegos. Nada inventamos, nada buscamos como pretexto, nada elevamos de rango, nada facemos que non veña esixido polo mandato recibido, e pola mesma débeda nosa coa historia. Non agardemos, pois, felicitacións nin recoñecementos, xa que nada nos é debido; ó contrario, axionllémonos diante da Terra Nai, e deámoslle as grazas porque recibimos dela a ocasión de sermos nós os agradecidos, os que temos que dar conta e medida das obrigas que lle debemos.

Deste xeito, non faremos outra cousa que unirmonos a tantos que nos precederon na tarefa inacabada da Galicia, que nos leva e que nos cría, que nos ata e que nos dá nome, que nos fai libres e que nos compromete.

Non estamos a inventar nada. Nada descubrimos; damos razón do que é, e crendo así, seguiremos na xeira renovada, pois non podería manterse un símbolo se cada xeración non tivese as máis fortes razóns íntimas para crer.

Son os símbolos a memoria e mailos soños colectivos do noso pobo. Pero todo isto que levo dito non esconde a outra cara da realidade, que lle dá a esta Sesión Plenaria gran parte da súa grandeza.

Falei antes das nosas obrigas. Direi agora do noso premio, da nosa satisfacción, que non é outra cá de facer acto de fe na recuperación da nosa identidade, da nosa personalidade histórica de Galicia.

O Estatuto de Autonomía recolle, no seu artigo sexto, a vixencia da bandeira galega, a insignia que foi para os homes e mulleres desta terra un símbolo de afirmación e mais de identidade. Cobra co Estatuto, que tamén recoñece a nosa nacionalidade histórica, o seu máis alto rango. Así, a lei que hoxe imos aprobar, non é, polo que lle toca á bandeira, máis ca unha medida instrumental, se queredes complementaria, do noso modo de ser e de estar na historia.

Pero eu non podo deixar de lembrar, por outra banda, que esta bandeira naceu, precisamente, dos anxeiros dos irmáns galegos que lonxe de Galicia, na emigración, e na distancia, foron os primeiros en usala e mais facela ondear para canta-la súa galeguidade. Algo latexaba baixo do sentir colectivo, algo estaba en pé no subconsciente do noso país, cando en moi poucos anos a enseña soubo cubri-las inqedanzas de todos, e tamén os seus afervoados desexos.

Sen necesidade de normas, sen ríxidos plantexamentos, a bandeira galega conseguiu de por si, o dereito a presidi-las nosas emocións e mailos nosos alentos. Que ela nos leve á Galicia mellor, máis nobre e xusta que hoxe e sempre precisamos e queremos.

O escudo, entrementes, viña do fondo dos tempos, andando pedra a pedra, cambiando ás veces na disposición dos símbolos, pero mantendo sempre a súa significación. Cómpre hoxe poñe-la vista no cáliz, e mailo esforzo dos nosos corazóns na busca do Santo Grial para quebra-lo mal, que de vez en cando atópanos sen as forzas necesarias, e que fai baldías as nosas terras, que ten sen froitos as nosas árbores, e impide que abran as nosas fontes, a fonte maior da nosa conciencia e as fontes regadías das nosas ilusións.

Deste entendemento, como no caso da normalización da lingua, procurouse o maior consenso de tódolos Grupos Parlamentarios que integran esta Cámara, como a expresión de vontade común de afirma-la personalidade de Galicia en tanto que Nacionalidade Histórica, tanto na súa identidade cultural, coma nos símbolos que a representan.

Pois, os símbolos dun pobo son ó mesmo tempo que os individualizan na súa esencia propia, unha chamada á universalidade e á superación das discrepancias. Unha chamada á unidade no traballo común, por riba dos egoísmos,

e unha chamada, en suma, á irmandade e mais á xenerosidade. Así o escudo ten que ser para todos o símbolo dun pacto sagrado que nos ha levar a unha acción conxunta, que só debe estar presidida polo interés supremo de Galicia, de tal xeito que o noso convivir non sexa nunca un seguido tecer e destecer sobre da terra, e acade, pola contra, a seguridade de que o afán que nos guía arraiga para sempre nos nosos peitos.

Símbolo da alianza son as sete cruces que acompañan o Grial, e que representando as sete antergas provincias de Galicia, son tamén a múltiple representación do noso devir comunitario.

Señoras e señores Deputados, que estes sexan os nosos símbolos, e que o sexan coa ledicia que nos dea o noso himno, a voz de Pondal e a música de Veiga que hoxe facemos oficial, por máis que esta sexa tamén unha herdanza recibida, porque o himno vive na nosa xente, está nos beizos e no corazón dos galegos, sen que ninguén dubide da súa raigame e do seu destino que hoxe incorporamos á nosa lexislación.

Penso, pois, ó rematar esta reflexión miña sobre das obrigas que nos xuntan, que non imos facer máis que dar conta dunha parte da nosa historia, e seguir na obra redentora que é a que dá sentido ós nosos afáns, que é a que dá sentido ás nosas vidas.

Moitas gracias.

USO DA PALABRA DO PRESIDENTE DA XUNTA MANIFESTANDO O SEU AGRADECIMENTO PERSOAL A TÓDOLOS DEPUTADOS Ó REMATE DESTA LEXISLATURA

3 de outubro de 1985

Antes de que a súa señoría remate esta sesión, en nome do meu Goberno, só dúas palabras, para da-las gracias a tódolos deputados pola cortesía que sempre tiveron co Goberno, non exenta da dureza parlamentaria, que en ocasións é necesaria.

No meu caso persoal quería que quedase constancia —non quero extenderme para non emocionarme— do agarimo con que fun tratado, do respecto institucional e sobre todo do exemplo que deron tódolos deputados neste amor a Galicia. Moitas veces eu recibín esta homenaxe, e moitas veces aquí nesta Cámara e fóra dela os intereses de Galicia e o respecto ás institucións estiveron por riba das loitas partidarias. Por iso eu non marcharía contento se hoxe non quedase constancia do meu agradecemento persoal.

1985-1987
SEGUNDA
LEXISLATURA

PROPOSTA DE CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA, PRESENTACIÓN DO SEU PROGRAMA DE GOBERNO E ELECCIÓN, DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NO ARTIGO 15.3 DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA

14 de xaneiro de 1986

Señor Presidente, señora e señores Deputados, o 7 de xaneiro de 1982 comparecín perante este Parlamento para solicitar dos representantes do pobo galego ser investido do poder, da confianza e da lexitimidade para gobernar en Galicia.

Naquel entón, a Autonomía como expresión da vontade dos galegos de administrarse e de asumir a responsabilidade do seu futuro, era un camiño no que se deran só curtos, aínda que transcendentais pasos.

Naquela hora o autogoberno era pouco máis que un anxeio que alentaba no corazón de todos nós, pero que tiña que erguerse nunha terra que non dispoñía da tradición política e administrativa próxima e suficiente como para garanti-lo seguro éxito do proxecto polo que apostabamos.

Faltaba tamén o arraigo xeneralizado no pobo, a experiencia e a credibilidade do sistema, a vertebración definitiva quizais das nosas forzas políticas, e latexaban aínda recentes as mesmas ameazas ó sistema democrático e de implantación da liberdade política nos que a Autonomía ten que instalarse necesariamente.

Solicitaba, pois, a confianza naquel intre para facer realidade unha idea e un proxecto. Solicitaba a lexitimidade para gobernar quizais unha utopía, e pedía

o concurso de todos para poñer os alicerces dun edificio do que tivemos que crear todo, mesmo a propia experiencia da administración desde Galicia.

E quero traer diante de vostedes esta lembranza daquel feito por varias razóns que axiña vou suliñar.

En primeiro lugar, porque aquel reto comenzo sen olladas atrás que viñesen disculpar posibles atrancos no camiño ou erros na xestión. Naquel día, cando seguro que estaba lexitimado para falar do pasado, e cando este podía convir ó xuício final do meu esforzo, ollei soamente para un futuro de realidades, e deixei a lembranza só para xungui-la obra galega ós devanceiros que a fixeron posible.

Hoxe, co mesmo espírito, quero facer un novo proxecto desde a experiencia e desde a seguridade certamente, pero libre de toda tentación de asentarme sobre a obra feita, que non me corresponde xa a min, senón á historia de Galicia e ó esforzo xeneroso e bo de tódolos galegos que tivémo-la sorte de vivir catro anos históricos de nacemento das nosas institucións.

Traio tamén esta lembranza, en segundo lugar, como afirmación de que a «utopía» de entón ten hoxe asentado na realidade cotiá, e para afirmar que Galicia, a que a nosa mente soña e o noso corazón anxeia, é posible.

Porque a responsabilidade do noso futuro aséntase xa sobre bases de autogoberno reais; realidade que sobarda calquera discrepancia casuística e, sobre todo, calquera orientación de carácter partidario, para afirmar que, aínda con defectos e debilidades, aínda na procura de certas orientacións propias dunha realidade específica, a nosa capacidade de optar, dentro da creativa e libre incertidume, existe.

Quero traer tamén, en terceiro lugar, a lembranza daquela data porque do camiño percorrido desde entón, xulgado con obxectividade e con corazón sinxelo, despréndese necesariamente o recoñecemento da eficacia do feito autonómico, a seguridade de que os galegos atopamos nesta nova etapa da historia de España a forma axeitada de seguir asumindo fondamente a nosa identidade, e sobre todo a posibilidade de seguir contribuíndo á creación da nosa propia cultura, das tradicións, da lingua, de canto nos enriquece, de canto nos permite aportar unha perspectiva máis, quizais humilde, pero nosa e auténtica, á cultura e ó progreso europeo, no que xa hoxe, con plena formalidade política e total xusticia histórica, estamos integrados.

Hoxe tamén, ó presentarme diante das Súas Señorías para solicitar unha nova investidura, quero adoptar o mesmo criterio, ollando cara ó futuro e falando dos proxectos que teremos que converter en realidade, do

desenvolvemento das institucións que aínda non acadaron plena madureza, dos xeitos nos que ten que seguir afondando un pobo que se atopou a si mesmo, e todo isto dando por sentado e asumido un pasado que foi xulgado xa polo pobo galego como supremo xuíz dos gobernos democráticos e que deu como resultado a miña candidatura renovada para presidi-la Xunta de Galicia. Soamente miraremos, pois, atrás para face-la análise da complexa transformación política e institucional de Galicia, xa que esta é unha obra que transcende dos catro anos dunha Lexislatura, e ten por tanto que encontrar nesta investidura a solución de continuidade.

As principais institucións da Autonomía galega están xa asentadas na mente dos galegos coa súa función precisa e recoñecida e cun importante avance nos seus asentamentos físicos, que haberá de completarse coa instalación definitiva do Parlamento para o que, pendente dos precisos acordos que teñen que lograrse coa Mesa do Parlamento e con outras institucións alleas á Xunta, coido que pode adiantarse a data da apertura do curso parlamentario 87/88 para a inauguración das instalacións definitivas que permitan mellora-la eficacia, a prestancia e a representatividade da Cámara.

Desenvolvidas xa as leis polas que se regulan as institucións do Consello de Contas, o Valedor do Pobo, o Consello da Cultura Galega, o Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión, é a miña intención que o próximo Goberno dote de asentamentos definitivos e adecuados todas estas institucións, nun prazo similar ó fixado para o propio Parlamento.

Ademais deste asentamento físico das institucións e dese recoñecemento da función e dos obxectivos das mesmas por parte de tódolos cidadáns, a próxima Lexislatura terá que servir para que unha serie de novas realizacións, de carácter institucional e cultural, conformen o cadro definitivo para que o noso pobo fixe a súa conciencia nacional e asente sobre ela o esforzo de futuro.

Así, a Biblioteca e a Hemeroteca de Galicia, a Orquestra Sinfónica, a Filmoteca como proxección dos actuais Arquivos da Imaxe, a dotación de estruturas estables para as actividades dramáticas, e outras accións similares de carácter complementario, irán pechando un marco institucional que non pode reducirse soamente ós aspectos políticos e administrativos, senón que ten que dar no seu conxunto a idea final dunha sociedade capaz de asumir tódalas actividades que constitúen signo externo dunha personalidade forxada nun longo traxecto histórico.

A presenza entre nós dos medios de comunicación institucionais, a Radio e a Televisión de Galicia, aínda febles necesariamente pola xuventude das

súas estruturas, vén contribuíndo, e contribuirá moito máis no futuro, a que a presenza das institucións galegas en todos nós sexa algo máis cá imaxe de meras entidades administrativas.

En función de tódolos avances operados na institucionalización de Galicia, o autogoberno xa non é só unha posibilidade ou unha formulación xurídica, senón unha realidade sentida polos galegos, que o xulgan cada día máis necesario e que demandan a súa profundización, convencidos non só da súa eficacia práctica, senón do feito de que ó seu través pode chegarse a unha mellor utilización dos nosos recursos, medida máis en termos humanos ca económicos.

Autonomía ten deixado entre nós unha sensación de eficacia que coído que cómpre reivindicar, eficacia manifestada por unha parte no xeito no que os galegos fomos incrementando o noso compromiso con Galicia. Sen ningunha conflictividade, as escolas, os medios de comunicación, a vida oficial, a vida cultural e social, están entrando no camiño da galeguidade marcando unha nova xeira na que o galeguismo non será unha actitude intelectual ou sentimental de xentes cimeiras e comprometidas, senón que será unha condición que abrangue a tódolos que compoñemos este pobo, que imos encontrando cada vez maiores satisfaccións a medida que progresamos no coñecemento da nosa realidade. Sen incrementa-la presión sobre os cidadáns para acadar maiores recursos, a Autonomía conseguiu unha nova orde de prioridades e un estilo no seguimento da obra pública, calquera que esta sexa, e con diversas finalidades na función administrativa, nos medios de comunicación, na infraestructura educativa ou sanitaria, no transporte, nas obras de carácter asistencial ou calquera outra que poida sinalarse, que fixo que os galegos sentisen a sensación de que a Autonomía tiña unha forza transformadora e vivificadora superior á desenvolvida polos esquemas centralistas do Goberno da Nación. Teño para min seguro que o orgullo de ser galegos que nace do convencemento de que somos capaces de facer ben as cousas, está contribuíndo a afrontar moitas actividades exitosas que, asentadas sobre iniciativas de particulares, están encontrando neste intre renovador da nosa sociedade un marco no que medran e no que se proxectan fóra de Galicia, dando a coñecer a toda España esta situación de fonda esperanza modernizadora que penetra a sociedade galega, precisamente no intre histórico no que máis e máis de présa está afondando na tradición e nos xeitos propios da nosa vida.

Hoxe os galegos queremos-la Autonomía. E este é un mérito da nosa xente que de ningún xeito quero atribuír a unha acción de goberno. Pero o certo é tamén que catro anos da primeira Lexislatura contribuíron a dar un avance na

conciencia nacional galega, que moitos non imaxinaban, e moito menos aínda se atrevían a vaticinar.

O Estatuto de Autonomía está basicamente desenvolvido. Algunhas leis de carácter básico, ás que me referirei máis adiante, coma, por exemplo, a de Organización Territorial de Galicia, terán que afrontarse axiña sobre o consenso xeral das forzas políticas que teñen que entender que nelas non se desenvolve ningunha lexítima visión partidista da nosa sociedade, senón que calquera tendencia política e calquera equipo de goberno terá que asentarse nas actuacións que as devanditas leis van normar. Para elas pedirei —pídoo xa desde agora— sistemas de ponencias conxuntas, que dean máximo rigor a aspectos reformadores da nosa sociedade, como son: unha nova ordenación do ensino superior; a revitalización do papel político da comarca e da parroquia; a organización xudicial e a ordenación das diferentes Administracións que operan sobre o territorio da Comunidade Autónoma. E non se pense que como gobernante renuncio a ningunha responsabilidade que me corresponda, xa que en calquera caso manifesto a miña vontade de suprir con iniciativas de goberno a posible falta de acordos consensuados. Tampouco se pense que chego a esta conclusión forzado pola estrutura da representación parlamentaria. Pénsese só na vontade de que aspectos tan esenciais para a configuración do futuro da Comunidade Autónoma non xeren conflictividade nin deixen illados sectores sociais que queiran ver reflexados os seus criterios nesa fundamental normativa.

Coido que o desenvolvemento das potencialidades do Estatuto dependen xa máis de acada-los instrumentos competenciais, administrativos e presupostarios necesarios que da propia tarefa lexislativa. E, polo tanto, o meu compromiso débese entender neste amplo sentido xenérico que abarca tódolos aspectos da autogobernabilidade que a nosa Carta institucional básica nos garantiza.

Os mecanismos institucionais de Galicia están xa experimentados, polo que cabe esperar que unha actividade de esforzo semellante á realizada na pasada Lexislatura ha de dar froitos decisivos na presente. Nela xa non estamos diante do reto de vencer inercias seculares, nin diante da carencia absoluta de medios, nin faltos da presenza moral e física das institucións. En consecuencia, temos só o reto de ir perfeccionando a obra que xa está encamiñada, de ir pechando o círculo variado de realidades que define a nosa condición de nacionalidade histórica, e de ir exercendo, con crecente eficacia, a acción de goberno que xustifica o feito autonómico asentado por natureza no feito diferencial.

España forma xa parte de cheo da Europa comunitaria, e dentro de España e de Europa, o horizonte da Galicia de 1990 é o dunha Comunidade Autónoma modernizada nas súas infraestructuras e na súa realidade socio-cultural, reequilibrada nos seus diferentes territorios, vertebrada política e institucionalmente en torno a unha idea común que orienta, coordena e fai fructifica-los esforzos das institucións encargadas de administra-lo entramado dos diferentes intereses que nela concorran. O horizonte dos 90 parte dunha xuventude que ten xa niveis de escolarización e de formación que garantizan a adecuada inserción no mundo moderno das novas xeracións.

Os próximos catro anos deberán configurar, con formas alonxadas de mimetismos e complexos, unha Administración plenamente descentralizada e cabalmente mesurada en función dos recursos que administra, dos intereses ós que atende, e da capacidade política real que a respalda.

Nese horizonte dos 90 Galicia terá afondado tanto na súa realidade e nos seus destinos que cumprirá o papel de nacionalidade no marco constitucional español e nos esquemas políticos e económicos de Europa, e terá atopado o camiño definitivo de equilibrio entre o que podemos ser e o que realmente somos.

Non queremos pecharnos en nós mesmos. Hai que fuxir do illamento. Galicia estase atopando a si mesma, e por iso máis que pecharse quere abrirse, contribuír, recibir influencias positivas, xurídicas, de culturas, de economías, de xentes alleas, quedar inserta, en definitiva, nas nacións que camiñan á cabeza do mundo cara ó ano 2000.

Para iso imos facer unha reivindicación plena das nosas competencias, imos defende-los nosos instrumentos financeiros de autogoberno, imos transforma-lo marco xurídico galego.

E todo isto non é só unha promesa: é unha decisión, decisión de continuar, seguro como estou de que, máis alá das discrepancias dos plantexamentos de fondo, ninguén pode negar que os catro anos da primeira Lexislatura foron plenamente utilizados na transformación de Galicia.

Seguirán existindo atrancos que hai que vencer, haberá que buscar saídas xurídicas e políticas, mesmo solucións imaxinativas pactadas, para evitar que baixo a fórmula de control de constitucionalidade se sigan producindo límites á tarefa lexislativa e normativa da nosa Comunidade máis alá de criterios de pura racionalidade.

Seguiremos loitando por tódalas vías por unhas transferencias en condicións de seren exercidas. Tivemos, ás veces, a sensación de que a acción do noso Goberno non era tratada, no plano da negociación e da necesaria concordancia

dos intereses autonómicos, co rigor que a nosa dignidade de nacionalidade histórica nos outorga. En tres ocasións houbo que acudir a peticións formais de carácter xurídico ó Goberno Central, para abri-la vía de arbitrio do Tribunal Constitucional por retención inxustificada de transferencias. Os límites competenciais son cada vez rebasados con máis facilidade, e son evidentes a intencionalidade e as consecuencias políticas. Se fose necesario, e sentada xa a tutela da Xunta sobre o proceso executivo de transferencias, propoñería a formación dunha Comisión Mixta de Transferencias integrada por tódalas forzas parlamentarias que volcase o peso institucional deste Parlamento na solución final dun proceso a piques de rematar.

Por iso, afronto esta investidura con intención de continuidade nun proceso na procura da súa perfección, consciente de que acumulo en min o labor, certamente exemplar desde o punto de vista institucional, deste Parlamento, ó que teño que mostra-lo meu agradecemento nas súas persoas e nas de moitos Deputados que xa non forman parte desta Cámara, pechando esta primeira parte cunha lembranza colectiva ó único Deputado falecido, don Ramón Lareo López, como testemuña de cantos compartimos con el a tarefa parlamentaria.

E deste xeito inicio un percorrido polos sectores sobre os que quero expoñer os puntos programáticos da actuación do futuro Goberno, aínda que suliñe previamente que como base do mesmo está o programa da Coalición Popular, co que solicitámo-la confianza dos galegos.

Cómpre sinalar primeiramente que esta nova Lexislatura inicia os seus pasos sobre unha realidade que configurará no futuro o horizonte político, que é a integración na Comunidade Económica Europea.

É coñecida a postura que o Goberno Galego sostivo sobre o que a integración supón. E aínda que a nosa posición non foi escoitada polo Goberno Central, e sabemos que se poden producir algúns atrancos no noso desenvolvemento, con todo, aceptámo-las obrigas impostas, e estamos dispostos a deseñar, instrumentar e segui-las actuacións que cómpre abordar.

Solicito, pois, das Súas Señorías, que me acompañen, aínda que sexa levemente, nas consideracións que agora paso a expoñer.

A integración de España no concerto da Comunidade Europea —a primeira potencia económica mundial— é un feito que vai informa-la vida dos galegos nos próximos anos.

Convén non esquecer, non obstante, que a Europa dos dez formouse nos anos de desenvolvemento económico. A Europa dos doce nace na Europa da

crise. Por outra banda, tódolos datos mostran que as diferencias xeográficas no desenvolvemento tenden a medrar. Estas realidades póñennos na obriga de mira-lo futuro con precaución. Con todo, sabemos que por moitos que sexan os riscos da integración, maior sería o de perde-lo tren de Europa.

Polo tanto, a mesma integración na Comunidade Económica Europea impoñeranos outras esixencias no goberno da Nosa Terra e, sobre todo, na defensa dos seus intereses.

Non se pode esquecer que o Tratado de Roma non prevía unha política financeira para a realización dunha política rexional, aínda que se establecese a posibilidade dun tratamento especial para algunhas rexións. Foi despois da adhesión do Reino Unido, de Irlanda e de Dinamarca cando se notou un incremento dos desequilibrios rexionais, e se tivo en conta a necesidade duns instrumentos específicos para o desenvolvemento dunha política rexional.

Deste xeito creouse no ano 75 o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). E apareceron outros organismos que teñen intervencións de marcado carácter rexional, tal é o caso do fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (o FEOGA) e o do Fondo Social Europeo, sen contar coas accións que se fan pola vía dos préstamos ou bonificacións por medio do Banco Europeo de Investimentos (BEI) ou do Novo Instrumento Comunitario (NIC).

Neste cadro de instrumentos de actuación rexional coidamos que é moi importante dispoñer na nosa Comunidade Autónoma dos medios precisos para aporta-los nosos propios criterios á elaboración dos Programas de Desenvolvemento Rexional. Efectivamente, a evolución do FEDER puxo sobre aviso ás autoridades comunitarias do perigo que supoñía a redacción dos proxectos que se debían integrar no Fondo por parte dos Estados membros, sobre todo no caso de países cunha gran tradición centralista. E aínda que a nova regulación do Fondo concede unha maior importancia ós Programas de Desenvolvemento Rexional, non cabe dúbida de que os devanditos programas teñen un carácter indicativo, e precisamente por iso a súa elaboración debe contar coa intervención das autoridades competentes, que neste caso son as Comunidades Autónomas. Nestas circunstancias non podemos prescindir na nosa Administración dos medios precisos para avalia-los desequilibrios rexionais, para a proposición de programas axeitados ás nosas necesidades, para o seguimento dos plans aprobados para as distintas áreas xeográficas e do seu cumprimento e da súa rentabilidade.

Nesta perspectiva o reto é dobre e comporta, polo tanto, unha dobre dificultade. Dun lado, atende-la propia Administración para facela máis eficiente; doutro

lado, adicar máis esforzos ó estudio da realidade nova que é a integración na Comunidade Económica Europea para analiza-las dificultades que provoca e deseña-las actuacións indispensables para evitar esas dificultades cos medios institucionais que a propia Comunidade ofrece.

Coidamos que isto non será posible se non se actúa nun dobre frente: dun lado, defende-las competencias estatutarias, que non poden ser postas en dúbida por mor dunhas esixencias puramente tecnocráticas. Doutra banda, propiciar un clima de solidariedade por medio da colaboración entre este Parlamento e tódalas Administracións que teñen responsabilidades en Galicia e con Galicia.

Non se pode deixar nas mans do Executivo autonómico toda a inmensa responsabilidade que o reto europeo trae, e moito menos cando lle son alleas (pero non indiferentes) as competencias, en política exterior.

Precisamente por iso ofrecemos e pedímo-la instalación dun foro no que se analisen e discutan as posibilidades no que cada parte faga fronte ás súas propias responsabilidades (aínda que só sexa a efectos informativos) e no que se procuren artellar (sen prepotencias nin dogmatismos de calquera clase) as solucións máis axeitadas para os problemas que nos próximos anos van estar presentes no horizonte galego.

En canto ó influxo da integración na CEE no noso sistema institucional, que se basea na Constitución, non estamos dispostos a deixarnos convencer por supostos interesados que, ás veces, queren poñernos diante a pantasma dun nacionalismo egoísta, que nós endexamais defendimos, ou unhas esixencias técnico-burocráticas que se queren utilizar en contra do sistema de convivencia que estamos asentando entre tódolos españois, e do que os galegos queremos sentirnos copartícipes. Xa non se pode proclamar que o que algúns chaman rexións estean subordinadas ó Estado. Esta subordinación realmente cabe se se fala en liberdade. A liberdade non se compadece coa sumisión e os pobos libres non obedecen máis cás súas leis e os compromisos que libremente aceptaron.

Entender doutra forma a integración na Comunidade Económica Europea supón, cando menos, un atentado á liberdade e, sobre todo, unha falta de imaxinación que a propia realidade pon de relevo.

Nós non poñemos en dúbida as competencias exclusivas que o Estado ten atribuídas pola Constitución en materia de relacións internacionais. Tampouco descoñecémo-lo artigo 93 do texto fundamental polo que toca á garantía do cumprimento dos tratados que atribúan a unha organización internacional o exercicio de competencias derivadas da Constitución.

Pero deste noso respecto e entendemento non se pode concluír que sen máis, pola vía da integración europea, se vaian baleira-las competencias que esta Comunidade Autónoma ten recoñecidas polo seu Estatuto. E esta non é unha cuestión desprovista de contido, porque o fondo do asunto é propiamente este: se non son as Comunidades Autónomas as que executen o Dereito europeo, as competencias que lles están transferidas, ou que se lles poidan transferir no futuro, evaporaranse de contado se temos en conta a amplitude de contido e a variedade material das normas comunitarias.

Polo demais, non estamos a facer unha declaración de insolidariedade. O contrario, queremos facer presente que ó asumi-la integración en Europa esiximos para as nosas competencias o respecto que a Constitución e o Estatuto impoñen, e proclamámo-la nosa vontade de racionaliza-lo noso labor neste eido. Para iso dispoñemos de previsións legais, tal e como veñen recollidas nos artigos 21, 22 e 23 da Lei Orgánica do Consello de Estado: «As Comunidades Autónomas, por medio dos seus Presidentes, deben consultar ó Consello de Estado sobre os anteproxectos de leis ou disposicións regulamentarias que haxa que dictar en execución, cumprimento ou desenvolvemento dos tratados, convenios ou acordos internacionais». Aínda sabendo que os dictames non son vinculantes, proclamamos unha vez máis a nosa confianza no xogo democrático e obríganos, como sempre, a usar tódalas posibilidades que as leis nos outorgan en prol dunha mellor gobernabilidade da Nosa Terra e de España.

Agora ben, esta actitude institucional non evita de ningún xeito a necesidade de incardina-lo noso labor político no proxecto europeo.

Non é este o momento de facer recuento dos contactos e dos proxectos que neste tema se abordaron na pasada Lexislatura. Ademais, este non é un repaso ó estado da Comunidade Galega: trátase de presentar uns proxectos de actuación que son os que conforman o programa que estamos a ofrecer para reclama-la confianza do pobo galego representado nesta Cámara.

Desde este punto de vista, de cara á integración na Comunidade Económica Europea, as grandes liñas dos nosos obxectivos pódense expoñer así:

Queremos manter e impulsa-lo labor da Comisión formada por representantes das Consellerías máis implicadas no proceso de integración e que se veñen ocupando dos temas relacionados coa política económica en xeral e cos temas europeos en particular, fundamentalmente no que se refire ó Plan Económico e ós asuntos relativos ós fondos estruturais. En consecuencia, manteranse as reunións sectoriais monográficas coa Secretaría de Estado para as relacións

coa CEE, co dobre obxectivo de servir de canle informativa das directrices comunitarias e de expoñer a posición da Administración galega en tódolos asuntos que a afecten.

Faremos todo o que sexa posible para ampliar a formación e a información que precisa Galicia para afrontar as complexidades da integración, procurando unha axeitada posta ó día dos funcionarios das Administracións Autonómica e Local, das institucións interesadas no tema, e de calquera colectivo que pola súa especial significación o precise.

Procurarémo-la presenza activa da nosa Comunidade nos grupos de traballo que na Administración Central se ocupen dos Programas de Desenvolvemento Rexional, dos Fondos estruturais e da correcta aplicación da Lei de Incentivos Rexionais.

Poñeremos en marcha e impulsarémo-lo labor das conferencias sectoriais que se establecen en coordinación coa Administración Central.

Procuraremos manter un estreito contacto coa Administración Central para a asunción da diversa normativa comunitaria que pode afectar ás disposicións legais de que é a Comunidade Autónoma a autoridade que ten que executar o Dereito europeo.

Ampliaremos os nosos contactos co exterior, dentro da debida coordinación coa Administración do Estado, para lograr unha maior presenza de Galicia nas organizacións europeas e especialmente na Comisión da CEE en Bruselas, no Parlamento Europeo en Estrasburgo e Luxemburgo, e nos organismos rexionais.

Manterémo-los actuais contactos para lograr os obxectivos previstos entre Galicia e a Comisión de Coordinación da Rexión Norte de Portugal como vimos xa facendo desde o ano 83.

Coidamos que estas previsións supoñerán para a nosa Comunidade unha verdadeira comprensión dos problemas e unha visión axeitada para a súa solución progresiva.

Con todo, este esforzo por coñecer o marco internacional, no que temos que nos integrar, non pode facernos ignorar o punto de que partimos. Aínda coñecendo as grandes posibilidades da Autonomía, e sabendo canto labor se está a facer desde que contamos co noso Estatuto, sería temerario non ter presente que soamente catro anos de Autonomía non abundan para remove-los atrancos e reparar as inxusticias que segue a padecer Galicia.

Pero hai outras dimensións, de moi profunda raigame histórica, que debemos de ter presentes. A solución dos problemas empeza xustamente por recoñecer que o problema existe, por investigar cal é a súa dimensión.

Tratarei, en consecuencia, de facer unha cala nos principais problemas de carácter sectorial que nos preocupan.

Preocúpanos o sector agrario, de grande importancia en Galicia, e unha baixa produtividade, tanto pola excesiva concentración de man de obra no sector coma polos reducidos rendementos técnicos da maior parte das explotacións. Débese esta realidade á gran fragmentación das explotacións; ás deficiencias tecnolóxicas, ó subemprego, á deficiente situación sanitaria do gando, ó baixo emprego de razas e sementes selectas, e á pouca formación do agricultor. Todo isto favorece unha estrutura productiva de altos custos, baixa produtividade e baixísima especialización. Tamén se pode apreciar unha escasa mobilidade na propiedade da terra, que contribúe ó mantemento da situación.

O sector pesqueiro mostra como primeiro rasgo unha frota moi desigual, pois mentres que a de altura posúe unha tecnoloxía avanzada e competitiva, a de baixura e parte da de altura está envellecida e a penas conta con dotación tecnolóxica axeitada. Por outra parte, son coñecidas as dificultades existentes nos caladeiros de baixura e a conflictividade na explotación dos bancos marisqueiros, que están provocando unha diminución das especies costeiras e impedindo a rexeneración dos bancos.

O sector industrial sofre, á parte da inexistencia dun tecido social forte, a desproporción entre a concentración dunhas poucas áreas e a extensión territorial galega. Abonda con pensar que os eixos Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol suman máis do 75 % do emprego industrial galego.

Por outro lado, aínda que algunha industria galega chegase a un grado de especialización forte, o proceso de reconversión industrial bota por terra as asperezas logradas na especialización. Outras ramas industriais (a química, os transformados metálicos, a construción, a madeira, a cortiza) teñen unha boa presenza en Galicia, pero a súa configuración heteroxénea fai que non poidan ser consideradas como liñas de especialización, e a súa actuación limitase a Galicia.

Todas estas dificultades ou deficiencias sectoriais cobran unha nova dimensión polas deficientes estruturas de comercialización que padecemos. Agora ben, cómpre que os señores Deputados saiban que os atrancos e reorientacións que a nosa integración na Comunidade Económica Europea nos impón, foron rigorosamente analisados polo noso Grupo, de xeito que a Coalición Popular está en condicións de ofrecer a Galicia a política sectorial máis axeitada á realidade do momento, e que eu expoñerei de contado aunque non sen antes facer unha precisión: xa sabemos que todo discurso de

investidura é, por unha parte, excesivamente longo e, pola outra, incompleto. E coido que os señores Deputados coincidiran en que a análise sectorial debe comezar polo sector agro-gandeiro.

Os grandes problemas estruturais da nosa agricultura, dos que dei conta en liñas xerais, esixen un intenso esforzo de transformación e modernización que demandan as estruturas comunitarias europeas e o seu grado de competitividade.

É evidente que a agricultura galega, coas excepcións xa sabidas, non ofrece unha taxa de produción acorde coas súas posibilidades naturais. Por iso, é preciso un plantexamento de obxectivos de Goberno para transformar esta situación.

Neste senso, cómpre manter actuacións xa moi experimentadas, tal é o caso da concentración parcelaria, que é preciso intensificar, superando a taxa alcanzada na Lexislatura precedente, que triplicou a media histórica de superficie concentrada.

Do mesmo xeito temos que potencia-la política de extensión agraria, non só mellorando a dotación de especialistas, senón tamén impulsando os centros de Formación Profesional especializada, adaptada ás necesidades reais do sector, e fomentando o asociacionismo agrario para suprir pola vía do fomento as deficiencias estruturais.

Dous grandes obxectivos cabe sinalar. O primeiro, alcanza-la equiparación do status económico e social dos agricultores ó doutros sectores económicos. O segundo, conseguir que o consumidor reciba produtos agro-alimentarios de calidade. Estes dous obxectivos finais que se inter-relacionan soamente serán posibles cunha serie de medidas que varían, desde poñer en valor superficies incultas, ou mal aprobeitadas, ata acadar no campo galego tal grado de competitividade que lle dea o peso que merece na agricultura española e comunitaria. Con tal fin instrumentarémolas medidas axeitadas para promove-la creación de agrupacións ou unións de agricultores, co fin de que se utilicen en común a maquinaria e outros medios de produción. Ofreceráse material xenético, animal ou vexetal, que supra as deficiencias actuais; intensificaranse as campañas de actuación sobre a sanidade animal, dirixidas principalmente contra a tuberculose bovina, as bruceloses animais e a peste porcina africana. E, finalmente, sen descoida-la atención debida ó gando cabalar, lanar e caprino, á avicultura e á apicultura, sectores que hai que vertebrar e impulsar, pretendemos que en poucos anos Galicia pase a ser exportadora de gando selecto. A gandería intensiva nos lugares axeitados e a protección das reses autóctonas formarán tamén parte dos mesmos obxectivos.

A política forestal cobra o seu verdadeiro grado de importancia non soamente pola superficie que ocupa o monte en Galicia (case 2 millóns de hectáreas) senón pola súa produción (4 millóns de m³ de madeira, da que Europa é deficitaria), pola súa capacidade de incrementar esa produción e tamén —é preciso dicilo— polo perigo que os atentados contra esta riqueza por causa dos incendios forestais supoñen.

A transformación que se operou e se segue a operar en Galicia, cando o monte perdeu o seu valor de riqueza para o autoconsumo da casa, esixe re-converte-la situación por medio de accións sistemáticas que integren verdadeiramente esta produción no circuíto comercial e que lle dean ó monte o verdadeiro valor que ten (non só monetario senón tamén coa protección do medio ambiente e da calidade de vida) e que permita actuacións integradas en defensa da súa pervivencia e da súa restauración. Os concertos coas comunidades de veciños ou sociedades agrarias de transformación, a creación de novas masas forestais e a reforestación con especies axeitadas, desde as frondosas ás resinosas, e a vixilancia, limpeza e aproveitamento gandeiro dos montes, son outras tantas medidas que serán impulsadas ou postas en marcha na xusta medida das evidentes necesidades que se senten hoxe.

Para un servizo directo seguirase a fomenta-la investigación agraria, dirixida con carácter pragmático á solución de problemas concretos da agricultura galega, dada a urxencia, a lograr unha acomodación das explotacións á integración na CEE por medio de substanciais melloras técnicas e económicas de tódolos procesos productivos.

Dentro do sector primario, a política de pesca e marisqueo terá unha especial significación, non soamente pola importancia do subsector —especialmente o marisqueo— senón tamén porque está a vivir un fondo cambio estrutural por mor da transformación dos medios extractivos, do aumento das frotas e das súas limitacións. Foi precisamente cando se producía este cambio, cando a Xunta de Galicia asumiu as funcións e servizos que lle foron transferidos e tal feito condicionouno o exercicio das competencias.

Non obstante, iniciadas as primeiras actuacións lexislativas, regulamentarias e de xestión, é agora preciso completa-lo labor no sector pesqueiro, adaptando as vedas ás esixencias sociais e económicas, ampliando progresiva e racionalmente as mallas, limitando o número de unidades de aparellos, mellorando as embarcacións, impoñendo o uso de artes selectivas e instalando definitivamente unha eficiente vixilancia e inspección pesqueira.

Polo que lle toca ó marisqueo, tendo en conta que as nosas condicións

naturais e productivas colocan a España na cabeza do mundo dos cultivos mariños, a nosa liña de goberno pasará, indefectiblemente, por exercer unha política rigorosa no que importa á protección do medio, continuando, mellorando e intensificando a clasificación de zonas, o repoboamento de especies, a recuperación de bancos naturais, o desenvolvemento de novos sistemas de cultivos e a inmersión de biotopos con criterios científicos.

Por outra banda, as esixencias de produtividade, calidade e comercialización que demanda o mercado europeo, indican a necesidade de fomenta-la creación de asociacións de produtores e de seguir coa axuda técnica e económica ás empresas, asociacións e agrupacións adicadas ós cultivos mariños. A investigación pesqueira, concretada nos cultivos mariños, a ordenación dos recursos e as alteracións bioecolóxicas, é o abano de actividades que o meu Goberno pensa realizar neste campo.

Os problemas que moi someramente expuxen ó dar conta da situación do sector industrial, esixen, como ben saben as Súas Señorías, un tratamento especial.

Non se pode falar do sector industrial de Galicia se non se fala tamén dos plans de reconversión do sector naval, que meteron a industria galega nunha situación da que vai ser difícil saír se toda Galicia non pon nese labor o esforzo e a imaxinación precisos. Esa reconversión, que o poder central realizou contra a nosa opinión, sen ter presente a febleza do entramado industrial deste país e a súa excesiva concentración sectorial e territorial e, por outra banda, aplicando criterios sospeitosos, está provocando unha dolorosa situación de paro, situación que non soamente padecerán os traballadores de Vigo e O Ferrol, porque o nivel de consumo rexional pode reducirse nunha alta porcentaxe. A gravidade do problema é patente.

Na súa primeira Lexislatura, esta Cámara foi testemuña dos nosos esforzos para conseguir que o Goberno Central elaborase unha política de reconversión e reindustrialización que corrixisse os desequilibrios do pasado. Galicia non foi oída en cuestión tan importante. Aínda máis, foi impugnado polo poder central un decreto da Xunta que trataba de remedia-las fallas dun futuro.

Pero nós seguimos pensando que o mellor posto de traballo é o que non se destrúe. A partir de aquí buscarémo-la viabilidade das empresas en dificultades, propiciaremo-la innovación tecnolóxica e colaboraremos co sector privado no nacemento de novas industrias e na adecuación das existentes. Graduaremos estas liñas de colaboración e promoción en función de criterios sectoriais e de localización. Naturalmente dentro das nosas posibilidades presupostarias.



O presidente Albor e o vicepresidente Barreiro
seguinto un debate no pazo de Fonseca.



Debo referirme especialmente á pequena e mediana empresa galega, que ten unha problemática que non transcende moito á opinión pública, pese a que afronta dificultades importantes, entre outras a súa falta de adaptación ós modernos procedementos de produción. Polo tanto, é imprescindible instrumentar un apoio á xestión empresarial por medio de programas de información e melloras tecnolóxicas. Valla como exemplo a artesanía.

Tamén a minería merece algunha reflexión, por ser unha actividade que nos pode aportar maiores cotas de rentabilidade, incrementando o valor engadido. A colaboración con este sector debe ser decidida e firme, xa que non se pode esquecer que os recursos mineiros —patrimonio de tódolos galegos— non son renovables.

Polo que lle toca ó sector enerxético, manterémo-lo obxectivo de logra-la explotación de recursos ociosos e de acadar un total cubrimento territorial no subministro de enerxía eléctrica, co que se permitirá mellora-las condicións de vida dos nosos campesinos, ofrecéndolles medios que lles faciliten a adaptación das súas explotacións ó reto da CEE, ademais de senta-las bases para unha necesaria industrialización.

Por outra banda, os industriais galegos deberán encontrar na Administración Autonómica o asesoramento e os apoios precisos para obter un maior rendemento enerxético por medio de novas tecnoloxías e polo aproveitamento de enerxías alternativas.

Podo dicir, pois, que se as Súas Señorías me conceden a súa confianza, o Goberno de Galicia loitará por unha maior participación do sector industrial na estrutura económica da Nosa Terra. Dicir isto no ano da nosa integración na CEE quere dicir que ese esforzo pasa polo incremento da competitividade e da produtividade nas nosas empresas.

Finalmente, quero referirme a unha aspiración que, como vello amante da miña terra, hai anos que persigo. O meu Goberno considerará prioritarios aqueles sectores industriais que realicen integramente en Galicia o seu ciclo productivo. Este obxectivo, no que non escatimaremos esforzos, fortalecerá a nosa rede industrial e provocará un aumento do investimento na pequena e mediana empresa.

Polo que xa levo dito, poderán constata-las Súas Señorías que a nosa futura acción de Goberno se basea en tres coordenadas: a recuperación económica, a eliminación do desemprego e maila mellora da calidade de vida. As orientacións sinaladas obríganos, pois, a outorgar unha importancia excepcional á política de obras públicas.

Nese senso, xa temos programada a nosa actuación de xeito multidireccional, procurando a máxima rentabilidade dos investimentos, coordinando iniciativas e velando para que o investimento estatal non manteña a súa tendencia á baixa.

Sen dúbida, señores Deputados, lembrarán que xa o Plan Xeral de Estradas fixo un investimento moi importante, en 8 anos, para renovar e amplia-los 4.900 km de rede viaria autonómica.

Seguindo as directrices marcadas, no vindeiro cuatrienio esperamos conseguir unha mellor comunicación intercomarcal, suprimi-los esganamentos do tráfico automobilístico nos accesos ó centro de Galicia, amplia-los enlaces terrestres con outras Comunidades e Portugal amais de facer accesibles as comarcas peor dotadas.

Tamén na área da infraestrutura, cómpre referirse a un apartado que resulta vital para o progreso de Galicia: ninguén pode esquecer que vivimos cara ó mar e xa nos últimos catro anos demostramos que unha atención continuada á potenciación dos nosos portos fructifica espectacularmente.

Durante o meu primeiro mandato, triplicámo-lo investimento que habitualmente adicaba ós nosos peiraos o Goberno Central; eu garantízo-lles ós homes do mar que seguiremos nesa liña e ademais ordenarémolos servizos portuarios, potenciarémolos usos alternativos dos peiraos, e esixirémola nosa participación nas Xuntas de Obras dos portos de interés xeral.

Así mesmo, coidamos que o desenvolvemento nacional do transporte colectivo é unha tarefa inescusable. Xa que logo, entre outras medidas, promoverémola renovación do parque de vehículos e a construción e rehabilitación das estacións de viaxeiros e de mercancías.

Remato a análise da nosa acción de Goberno en obras públicas cunha referencia ó que vai se-la nosa política urbanística e de vivenda. É obvia a transcendencia de ámbalas dúas cuestións, xa que aínda queda por artellar un cadro físico urbano axeitado, por procurar unha racional distribución da poboación, por fixar nidiamente os límites entre o solo urbano e urbanizable, por ordena-lo espazo rural, por acadar, mediante un plan de necesidade, unha mellor calidade na construción.

Este último aspecto é particularmente importante, xa que a edificación ten en Galicia unha maior antigüidade que no resto de España. O ter xa transferidas as competencias sobre vivenda, a creación do Instituto Galego da Vivenda e do Solo, permitirá non só fomenta-la construción e rehabilitación de edificios a precios realistas e asequibles, senón tamén amplia-la oferta de solo urbano, urbanizado, e mellora-lo medio ambiente urbano. Así mesmo proxectamos

establecer unha normativa complementaria da estatal para garanti-la responsabilidade de vendedor e as cantidades entregadas a conta nas operacións de adquisición de vivenda.

Nembargantes, a mellora do benestar social e a mesma recuperación industrial quedan baixo unha pauta inesquecible: a protección do medio ambiente. Superados os atrancos que supón o comezo dunha política na que moi pouco se fixera en Galicia, ó principio desta Lexislatura atopámonos nunhas excelentes condicións para que, na nova xeira que se nos abre, fagamos realidade a nosa teima de conseguir unha mellor calidade de vida e unha efectiva protección dos nosos recursos naturais.

Para acadar esa meta, cómpre partir do saneamento do medio rural, que plantexa dous problemas importantes: o abastecemento de auga potable e a eliminación de augas residuais humanas e de residuos sólidos. A resolución de ámbolos dous problemas pasa polo rigoroso control sanitario da calidade microbiolóxica das augas e, ó mesmo tempo, polo artellamento de axudas económicas e técnicas para mellora-los sistemas de abastecemento e depuración.

Polo que atinxe ós residuos sólidos, adiántolles ós señores Deputados que, amais de asesorar e subvencionar ós Concellos, o meu Goberno, de ser eu investido, optaría por unha solución moderna e economicamente beneficiosa: a reciclaxe. Tamén proxectámo-la construción, segundo a normativa comunitaria, dunha planta de residuos industriais especiais.

A miña referencia á normativa comunitaria non é gratuíta, porque a CEE ten amosado o seu interés pola conservación do medio ambiente, nunha propia e ampla lexislación. De entre ela eu quero salienta-la Carta Europea do Litoral, de enorme transcendencia para Galicia, xa que o noso país —e coido que os señores Deputados coincidirán comigo— é unha das zonas do continente cunha beiramar máis importante, tanto desde o punto de vista ecolóxico coma do económico. O reto da protección da nosa costa ímolo afrontar coa elaboración de plans de acción integral nas 5 grandes rías galegas e cos lóxicos traballos de saneamento; así mesmo asumímo-lo compromiso de conserva-las máis de 40 zonas húmidas costeiras e illas con valor ecolóxico.

Non é pouca a tarefa de goberno que acabo de perfilar, mais coido que a defensa da natureza non é soamente competencia da Administración. Os cidadáns, tódolos galegos, temos que asumir como traballo colectivo a conservación do noso patrimonio natural. Para iso o meu Goberno procuraría a educación ambiental da cidadanía, complementada co ordenado disfrute das belezaas da Nosa Terra.

Baixo o noso Goberno na anterior Lexislatura, principiou o proceso de adaptación do sistema educativo ás características e necesidades de Galicia, sentáronse as bases da normalización lingüística, déuselle un pulo extraordinario á mellora da infraestrutura educativa e apostouse pola liberdade de ensino e pola igualdade de oportunidades.

As mesmas liñas de actuación son as que hoxe renovo diante desta Cámara, xa que os nosos obxectivos seguen a estar postos no perfeccionamento do profesorado e en conseguir unha maior igualdade real de posibilidades educativas.

Teño que remarcar, con todo, que na nosa futura acción de goberno seguirá a ser fundamental a tarefa da normalización lingüística. Témo-lo deber institucional e histórico de que a nosa lingua ocupe o lugar que lle cómpre. Pero somos ben conscientes de que iso non terá lugar se non se traballa, fundamentalmente, coas novas xeracións e con todo o rigor que o horizonte cultural nos impón. O uso normal do galego en tódolos sectores do ensino, da Administración, dos medios de comunicación e, en fin, o uso habitual do galego como lingua de instalación, esixe un esforzo grande, pero presidirá o noso labor de goberno.

Na área da educación universitaria, que tanto nos preocupa, tanto no seu aspecto formativo coma de investigación, propoñemos un proxecto de lei consensuado que sexa produto dun labor de conxunto de tódolos Grupos Parlamentarios.

No terreo da política cultural, partimos do fondo respecto á nosa cultura e á nosa vocación europea e pretendemos reafirma-la nosa personalidade e potenciar e difundir as inxerencias do pobo galego. Con esta finalidade propoñemos, na orde práctica, unha estimulación operativa entre a Administración Autonómica e cantas entidades, institucións e organismos serven a unha política que dinamice a actividade cultural da nosa sociedade. O noso gran obxectivo de goberno será o da completa normalización cultural e as Súas Señorías saben que con tal fin temos que crear unha axeitada infraestrutura, ó tempo que se realizan accións concretas en prol do libro e das bibliotecas e unha política do patrimonio artístico, monumental, arqueolóxico, etnográfico e museístico, que garante a súa conservación e o seu servizo ó enriquecemento cultural do país.

Seguindo coa análise da política sectorial teño que me referir, aínda que sexa moi sinxelamente, a un sector moi querido por min e ó que é moi sensible o noso pobo.

Non quero iniciar as miñas consideracións cunha amarga crítica ós que nos están negando a posibilidade de que os galegos artellemos na nosa propia

terra unha política sanitaria global. Pero como tódalas forzas políticas galegas formularon na pasada campaña electoral a súa posición sobre o INSALUD, teño que dar conta de que o Goberno Central continúa a impedir unha transferencia que xa está confirmada desde o pasado setembro. E no caso de que sigamos nesta anómala situación, acudiremos ó Tribunal Constitucional para a lexítima defensa dos nosos dereitos constitucionais e estatutarios.

Temos por diante o difícil labor, tan apaiñoante, de mellora-lo sistema sanitario da sociedade galega. E aínda que sabemos que o noso punto de partida é unha desalentadora situación, con deficiencias graves na infraestrutura e con niveis sanitarios por debaixo da media nacional, con persoal ó servizo das institucións hospitalarias e ambulatorias insatisfeito e desanimado, non por iso deixamos de proclama-los nosos principios, que consisten na aplicación do principio de que hai que facer social a asistencia e mellora-la xestión, en lle ofrecer ó pobo galego a libre elección do médico e do centro sanitario, cun sistema realista baseado en plans pilotos. Pretendemos, así, chegar á utilización de tódolos medios, públicos e privados, dentro dunha concepción integral do sistema sanitario galego, en función da calidade e da acreditación na rede de asistencia única galega. Un proxecto de lei que presentaremos no marco xurídico no que se desenvolverá a política sanitaria global, en canto recibámo-las transferencias pendentes.

No campo da saúde pública convén insistir no labor xa iniciado de darlle toda a súa importancia á medicina preventiva, desenvolvendo a rede de equipos específicos multidisciplinares que xa veñen funcionando nas Delegacións Provinciais de Saúde e nos Centros de Saúde de atención primaria, que seguiremos a construír e a equiparar nunha política de acercamento ó usuario.

Tódalas actuacións sectoriais están presididas, naturalmente, pola pretensión de acabar co desemprego, ou polo menos de varia-la súa tendencia. A crise económica e a entrada nunha nova era tecnolóxica converteron o desemprego no problema máis serio das sociedades máis desenvolvidas, problema que non se pode abordar coa simple demagogia ou as promesas de moitos ceros.

O noso Goberno porá o seu permanente esforzo na adecuación dos niveis de emprego á oferta de traballo e iso pese a que tamén neste campo se nos negue o traspaso dos servizos apropiados e das súas dotacións presupostarias. Coincidirán comigo as Súas Señorías en que non podemos pensar no pleno emprego, nin tampouco proceder á cuantificación das expectativas de creación de postos de traballo. Pero a orientación da nosa política sitúase en dúas vertentes: dun lado, tratar de reduci-lo excedente de man de obra que

xere a modernización do sector primario e, doutra banda, ademais de afrontar a situación dos sectores en reconversión, poñe-los nosos esforzos en que non se nos frustren as ilusións e futuro da nosa xuventude.

Neste camiño, xa principiado na anterior Lexislatura, o Goberno que eu presida propoñerase, coa colaboración doutros organismos e dos axentes sociais, participar en empresas; estimula-lo investimento público orientado a xerar emprego; apoia-la iniciativa privada financiando investimentos, fomentando a investigación e promovendo contratacións temporais e a tempo parcial; subvenciona-las empresas que metan nos seus cadros de traballo xente nova, minusválidos e parados; impulsa-la formación técnica e profesional da nosa xuventude e tamén os apropiados cursos de reciclaxe. Finalmente, defender un cooperativismo regulamentado, pero con pouco control intervencionista, de xestión democrática e axeitado ás pautas que marca a liberdade de mercado.

Afronto ademais, señora e señores Deputados, outra cuestión de enorme transcendencia social: a emigración, da que ás veces se fala con máis lirismo do que convén e sen a reflexión serena que lle cómpre.

E ó abordar este tema, as Súas Señorías teranme que permitir unha nova referencia á nosa recente integración na CEE, porque teremos que centrar a atención en esixir-la total equiparación dos galegos residentes en Europa, tanto no relativo a emprego coma no tocante a seguridade social. Os nosos emigrantes, que tanto saben de marxinacións e penalidades, non deben seguir no esquecemento agora que España contribuíu de xeito oficial ó engrandecemento económico e social do Mercado Común.

Os nosos esforzos neste campo, non obstante, non son novos; esta mesma Cámara referendounanamente, na súa I Lexislatura, a Lei de Recoñecemento da Galeguidade, que tivo como froitos inmediatos a constitución do Consello de Comunidades Galegas e o nacemento dunha corrente de comunicación viva e fluída entre a Galicia de acó e as 120 comunidades galegas do exterior.

De calquera xeito, as posibilidades da devandita Lei son ben amplas e eu penso esgotalas se vostedes me conceden a honra de gobernar este país. Por unha banda, estimularemos ós emigrantes para que, co seu investimento, a súa creatividade e o seu esforzo, contribúan ó desenvolvemento dunha Galicia que xa non precise pecha-las súas portas para evitar que ninguén saia, parafraseando a Celso Emilio. Pola outra banda, revitalizaremos-los lazos cos galegos de fóra, de xeito que poidamos configurar unha Comunidade de dimensión universal e un pobo identificado coa súa orixe.

Indubidablemente a solución dos problemas que se foron expoñendo, a formulación dos obxectivos que permiten actuacións eficaces e mesmo a necesidade de coordinar accións coincidentes no mesmo medio, ou dirixidas a un territorio determinado, existen un perfeccionamento gradual da Administración Autonómica e, lóxicamente, da Función Pública que a serve.

Non é este o momento de recorda-las peripecias e os esforzos que supuxo organizar unha Administración galega nin tampouco o de se doer de que a Lei de Medidas Urxentes sobre a Función Pública fose unha grande ocasión desperdiciada. Pero quizais sexa o momento de reconsidera-lo que xa se ten feito e marcar novas metas para a nosa Administración.

Cómpre dicir, de entrada, que dispoñemos xa das estruturas básicas e fundamentais para lograr unha Administración moderna, eficaz e responsable. Pero caben aínda moitas melloras en moitos frentes.

Cómpre, en primeiro lugar, abordar unha racional e imprescindible descentralización administrativa por medio da articulación de órganos provinciais e locais que permitan un maior acercamento ó administrado, ó que lle hai que facilita-la rápida solución dos seus problemas.

Agora ben, esta descentralización administrativa ten que ver coa estruturación do territorio galego.

Cómpre, por tanto, que esta Cámara escoite algunhas reflexións sobre a organización territorial de Galicia. O artigo 2 do noso Estatuto marca unhas liñas fundamentais; aínda máis, dá unha orientación que todos temos que buscar na súa letra e no espírito que a inspirou. Poucas normas poden semellar máis claras ca esta que nos di: «A organización territorial terá en conta a distribución da poboación galega e as súas formas tradicionais de convivencia e asentamento». O problema principia a ser unha importantísima preocupación, cando se queren enche-los conceptos, cando se quere adiviñar que mandato nos obriga.

Cómpre non vira-los ollos cara ó pasado. O tradicional non é repeti-lo que xa pasou ou o que está pasando. A poboación non é unha esperanza soñada ou un anxeio utópico; xa antes de que nós nacésemos había modos de calcular esta realidade social, esa mesma realidade que hoxe podemos debuxar en mapas, en pirámides, en gráficas. A convivencia é un desexo —non sempre conseguido— de facer realidade pacífica o inalienable afán do home por ser un ser social. O asentamento do pobo pretendeu sempre estar ó servizo desa convivencia pacífica e hoxe non podemos pretender que o que foi e puido valer no pasado, nos ate agora as ás de liberdade que impón o presente e demandará o futuro.

Trato de adiviña-las nosas obrigas desde estas miñas reflexións e contemplo o apartado terceiro dese artigo 2 do Estatuto: «Unha lei do Parlamento regulará a organización territorial propia de Galicia de acordo co presente Estatuto». Esta previsión xurídica, que se complementa e configura no artigo 27,2, atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre a organización e réxime xurídico das entidades locais que nos son propias e que se matiza no artigo 40; esta previsión dos redactores esixe un esforzo conxunto de toda a Cámara.

Cómpre, polo tanto, facer fronte a este reto da organización territorial, cun ánimo disposto a tódalas aportacións para cumprir coa misión que o Parlamento ten encomendada. E, polo tanto, estimamos que é aconsellable, de acordo co previsto no Regulamento desta Cámara, que a iniciativa lexislativa neste aspecto concreto de desenvolvemento básico, corresponda a tódolos Grupos Parlamentarios e así se nomee a Ponencia que asuma o labor de facer actual a previsión que, con xenerosidade, recolleu o artigo 2 do Estatuto.

Non obstante, cómpre dicir que hai certos sectores da Administración que, pola súa propia e específica función, están xa instalados en todo o territorio galego. A Administración docente, a sanitaria, por non falar doutras ramas, que exercen a súa función directamente cos administrados —como poden se-las Axencias de Extensión Agraria— permítennos dicir que hai unha Administración prestadora de servizos, que precisa dunha coordinación que posibile, de primeiras, coñecer mellor as necesidades das nosas comarcas.

Por outra banda, as posibilidades dunha acción administrativa coherente e modernizadora hai que contemplalas desde a consideración das variadas Administracións que coinciden e están instaladas en Galicia. Falo, como é doado de comprender, das Administracións Locais.

Permitanseme algunhas previsións sobre este importante tema.

De especialísima importancia é a problemática que ten plantexada a coexistencia de diversas Administracións nun mesmo territorio e, máis concretamente, o papel que teñen que cumpri-la Administración Autonómica e as Administracións Locais. Problema que non é especificamente noso e que xa foi plantexado perante o Tribunal Constitucional, que nos avisa coa súa xurisprudencia do exquisito coidado que hai que ter para enfrentarse a cuestións tan complexas.

Respetuosos como somos coas previsións constitucionais e coa doutrina do Tribunal Constitucional, non podemos por menos de mirar con preocupación o desenvolvemento da Disposición Adicional terceira do noso Estatuto, sobre todo se consideramos tanto a garantía suprema do artigo 141 da Constitución

Española, coma se ollamos para a historia administrativa española, que nos dá conta de diversas vicisitudes polas que foi pasando a provincia desde a súa implantación en 1833.

Os contados intentos de resolver este problema pola fácil vía da coacción lexislativa, mostráronse xa constitucionalmente imposibles no caso catalán; politicamente insuperables no vasco; e están sen solución no caso valenciano. E aínda que nós esteamos de acordo co espírito que informa a Disposición Adicional terceira, non por iso negámo-la dificultade de buscar unha fórmula que permita a prevalencia dos intereses xerais de Galicia e sexa, ó mesmo tempo, respetuosa coa autonomía que as Deputacións teñan recoñecida na Constitución. Deste xeito, non imos nós permitir ningunha medida que o control da legalidade constitucional poida converter, sen máis, nun xesto para a galería ou nunha doada demagogia que para nada serve.

Xuramos no seu día a Constitución e o Estatuto, e ese mesmo xuramento obríganos a unha actuación que teña presente e sexa fiel ó bloque xurídico fundamental, sen que primen por riba desta fidelidade e desta rigorosidade xurídico-política, preconceptos que a exactitude dun Estado de dereito arrombaría doadamente.

Deste xeito pensamos que a coordinación que pide a Disposición Adicional terceira do Estatuto ha ser un froito que nos ten que dar, quizais despois de moitos traballosos intentos, o sentimento autonómico que ten que encher tódalas institucións galegas.

Sentados estes criterios fundamentais poderíase pensar agora no estudio inmediato dun proxecto de lei que establecese uns órganos consultivos nos que se puidesen discutir e adoptar criterios de actuacións interadministrativas que fosen proporcionando vías de coordinación e, mesmo, se puidesen establecer proxectos de actuación concretos que recollesen e amparasen os diversos intereses en xogo, entendendo así as diversas necesidades que cada Administración coñece mellor. Tal labor, axudado por unha eficaz información estadística e sociolóxica e por unha política seria e rigorosa de incentivos técnicos e económicos e por colaboracións de tipo funcional ou técnico, podería contribuir á creación dunha conciencia lexislativa que atenuase a non desexable competencia entre as Administracións interesadas. Non obstante, entendemos que a magnitude do problema e a súa especial complexidade aconsellan outra vía de actuación quizais máis demorada, pero seguramente máis ambiciosa.

Nos grandes temas institucionais, sobre todo naqueles que supoñen un desenvolvemento básico do Estatuto, nunca é suficiente un parecer ou unha

opinión, aínda no caso de que fose maioritaria. Cando están en xogo os presupostos básicos de organización da Comunidade, é sempre preferible chegar a un acordo institucional que permita unha solución aceptable por tódalas forzas políticas.

Deste xeito, tamén neste caso é aconsellable e oportuno recorrer ó procedemento lexislativo especial, previsto para os proxectos e proposicións de lei de desenvolvemento básico do Estatuto. Deste xeito, o Grupo Popular, que conta con máis da quinta parte dos Deputados que esixe o Regulamento da Cámara, propoñerá que a iniciativa parlamentaria sexa exercida polos Grupos e que se nomee unha Ponencia que elabore o texto da proposición de lei que cómpre para acadar-las obxectivos que marca a Disposición Adicional Terceira do noso Estatuto.

Outro tanto, aínda que nun plano diferente, cabe dicir no que lles toca ás Administracións municipais. Non se pode certamente xulgar cos mesmos raios ós 312 concellos galegos. E sen entrar agora en distincións entre as importantes conurbacións da Coruña e Vigo, o certo é que as diverxencias no territorio seguen a ser de moita importancia e iso sen contar co diferente grado de evolución que teñen A Coruña e Pontevedra en relación con Lugo e Ourense.

Polo demais, o espallamento da nosa poboación, que fai ás veces moi difícil a distinción entre o rural e o urbano, dá conta das moitas dificultades con que se atopan no exercicio das súas funcións os nosos entes locais.

Non fai falla enumera-las carencias que os nosos concellos padecen, das que non é a menor a de non contar en moitos casos cos axeitados instrumentos que o urbanismo demanda. De tódolos xeitos esta carencia é un só dos exemplos que se poden poñer.

Desde tal perspectiva, o Goberno que eu poida presidir propoñerase, como obxectivo básico diante dos concellos de Galicia, poñer á súa disposición un axeitado sistema de asesoramento, que se deberá mover en tres planos de actuación:

Asesoramento técnico, cando os proxectos de actuación rebasen as posibilidades dos concellos.

Asesoramento xurídico, puramente voluntario, que poida dar resposta puntual e solvente a determinados problemas que se lles poden presentar ós concellos e que é necesario coidar dilixentemente nun Estado de dereito. Esta pretensión non supoñerá o abandono das posibilidades de control agora existentes e que, por pequenas que sexan, é preciso adoptar cando está en xogo a mesma legalidade das actuacións municipais.

Pensamos que unha actuación deste tipo non é incompatible coa outra, pero a nosa pretensión final é lograr un dispositivo de asesoramento rápido e eficiente, que poida evitar actuacións non axustadas ó dereito, salvagardando así non só os dereitos dos administrados, senón que o asesoramento que se faga non teña carácter nin preceptivo nin vinculante; pero si pretendemos que os servicios de asesoramento sexan demandados pola súa mesma calidade e o conseguinte aforro que puidesen procurar.

Finalmente, pretendemos pontencia-lo asesoramento financeiro das Corporacións Locais, tal como xa se iniciou na pasada Lexislatura.

Por outra banda, tamén é preciso reflexionar sobre os problemas económicos que a mesma Administración Galega (por non falar de Autonomía en si) ten plantexados.

Non vou recordar tampouco agora o esforzo que presidiu a nosa actuación neste terreo, non soamente cinguíndonos a estruturar unha Administración moi contida na súa expansión, senón tamén disputado, ás veces ata o cansazo, a última peseta que cremos que se lle debía a esta Terra. Pensemos nas decisións de política financeira que o Goberno Central quería presentar como prexudiciais para o noso pobo e que remataron sendo, cos números nas mans, decisións acertadas que supuxeron unha mellora nas dotacións.

Con todo o que supoñen aquelas anécdotas —imos chamalas así por mor dunha cortesía que nós practicamos sempre— agora debo dicir, diante desta Cámara, que as esperanzas cara ó futuro non son mellores. E isto non atinxe só a Galicia; contra toda ilusión, contra todo dereito, contra toda seriedade na elaboración da política económica e institucional do país, aínda hoxe se descoñecen os criterios que van presidi-lo agardado proxecto de Lei que fixe as porcentaxes de participación das autonomías nos investimentos do Estado. Vivimos, para dicilo dun xeito aberto e claro, nunha perfecta incertidume, que fai malgastar en disputas incomprensibles as enerxías necesarias para administrar ben os nosos recursos.

Vimos denunciando desde hai tempo que, pese ás proclamacións do Goberno Central, o afianzamento do Estado das Autonomías está sometido ó perigo dunha involución, que ten o seu precedente máis inmediato nas bases ambiguas ou contradictorias que a Administración Central utiliza ó negocia-las transferencias (o caso do INSALUD é especialmente demostrativo) e que tememos que nun futuro poida pretender afoga-las posibilidades económicas das Autonomías e, polo tanto, conseguí-la súa inoperatividade.

Estou a falar, señores Deputados, dun temor xustificado. E fago os meus mellores votos para que a miña previsión careza no futuro de base. De tódolos xeitos, reclamo desde aquí o apoio de tódolos Grupos desta Cámara para as actuacións que neste terreo instrumentaremos, e fágoo coa confianza que me dá pensar que tódalas forzas aquí representadas teñen no corazón e nos ollos a realidade de Galicia e o supremo interés de que se faga xusticia.

Pero, loxicamente, esta moeda ten outra cara, e non podemos evitala: o control do gasto público. O seu estricto uso, a súa aplicación ás necesidades prioritarias, serán os criterios que presidan a mera actuación. Seguiremo-lo noso camiño de prudencia e de contención no gasto e buscaremos traballar naquelas áreas que supoñan un efecto multiplicador.

Ó servizo deste obxectivo queremos abordar unha actuación coordinada e ben instrumentalizada nas máis importantes liñas financeiras e crediticias da nosa Comunidade, tendentes todas elas a regular e canaliza-lo aforro das entidades que operan dentro de Galicia, coordena-las actuacións de crédito oficial e posibilita-la emisión de produtos financeiros galegos que poidan capta-lo aforro privado.

Con este pensamento por diante proclamo a miña vontade de conseguir, máis ca unha responsabilidade de Goberno, un principio de gobernabilidade, que eu entendo como a creación dun contexto político no que os Grupos Parlamentarios, os do Goberno e os da oposición, estean abertos ás influencias das razóns obxectivas, positivas e negativas, que esixen concretar accións de goberno. Manifesto a miña vontade de facer claro e transparente o proceso de goberno, de proseguir con criterios abertos e flexibles na institucionalización de Galicia, de penetrar con espírito de pobo e non con criterios de Partido, na ampliación do feito galego. Acepto tamén a oposición democrática no xeito máis amplo. Pero pido e ofrezco a gobernabilidade dunha Cámara, que ha de facer posible que as mínimas cuestións das que depende o movemento, ou a paralisación da acción de goberno, se discutan con toda a vehemencia necesaria, pero con toda a vontade xeral de facer posible un Goberno do que esta Cámara é control e garantía.

Atrévome a facer fincapé neste principio da gobernabilidade, porque asumo a condición e as consecuencias dunha alternativa de goberno que nace da minoría maioritaria e porque o momento dunha Galicia na que alborea o desenvolvemento, na que aínda está asentada a crise e na que florece a perspectiva da Europa comunitaria, non pode perde-lo tren do futuro por un feito político que tanto ten condicionamentos coma posibilidades intrínsecas de saír adiante.

Coido que ese esforzo de gobernabilidade, que debe afectar a tódolos Grupos Parlamentarios por igual, debe ter unha manifestación e un alcance distinto segundo a proximidade dos Grupos ou Grupo do Goberno. E segundo esta xusta proporcionalidade, ofrezco e pido a comprensión para unha laboura de goberno que me honra, pero á que chego por desexo democraticamente manifestado polos cidadáns de Galicia.

Así, podo rematar dicindo que o obxectivo é Galicia. A ese obxectivo está referida toda a acción política desta Cámara. Nese obxectivo todos e cada un témo-lo noso compromiso ou posibilidades diferentes, e, polo tanto, con responsabilidades delimitadas de acordo con esas posibilidades.

Señoras e señores Deputados: comenzaba este discurso facendo lembranza da data do 7 de xaneiro, que ocasionalmente coincidiu coa do pasamento de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Hoxe a miña intervención ten lugar precisamente nos inicios dun ano integramente adicado á súa figura, exemplar e única, e cando só faltan dúas semanas para a celebración do día 30, data do seu nacemento.

Traio estas datas para lle render tributo a quen tanto loitou pola nosa Autonomía. Na súa memoria, parte integrante e viva da memoria colectiva de tódolos galegos, a maior ledicia que eu podoo expresar nesta xornada, é a de celebrar precisamente a segunda Sesión de investidura: esta é a máis enérxica e convincente proba de que estamos a facer historia e que esta historia fai xa irreversible —cada vez máis e máis— o proxecto autonómico que camiña arroupado pola vontade do pobo galego.

Unha vontade que vén, así mesmo da man dunha ambición que conxuga intereses longos e afincados profundamente nos anxeios seculares de Galicia, a ambición de edificar, para a Nosa Terra, un horizonte de progreso e de futuro, porque somos un país cheo de posibilidades, de xeito tal que, se de algo podemos dispoñer hoxe con autenticidade, é de ilusión e confianza no porvir da nosa Comunidade.

Sexamos, pois, consecuentes con esa vontade popular, expresada nidiamente nas pasadas eleccións. Sexamos consecuentes co espírito de convivencia manifestado, en todo intre, pola cidadanía galega, como base fundamental para a recuperación económica, social e cultural de Galicia.

Eu, pola miña banda, quero expresar outra vez o meu desexo máis sincero, que é o da apertura, o da chamada á colaboración de todos vostedes, persoas, partidos e institucións. Con ese ánimo aberto que xa expuxen antes da campaña electoral, durante a campaña electoral e despois dela, comparezo

diante das Súas Señorías para pedirles, humildemente e con enerxía, que entre todos fagamos posible a gobernación da Nosa Terra durante outros catro anos. Gobernación que xorde para defende-lo noso Estatuto, a nosa identidade como pobo, e os nosos intereses.

Para que Galicia sexa un país onde se viva en paz, en xusticia, en progreso, en benestar social. Para que Galicia, en fin, viva en liberdade. Porque podemos ser un pequeno país, pero estou absolutamente convencido de que somos unha grande e fermosa patria.

Señor Presidente, señora e señores Deputados, solicito a confianza da Cámara.

PROPOSTA DE CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA, PRESENTACIÓN DO SEU PROGRAMA DE GOBERNO E ELECCIÓN, DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NO ARTIGO 15.3 DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA (SEGUNDO INTENTO)

17 de xaneiro de 1986

Señor Presidente, señora e señores Deputados, non quero aproveitar estes dez minutos para facer unha nova Sesión de Investidura, senón soamente dicir que me someto ó que decida esta Cámara. Eu seguirei sempre servindo ó pobo galego e todo o que faga esta Cámara, que é a representante do pobo galego, a min paréceme ben, aínda que lle recordo á Cámara que nas eleccións do 24 de novembro o pobo galego se manifestou claramente. Pídlle á Cámara que non se esqueza desta manifestación, sobre todo para non deixar a este pobo moito tempo coas enormes obrigas que ten, co feito da reconversión naval, co feito da entrada en Europa e co feito da financiación autonómica.

Sigo coa man tendida a tódalas forzas desta Cámara, especialmente ás que non son socialistas, porque naturalmente nós témo-la obriga de defende-los nosos principios que non son desa ideoloxía.

Decida o que decida a Cámara, eu sometereime. Decida o que decida a Cámara, eu estarei sempre ó servizo do pobo de Galicia. E, decida o que decida a Cámara, eu seguirei as conversas que sexan precisas para que asíña Galicia teña un Presidente da Xunta.

Moitas grazas, señor Presidente, señora e señores Deputados.



Albor e Rosón asinaron en marzo de 1986 con Narcis Serra (esquerda) e Xerardo Estévez (dereita) a compra do cuartel do Hórreo pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Defensa para convertelo na sede oficial do Parlamento de Galicia.



PROPOSTA DE CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA, PRESENTACIÓN DO SEU PROGRAMA DE GOBERNO E ELECCIÓN, DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NO ARTIGO 15.3 DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA (TERCEIRO INTENTO)

18 de febreiro de 1986

Señor Presidente, señora e señores deputados, ó presentarme de novo diante das súas señorías cumpro unha obriga democrática que se sitúa por riba de todo anxeio persoal e de toda lexítima aspiración.

Así pois, non lles nego o meu orgullo de galego que sente ter cumpridos tódolos pasos previos para que hoxe novamente se asente en min a responsabilidade de optar á investidura como Presidente do Goberno de Galicia.

Preséntome tamén con sacrificio persoal, xa que as circunstancias que precederon á miña investidura esixen ter fe no pobo de Galicia, no seu ser, na súa historia, e, sobre todo, no seu futuro, para que se poida entender que aceptar xuicios políticos negativos contribúe a constituí-lo entramado constitucional necesario para goberna-la nosa Autonomía.

Preséntome tamén consciente dos riscos do futuro e asumindo, polo tanto, a posición incerta que se deriva de ter que afrontar tan altas responsabilidades cunha base política parlamentaria sen plena autosuficiencia.

Pero eu, señorías, espero que a vontade dos Grupos Parlamentarios teña unha mínima confluencia nos obxectivos tácticos que permita ir atopando vieiros de solución que deben nacer da asunción sinxela das limitacións, tanto das do Grupo de Goberno coma das da oposición.

Preséntome tamén diante das súas señorías coa entrega de sempre a un traballo que foi tan intenso e que promete manter un ritmo tan alto, que, abofé, ha vencer non só, os atrancos inherentes a toda acción de reforma social, senón tamén as equivocacións que sen dúbida se asentan sobre o noso humano labor de Goberno.

Cara ó plantexamento da miña investidura, non intento un novo ensaio que a xeito de enciclopedia resuma non só o meu discurso, senón tamén aqueles temas que, nas miñas coordinadas ideolóxicas, tivesen cabida no programa de Goberno. Máis que iso, algunhas grandes afirmacións testemuñan un espírito que hoxe preside a miña comparecencia:

Afirmo nidiamente que a minoría parlamentaria é unha situación que configura un xeito específico de Goberno, que eu e mailo meu Goberno asumiremos esa circunstancia. A oposición terá, nos próximos anos, evidente protagonismo tanto no control parlamentario coma na propia dirección dos aspectos positivos de Goberno, aínda que tamén é certo que, na mesma medida, é responsable do futuro de Galicia.

Asumo, a modo de orientacións para a miña xestión, as ideas afloradas no anterior discurso de investidura e tamén no proceso de conversas previo a esta sesión, aínda que non teñan por substrato acordos previos de Goberno nin futuras garantías de estabilidade.

O novo plantexamento require pois, ó meu entender, máis ca un programa sectorial pormenorizado, unha afirmación de obxectivos e camiños para conseguilos, co convencemento e coa fe en que han de ser acadados. De aí que, máis ca un repaso de solucións e problemas, quero facer algunhas afirmacións básicas.

Galicia é unha nacionalidade histórica. O seu dereito ó autogoberno é previo mesmo á formulación constitucional e estatutaria do mesmo. Os seus elementos definitorios como nacionalidade, en especial a lingua e a cultura, non son susceptibles de interpretación partidista. Ninguén pode facer interpretacións restrictivas desa esencia nin pode condiciona-la súa constitucionalidade, tampouco pode condiciona-lo seu cumprimento, instrumentalizando de xeito negativo o concepto de constitucionalidade.

Galicia ten dereito a autogobernarse. As súas competencias non nacen dun pacto co Goberno Central que outorga dun xeito voluntarista ese dereito. As competencias son de Galicia e só por causas xustificadas e razoadas poden ser retidas máis do tempo preciso. Quen furta esas competencias, ou negocia politicamente con elas, quen estudia con criterios partidistas a oportunidade dos

traspasos, atenta gravemente contra os dereitos de Galicia e merece unha condena de tal gravidade que vai máis alá das consecuencias legalistas da mesma.

Correlativo ó dereito de autogoberno é o dereito da financiación. Neste aspecto a Comunidade Autónoma non pide nada que non sexa seu e esixe que a instrumentación legal elaborada en desenvolvemento da Constitución teña pleno cumprimento. Cando esa financiación se interpreta como un favor da Administración Central e se supedita ás interpretacións ou, o que é máis grave, á necesidade de paliar erros ou de sustentar políticas distintas, estase atentando contra o dereito constitucional da Autonomía e estase rompendo a distribución institucional do poder creada con vontade de tódolos españois.

Galicia ten un marco institucional propio, capaz de rexe-los seu destinos e orienta-la súa política. Cando as forzas políticas sosteñen fórmulas de financiación, de distribución competencial e de garantía constitucional que sobardan as posicións mantidas neste Parlamento e condicionan a profundización do desenvolvemento autonómico, estanse desprezando estas institucións e polo tanto estase impedindo o desenvolvemento autonómico.

Galicia ten responsabilidades en función das súas competencias. Cando se hipotecan unhas capacidades financeiras da Comunidade Autónoma para suprir carencias ou erros do Goberno Central, ou cando se invoca do seu autogoberno a solución de crises abertas por erros cometidos en instancias alleas ó seu poder legal e político, estase enganando ó pobo e abrindo vía de frustración diante das súas institucións.

Galicia ten asumido o seu deber de crea-las institucións, de asumi-las competencias, de programa-las súas reformas estruturais, de crea-lo seu marco legal, de estrutura-la súa administración e outras similares, dun xeito equilibrado, racional e eficaz, ata tal punto que hoxe está sen dúbida entre as tres Comunidades Autónomas máis arraigadas, máis desenvolvidas institucionalmente, máis capaces politicamente, sen ter perdido o control das súas posicións financeiras e sen ter hipotecada ou esgotada a súa capacidade de goberno.

Os galegos temos todos asumido o noso sentido de tales, co uso da nosa lingua, coa adaptación do noso ensino, con medios de comunicación que son, en todo o senso da palabra, propios.

Galicia é unha Comunidade Autónoma cunha infraestrutura económica de circunstancias moi específicas, pero dotada de grandes posibilidades de desenvolvemento. Reforma-las estruturas agrarias, crear infraestructuras de comunicación, de vivenda e industrias, proceder en definitiva a unha reforma

profunda da estrutura económica de Galicia é unha tarefa difícil e permanentemente renovada, especialmente se se fai nun contexto de crise xeral e ó mesmo tempo de renovación, creada pola incorporación de España á CEE.

Pero esta tarefa estase iniciando con pulo, non soamente pola preocupación dos poderes públicos, senón sobre todo pola contribución modernizadora de iniciativa privada. Quen se laia de que este proceso de renovación económica non se vexa rematado en apenas catro anos de autogoberno, non coñece nin a acción de goberno nin o soporte competencial e económico da Autonomía, nin o ritmo da evolución histórica das sociedades. Non vou ser eu quen me asuste ou acomplexe ante a necesidade de afirmar que catro anos dunha primeira lexislatura sexan para empezar, e non para rematar, unha laboura pendente de moitos séculos. Respondo con orgullo da eficacia deses comezos, da forma en que moitos xeitos se implantaron, de tantas cousas que xa teñen a pegada dun Goberno que adoptou unha actitude de progreso nos eidos do compromiso co autogoberno, da profundización cultural e lingüística, da superación de patentes de galeguismo que extinguían unha sociedade xa en si mesma minifundista; dun Goberno que fixo posible a vertebración institucional de Galicia. Por todas esas cousas pode afirmar que Galicia estivo realmente gobernada e que, sobre esa realidade a que me hei referir, aséntase a esperanza e o programa de catro anos novos que, ben seguro, cambiarán máis substantivamente a Nosa Terra.

E se no anterior discurso de investidura dixeran que si tiña intención de mirar para adiante, agora véxome na necesidade de ollar algo para atrás.

Nós partiamos en 1982, cando estabamos diante dunha realidade preocupante, dunha ilusión e dun convencemento. A ilusión consistía na crenza de que, nun Estado autonómico, sería o propio Estado o que nos debía proporcionar funcionarios, principios e recursos, de xeito que non nos comese a improvisación, a dilapidación ou a anarquía. Tiñamos tamén o convencemento que mantemos hoxe, de que unha estrutura administrativa non se improvisa da noite para a mañá se non se quere caer na doada ilusión demagóxica de queimar etapas.

A realidade puxo as cousas no seu sitio, que non era o mellor. A función pública estaba en 1982 nun proceso de reforma e revisión e a Administración Central (ou Estado) deu mostras de non crer no futuro deseñado pola Constitución e de entender que a construción das Autonomías era unha carga política, unha obriga contra a que hai que loitar á defensiva. Ou á ofensiva, que de todo houbo e hai.

Diante desta realidade coido que fixemos en cada caso o que se podía facer. E na medida das posibilidades existentes ben se pode dicir que cumprimos

coas esixencias mínimas e que son, por esta orde, que a Administración non se detivo en ningún momento, que a designación dos funcionarios se axustou ó sistema legalmente establecido, que non houbo dilapidación no gasto público. Cómpre agora remata-la construción do dispositivo funcional que consiste, exactamente, na elaboración da Lei da Función Pública Galega. Estimo que tal proxecto esixe un esforzo de gran magnitude, tanto por parte do Executivo coma por parte desta cámara.

É preciso que o Executivo realice un estudio previo que permita un coñecemento exacto da realidade funcional con que conta a Comunidade, pois doutro xeito podemos caer nun voluntarismo ou nun salto no vacío.

A esta Cámara é a quen lle cómpre estudar tódolos problemas que o réxime funcional trae de seu, sen se quedar na tona da política ou do formal xurídico. Esta Cámara terá que se plantexa-lo verdadeiro problema da función pública, a súa eficacia, a súa profesionalidade, a súa mellora da produción, e, por riba de todo, a súa identificación coas necesidades e cos anxeos da sociedade galega.

Cando nós chegamos ó Goberno no 82, houbo que reforma-las pequenas instalacións de que se dispuña e adecuar locais para os departamentos que esixía a Administración Autonómica. Deste xeito un labor que sentaría as bases para todo o funcionamento da Xunta, tivo que ser acometido xa no primeiro ano do autogoberno: a creación dunha infraestrutura inexistente ata eses momentos.

Só unha combinación de esforzo, imaxinación e unidade, podía se-lo motor de transformación de Galicia. Exemplo desas tres cualidades foi, sen dúbida de ningún xeito, a realización e posta en marcha do complexo administrativo de San Caetano, que en pouco tempo albergará tódalas dependencias da Xunta de Galicia en Compostela e que no futuro ha servir como símbolo de permanencia e como mostra de que un pobo con vontade de triunfo pode superar tódolos atrancos e carencias imaxinables.

Exemplo desta actitude pode ser tamén, e non querría esquecelo, o feito de que a Xunta de Galicia contribuíu de maneira esencial a que a nosa cultura, baseada nun idioma, nunhas características singulares do noso propio ser, estea presente no noso pobo a través da creación duns medios públicos de comunicación, sen pretender unha competencia desleal coas empresas privadas, pero coa convicción de que deben ser vehículos conductores da penetración uniforme da nosa lingua e da nosa cultura na sociedade.

Neste punto a creación dunha radio e unha televisión foi, e segue a ser, un instrumento eficaz para a defensa do idioma. Hoxe podemos dicir que a época

da rodaxe destes dous importantes medios está practicamente rematada e que a súa consolidación é un feito tal como demostran os últimos estudos de audiencia.

Naturalmente as dificultades e as carencias teñen tamén diversas dimensións e seguramente as maiores son as que requiren superar obstáculos políticos ou legais, que nos son ou nos foron alleos.

Non foi a nosa forza política a responsable da redacción dun Estatuto que hoxe nos compromete, que hai catro anos xuramos defender e que ocupa tódolos nosos pensamentos. Boa proba de que é así, é que o seu desenvolvemento lexislativo foi iniciado e continuado na pasada lexislatura.

Pero non cabe dúbida de que as previsións estatutarias son de distintos calibres e precisan, cada unha delas, diferentes esforzos. Por iso me quero referir agora a unha necesidade que xa se puxo de manifesto en moitas ocasións e que foi obxecto, dentro e fóra de Galicia, de múltiples polémicas. Refírome exactamente ás relacións do poder autonómico cos poderes locais e principalmente cos poderes provinciais. Para falar do noso Estatuto estoume á referir á súa Disposición Adicional Terceira.

É firme propósito do Goberno que eu poida presidir, coa confianza das súas señorías, traer a esta Cámara na próxima lexislatura un proxecto de lei que desenvolva a Disposición Adicional Terceira do Estatuto, de xeito que consigamos, dentro do respecto que a Constitución impón de cara ás administracións locais, a coordinación das actividades das Deputacións Provinciais no que afecta ó interés xeral de Galicia.

Insisto, non obstante, na miña opinión de que nos grandes temas institucionais nunca é suficiente un parecer ou unha opinión. Polo tanto, fago invitación a todas e cada unha das forzas políticas aquí representadas para que, na instancia que consideren precisa, se unan ó labor de estudo inicial e redacción previa que sobre este asunto imos principiar de inmediato.

Outro problema que temos plantexado para a nova lexislatura, que se ben nos preocupa tamén nos abre esperanzas, é o da repercusión do Mercado Común Europeo no noso presente e o da súa influencia no futuro de Galicia.

Permítanme as súas señorías que lles expoña primeiro o noso pensamento sobre este tema de importancia tan singular.

Para nós, o feito da integración na Europa Comunitaria debe partir dunha primeira afirmación: somos europeos, cremos no proxecto europeo, queremos unha plena integración europea, que é tanto como unha recuperación das nosas orixes históricas.

Pero partimos tamén dunha negación: non cremos que a simple e pura integración formal produza, sen máis e sen ningún risco, unha mellora automática, porque nós non cremos nos achegos con que ás veces se anima á xente para xunguila a un traballo no que pode caer derreada.

Unha terceira posición de saída é outra afirmación: somos conscientes da realidade social na que vivimos e precisamente por iso queremos vivi-la nosa andaina con dignidade, coa consciencia de que non somos pasivos e de que a tarefa que a circunstancia impón, ten que ser labrada polas nosas mans.

Estas posicións previas esixen de nós, formalmente integrados no Mercado Común o día 1 de xaneiro igual ca tódolos españois, tomar consciencia da nosa situación no marco interior, ó tempo que esta mesma circunstancia nos exime de pensar se a situación sería outra no caso de que as negociacións da integración fosen as máis axeitadas ou se en tal caso nós estaríamos en situación tan prexudicada como xa é típico sinalar. Non caeremos na trampa das condicionais históricas.

Pero si podemos pensar nos prexuícios xa recibidos e, sobre todo, no xeito de reparalos no futuro. Agora soamente nos queda afronta-la situación co mellor ánimo. Deste xeito non só serán menos os prexuícios en canto os superemos ou reparemos, a nosa posición, pola enerxía acumulada, será mellor e máis forte.

Precisamente desde esta posición pretendemos:

Primeiro: defende-las nosas competencias estatutarias, de xeito que a integración non altere a distribución competencial entre Estado e Comunidade Autónoma, deseñada na Constitución e no Estatuto. Esa alteración non pode nin debe producirse por esixencias técnico-burocráticas ou por un nacionalismo egoísta, porque desde esas dúas posturas soamente domina a preguiza mental ou a insolidariedade institucional.

Segundo: como consecuencia, proclamaremos un clima de sólida serie-dade institucional e de colaboración entre tódalas administracións con responsabilidades en Galicia. Non se poden deixar nas mans do Executivo Autónomo tódalas responsabilidades que o reto europeo comporta e moito menos cando as competencias en política exterior lle son alleas (pero non indiferentes) e están atribuídas ó Estado pola Constitución.

Esta colaboración plantexarémola en tres frentes: no interior da Administración Galega, na relación desta coa Administración do Estado; e nos contactos internacionais pertinentes. Na Administración Galega afortalaremos progresivamente a comisión formada por representantes das consellerías

máis implicadas nos temas afectados pola integración, tanto a por unha mellor formación en temas europeos como para que sirva de instrumento de información ós sectores que o necesitan. En relación coa Administración Central manteremos tódolos contactos que sexan posibles coa Secretaría de Estado e con tódalas conferencias sectoriais en grupos de traballo que potencian aquel coñecemento do que xa falei ou estudian solucións a problemas concretos que a CEE dinamicamente porá de relevo.

Os contactos internacionais serán os que, co debido respecto ás esixencias constitucionais e en colaboración coa Administración Central, son posibles nas organizacións europeas e nos organismos rexionais europeos.

Terceiro punto: axeitarémo-la Administración Autonómica cara a un mellor aproveitamento do cadro de instrumentos de actuación de que dispón a Comunidade Europea para o desenvolvemento rexional. A nosa Administración non pode prescindir dos medios que lle permitan valorar con criterios propios os nosos desequilibrios (e aquí inclúo os de toda España) para así facer ou discuti-la proposición de programas axeitados ás nosas necesidades e tamén para face-lo seguimento dos plans aprobados, non só no seu grado de execución, senón tamén no que toca á rentabilidade dos mesmos.

A nosa Comunidade Autónoma non pode prescindir de ningún xeito da actuación de organismos como a FEDER, ou FEOGA, ou FSE, ou de empréstitos ou bonificacións do Banco Europeo de Investimentos, ou do novo instrumento comunitario.

Poremos en marcha as actuacións precisas para que a realidade europea vaia sendo, día a día, máis nosa.

Chegando a este punto e de acordo coa miña intención xa anunciada de facer afirmacións básicas máis ca reiteracións concretas das futuras liñas de Goberno, non vou percorre-los sectores concretos: deles hai referencias no anterior discurso e no programa electoral da Coalición Popular. Sen embargo, pola súa primordial importancia, exporei as liñas fundamentais de actuacións político-económicas e a análise e as aspiracións que, no eido da financiación, sostera o meu Goberno se as súas señorías me outorgan a confianza que solicito.

A nosa política económica articularase de cara a acada-los seguintes obxectivos:

Primeiro: consolida-la Autonomía Galega no plano político, económico e social.

Segundo: axeitar rápida e intensivamente a estrutura económica galega ás condicións de competencia que rexen en Europa, xa que a incorporación

de España á Comunidade Económica Europea incide de xeito particular e negativo a curto prazo en Galicia.

Terceiro: adapta-la industria naval mal reconvertida, fomentando o seu desenvolvemento tecnolóxico.

Cuarto: moderniza-lo sector primario, modificando a estrutura productiva e institucional das actividades que o conforman.

Quinto: conserva-lo medio natural galego, patrimonio que herdarán os nosos descendentes.

Dentro deses obxectivos terán prioridade actuacións acollidas no Programa de Desenvolvemento Rexio.

En primeiro lugar, faremos fronte ós estrangulamentos que esganan a economía galega, cun obxectivo de xerar novos postos de traballo, eleva-lo produto interior bruto para acerca-lo noso nivel de renda á media do Estado e lograr un desenvolvemento espacial equilibrado e solidario.

Potenciarémo-las actuacións nos investimentos productivos en tódolos sectores, tanto no apoio á industria privada (que debe se-lo motor da nosa economía) coma en actuacións directas do sector público, de xeito subsidiario e complementario.

No sector agrario serán prioritarias as accións para lograr que a estrutura de explotacións sexa acorde coas esixencias da política agraria común.

No sector pesqueiro, os obxectivos serán moderniza-la frota, mellora-la transformación dos produtos e desenvolve-la acuicultura e o marisqueo.

Na industria é preciso supera-la desgraciada reconversión socialista, dando paso á reindustrialización, promovendo novas industrias que vertebren e integren a estrutura industrial galega, ou que incorporen procesos tecnolóxicos avanzados.

No sector servicios hai que acadar unha estrutura productiva máis integrada, iniciar a creación de empresas de servicios técnicos, informáticos, de telecomunicación e comercialización de produtos rexionais. O sector turístico gozará de prioridades.

Por outra parte, é preciso mellorar e crear infraestruturas económicas e técnicas ó ser un dos sectores productivos e do benestar social. Así, é prioritario consolida-la rede de comunicacións de Galicia para abri-la nosa produción ó exterior. Despois da integración de España e Portugal na CEE é preciso estreitar lazos económicos e comerciais coa rexión norte daquel país, tal como se contempla na memoria común de infraestruturas que na anterior Lexislatura realizou o meu Goberno coa Comisión de Coordinación da Rexión Norte de Portugal.

Tamén é prioritaria a modernización das comunicacións co norte de España, e con tal fin seguiremos dando apoio político e técnico á Transeuropea. Finalmente, aínda que este discurso non poida esgotar tódolos proxectos e obxectivos desexables, direi que seguiremos incrementando progresivamente, dentro das posibilidades existentes, as dotacións presupostarias para a cultura e o benestar social.

Non obstante, todo este programa económico quedaría reducido a unha relación de intencións se a nosa Comunidade Autónoma non dispón dunha financiación axeitada.

A financiación é a pedra angular dese proxecto de futuro que é Galicia, con independencia do signo político do seu Goberno. Como tantas veces se dixo, non hai autonomía política sen autonomía financeira.

Señoras e señores deputados, esta cámara denunciou repetidas veces os intentos de recorta-la autonomía financeira de Galicia, consagrada na Constitución e no Estatuto. O meu Goberno será especialmente reivindicativo nesta cuestión e denunciará con seriedade os intentos de desnaturaliza-la nosa Autonomía para convertela, polo esganamento financeiro, nunha descentralización administrativa.

Nesta, o meu Goberno defenderá firmemente que en 1986 se lle garanta a Galicia cunha financiación a través dunha porcentaxe e non por un sistema de baixas presupostarias da Sección 32. Polo tanto, desde esta tribuna, require ó Goberno Central para que se reanuden as negociacións na Comisión Mixta de Transferencias, para que se fixe a porcentaxe dos ingresos do Estado en 1986, e máis despois de se saber que os supostos nos que se baseaban as propostas da Administración Central eran manifestamente erróneos. Pero tamén reitero a mellor disposición do Goberno Galego para un acordo que satisfaga ás dúas Administracións.

A fixación da porcentaxe debe supera-lo concepto instrumental do «custo efectivo» histórico, que valeu para o traspaso dos servizos pero que non pode servir para revisar tódolos anos, á baixa, a financiación. Outra cousa sería converte-la nosa Autonomía nun mero ente público prestador de servizos administrativos. E ese non é o meu concepto da Autonomía Galega.

A porcentaxe de 1986 debe tamén considera-las transferencias correntes e de capital e o investimento novo. Esa que a Administración Central fai por convenios con outras Autonomías, pero non coa nosa.

De tódolos xeitos, como nós temos tamén a preocupación polo déficit público, estamos dispostos a nos apreta-lo cinto no mesmo xeito e medida cá

Administración Central. Pero non permitiremos (e chegaremos ás máis altas instancias constitucionais) que nós paguemos, máis por riba da cuota solidaria, o déficit doutros.

En definitiva, no relativo ó sistema de financiación, o meu Goberno defenderá os seguintes principios xerais:

Un: autonomía financeira que garanta a nosa capacidade para decidi-lo volume e a composición dos ingresos e gastos públicos da Comunidade Autónoma.

Dous: automatismo con decidida oposición a unha presenza institucional da Administración Central e que fixa as regras do xogo para períodos de tempo relativamente longos.

Tres: estabilidade, que impide que os problemas da Facenda Central sexan trasladados ás Facendas Autonómicas e viceversa.

Catro: solidariedade e xeneralidade, que non permiten vantaxes comparativas, derivadas da existencia de distintos modelos de financiación.

Cinco: coordinación.

Á vista do anterior, o modelo definitivo de financiación de Galicia debe garantir, por riba de todo, a plena autonomía financeira. E se a plena aplicación do sistema actualmente vixente e contido no Estatuto, con tódolos seus mecanismos, é incapaz de garanti-la autonomía financeira, non serei eu o que se opoña, por principio, á revisión que cumpra. Con todo, por razóns de prudencia e de respecto á legalidade, coido que é preciso esgotar tódalas posibilidades agora existentes.

Por outra parte, o pleno desenvolvemento das previsións estatutarias esixe pór en práctica, de xeito inmediato, as asignacións para a nivelación dos servizos mínimos, que é a maneira de garantir en Galicia o nivel medio estatal dos servizos públicos fundamentais e de posibilita-la financiación dos gastos correntes derivados dos investimentos realizados con cargo ó Fondo de Compensación Interterritorial nos últimos anos.

Ofrezco tamén nestas cuestións a nosa mellor vontade negociadora co Goberno Central.

Cómpre agora falar da cúpula que cerra o noso entendemento do que é Galicia e da política que a debe servir.

Nunca, como ata hoxe, o pobo galego estivo tan comprometido co proceso histórico que Galicia está a vivir.

É un proceso de reafirmación e de identidade, establecido xa de tal xeito que sen dúbida non hai sector nin área das nosas vidas que non estea decidido e

definitivamente abranguido por este compromiso.

Así, o sistema educativo, a acción cultural, e todas e cantas actividades son levadas adiante desde as institucións autonómicas, levan o camiño da galeguidade, é dicir, da autoafirmación e do orgullo de sermos galegos. Este senso integrador está a conformar, por primeira vez, o rexurdimento dunha auténtica conciencia nacional sobre da que están a se asentar tódolos esforzos e tódalas aspiracións. Unha conciencia nacional tamén pola que todo un pobo está a se encontrar consigo mesmo.

Ese compromiso e mais ese senso integrador están a ser, precisamente, os elementos que fan posible que as escolas, os centros de ensino, os medios de comunicación, a vida institucional e maila vida social e cultural de Galicia, entren cada vez con máis forza e fondura nos vieiros da galeguidade.

O galeguismo, así, non é xa unha actitude ética ou intelectual, senón unha condición global que interesa e define a todo un pobo que, día a día, atopa maiores e mellores satisfaccións conforme o autogoberno progresa.

Os galegos, hoxe, témo-la seguridade de que a Autonomía leva consigo unha forza transformadora e vivificadora moi superior á desenvolvida polos vellos esquemas centralistas.

E sabemos tamén que na autonomía reside o cerne da nosa propia dignidade, da convivencia en paz, do traballo solidario e do progreso de Galicia.

No terreo da política cultural, teño que salientar unha vez máis que partimos dun fondo respecto á nosa cultura e á nosa vocación europea e universal. Por iso, como na pasada Lexislatura, nos anos vindeiros aspiramos a reafirma-la nosa personalidade e a potenciar e difundir as inquiredanzas do pobo galego. Con esta finalidade, propomos novamente unha estimulación operativa entre a Administración Autonómica e cantas entidades, institucións e organismos sirvan a unha acción que dinamice a actividade cultural da nosa sociedade.

Un dos nosos máis cobizosos obxectivos de goberno foi, e seguirá a ser, o da completa normalización cultural de Galicia. Con este fin coidamos que é preciso crear unha axeitada e renovadora infraestrutura cultural, ó tempo que as institucións de autogoberno continúan no seu labor de realizacións concretas a prol do libro, das bibliotecas e deseñan e realizan unha política do patrimonio artístico, monumental, arqueolóxico, etnográfico e museístico, que sexa garante da súa conservación e revitalización e mais da súa posta ó servizo do enriquecemento cultural de todos.

Porque entendémo-la cultura como un todo integrador e participativo; porque temos fe na saíva vivificadora das nosas propias capacidades, das capacidades

do pobo galego; porque non podemos nin queremos pecharnos en nós mesmos, o noso proxecto cultural, educativo e universitario quere abrirse e recibir tódalas influencias que xorden da nosa xuventude, das nosas vilas e concellos, das múltiples colectividades da Nosa Terra. Ata o deporte, entendido neste senso, adquire para nós un fondo sentido cultural e cidadán, ó que se poidan achegar tódolos sectores, sen exclusión, da sociedade galega.

Este é o noso pensamento, a nosa ambición para esta terra, señora e señores deputados.

Agora, xa no remate das miñas verbas para presenta-lo que eu chamaría a «**decisión firme de gobernar**», cómpre facer petición explícita de confianza a esta Cámara, petición baseada na fe que eu teño en que as súas señorías loitarán máis por facer posible aquilo que é difícil, ca por facer inviable o goberno que, de acordo coa estrutura política desta Cámara, é posible. Espero que Galicia me demande en función do que me deu. Eu poño hoxe diante dela a disposición de gobernar, que ten a forza da ilusión renovada, afortalada pola fe no pobo, e pola esperanza de que a carón de cada problema agrome tamén unha solución.

Señor Presidente, señora e señores deputados: coa firme e afervoadada promesa da miña entrega, solicito a responsabilidade de gobernar, consciente de que é a maior honra que un galego pode alcanzar.

Moitas gracias.

PROPOSTA DE CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA, PRESENTACIÓN DO SEU PROGRAMA DE GOBERNO E ELECCIÓN, DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NO ARTIGO 15.3 DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA (CUARTO E DEFINITIVO INTENTO)

21 de febreiro de 1986

Señor Presidente, Señorías, como a última vez que ocupei esta Tribuna, para unha votación similar, digo que me someto á Cámara como demócrata, e decida o que decida, paréceme ben. Iso dixen a outra vez e dígoo hoxe. No caso de que decida que eu siga neste banco mentres a Cámara queira, debo dicir que teño a man tendida non soamente ó meu Grupo, senón a tódolos Grupos para seguirmos traballando pola Nosa Terra. Estou certo de que isto é necesario, de que isto está na responsabilidade de todos.

En canto a min persoalmente, direi o que o vello refrán: «Só pido favores que render e saúde para cumprilos».

Moitas gracias, señor Presidente.

DEBATE E VOTACIÓN DA MOCIÓN DE CENSURA PRESENTADA POLOS 22 DEPUTADOS ADSCRITOS Ó GRUPO PARLAMENTARIO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA PARA ESIXIR RESPONSABILIDADE POLÍTICA DA XUNTA, DO SEU PRESIDENTE E DOS CONSELLEIROS, QUE INCLÚE A DON FERNANDO GONZÁLEZ LAXE COMO CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA

23 de setembro de 1987

Señor Presidente, señoras e señores Deputados, parece que algunhas persoas e Grupos desta Cámara tiñan moito interese en que eu falase, e eu despois de tanto que escoitei aquí tiña moitas ganas de falar, pero haberá tempo de facelo pois se hoxe o fixese, con todo o que eu tiña que dicir, empezaría a dicirse que eu non quería abandona-lo poder, como se dixo tanto aquí, tanto nesta terra nosa, que eu estaba agarrado á silla. E por iso, hoxe, o único que quero facer é saír de aquí con toda a dignidade da que eu son capaz como vello galeguista e como vello demócrata. E vou empregar-la terapéutica da serenidade, que eu lles aconsello ós amigos, aconsellaba como médico e aconsellaba como político. Pero, indubidablemente, se non respondese á moción de censura parecería unha descortesía e eu non quero ser descortés.

Vouna contestar inclusive duramente, pero como cortesía parlamentaria, porque xa sei o que sucede nestes casos e sábeo o señor Laxe. Recordará que no discurso de investidura, cando criticaba o meu discurso e dicía que en vista dese discurso ía votar que «non», eu respondíalle que aínda que eu presentase o programa do Partido Socialista ía dicir que «non». O mesmo sucede hoxe.

Pero, señor Laxe, vostede sabe que está todo feito, vostede sabe que non vale de nada o que eu diga, non vou convencer a ninguén. Esas xentes vanme votar e todos vostedes non me van votar diga o que diga aquí. Pero, como digo, a miña intención primeira é darlle resposta ó escrito dos Deputados abaixo asinantes, é dicir, tódolos membros do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia que se dirixiron á Mesa para que esta Cámara esixise a responsabilidade política da Xunta de Galicia, do seu Presidente e dos Conselleiros mediante a adopción dunha moción de censura.

Realmente o mesmo sucede hoxe neste debate, ninguén vai cambia-la súa decisión. A razón, como lles dicía, é simplemente regulamentaria e ademais está abonada pola cortesía e é de boa crianza que eu lle dea unha resposta axeitada ó escrito aquí presentado.

O primeiro punto da moción que presentan os Deputados socialistas fala da miña falta de credibilidade e tamén da do meu Goberno no que fai á consolidación e á profundización da Autonomía de Galicia.

Respeto esta sintaxe e este léxico, e repensando o seu significado fago eu a miña pregunta: ¿debilidade de quen e ante quen? Porque, señores Deputados, cando se quere falar da consolidación da Autonomía de Galicia o primeiro que hai que pensar é que a tal responsabilidade non se lle pode esixir soamente a unha das partes, sobre todo cando tódalas que forman o sistema son solidariamente responsables. Establezamos, pois, que partes son responsables na consolidación da Autonomía e analicemos despois o que inmediatamente aporta de seu tal análise.

Galicia non é unha realidade á parte da nación española, que é o que establece o artigo 2 da Constitución. E da man deste precepto quero sinalar que as Autonomías non xurdiron pola teima duns españois contra outros, nin ó servizo da insolidariedade. As Autonomías, señores, xurdiron da vontade constituínte de lle dar ó Estado unha organización territorial definida conforme a uns principios determinados. Tal foi o que propuxo e determinou o título VIII da Constitución.

Establecida esta premisa, vén de seu a consecuencia de que a consolidación das Autonomías, sexa a que sexa, é responsabilidade principalísima tamén do Goberno do Estado, que, segundo establece o artigo 97 da mesma Constitución, é o que dirixe a política interior. Verdadeiramente non sei eu ningún máis importante obxectivo da política interior que non sexa axusta-la organización territorial do Estado ó que a mesma Constitución establece.

Despois demorareime en amplia-los datos. Agora proclamo que despois de 8 anos de se promulgaren os Estatutos do País Basco e de Cataluña, e preto de 7 anos de se aproba-lo Estatuto de Galicia, aínda ningunha destas tres

nacionalidades históricas acadou a súa cota de autogoberno, nin ten asumidas tódalas transferencias que estatutaria e constitucionalmente lles pertencen.

Sen maior crueza, coido que estas palabras miñas serven para deixar ben sentado que o problema da consolidación da Autonomía non é unha única responsabilidade da Xunta de Galicia, é dicir, miña e dos meus Gobernos. Pero ocorre tamén que un sistema autonómico non é soamente, aínda que iso é o que lles gustaría ós centralistas, un simple órgano de xestión. Non. Un sistema autonómico é un sistema contrabalanceado no que xogan diversos órganos, entre eles, por definición estatutaria, o Parlamento.

Pois ben, non cabe a menor dúbida de que na consolidación da Autonomía tamén o Parlamento ten as súas responsabilidades. Deixo agora esta reflexión: máis adiante será obxecto de novos pronunciamentos. Soamente quero deixar anotado que o Parlamento non é unha entelequia, un ente sen responsabilidades. Volvendo á distinción que fixen ó principio das miñas palabras, o Parlamento pode ser un ente deliberativo e como ente representativo está sometido á elección ou rexeitamento periódico dos seus membros, dos que forman parte del, e esa é unha gran responsabilidade que hai que medir tamén.

Todos sabemos que nun sistema democrático moderno non existe o mandato imperativo, pero todos sabemos tamén, e a socioloxía política así o proclama, que a composición dun Parlamento responde ós desexos colectivos do pobo representado. Cando os Parlamentos non responden a esa representatividade, a súa virtualidade cando chega o momento da renovación xa está perdida para aqueles Parlamentarios que non foron fieis á confianza que as urnas lles deron. Valla esta reflexión de moralidade política para posteriores consideracións que hoxe hai que facer.

Antes desas reflexións, que virán de seu, agora hai que apuntar algúns datos. Nos sistemas democráticos a credibilidade vén establecida polas urnas e pola vontade dos electores. Pois ben, nas urnas o pobo galego decidiu que a forza política que hoxe goberna era merecedora da súa confianza. Non quero falar das eleccións de 1981, nas que conseguimos 26 Deputados. Falarei das sucesivas convocatorias nas que o pobo galego seguiu depositando en nós a súa confianza. Falo das sucesivas eleccións, das xerais do 82, das locais do 83, das autonómicas do 85, das xerais do 86 e das locais do 87 —6 eleccións—. Ó longo de todas elas hai unha liña que marca o seguir confiando en nós do pobo galego. Aínda máis, o progresivo aumento desa confianza.

Non quero facer ningún tipo de apelación persoal, non quero abandonar ese debate a particulares modos de pensar ou a individuais xeitos de entende-la

política que o pobo mesmo estableceu, abonda con sinalar que cada quen ten que ter as súas propias responsabilidades, xa que á fin e ó cabo será o pobo galego, Galicia enteira, a que as vaia pedir.

Feitas estas precisións, o que me asombra do Grupo Parlamentario Socialista é que sexa el o que lles pida ó Goberno Galego e ó seu Presidente responsabilidades por falta de credibilidade na consolidación da Autonomía. Xa non falo da profundización, que non sei que quere dicir: se pensar en mete-las Autonomías nun pozo sen fondo ou profundizalas no desespero. ¿Ou é que tan doadamente esquecemos que o PSOE antes de chegar ó poder foi un dos deseñadores da chamada LOHAPA, toco intento de converte-las Autonomías en órganos pasivos e pacientes da vontade do Goberno Central? ¿Ou é que non nos damos de conta de que o mesmo PSOE, agora en Cataluña está a falar dun pseudofederalismo que non é outra cousa co desexo de agachar pola vía semántica o que se pode construír co Estado das Autonomías?

Din vostedes: carencia de dirección política no Goberno Galego, carencia de estabilidade governamental. Poño en interrogante o que os señores Deputados do Grupo Parlamentario Socialista sosteñen como afirmacións, sen base ningunha, naturalmente. En preto de 6 anos de goberno a estabilidade do Executivo foi unha constante, a non ser que se utilicen as crises puntuais como argumentos que non se teñen de pé, porque en definitiva, ¿falamos de inestabilidade governamental ou máis ben de inestabilidade dos Grupos Parlamentarios? Porque unha cousa é evidente: a composición da Cámara non corresponde cos resultados electorais. Digo máis, aínda corresponde menos coas actuais tendencias de voto do electorado galego. E o que afirmo rotundamente é que o Goberno Galego, tanto na súa composición coma no seu talante, respondeu sempre á deliberación das formas políticas de que xurdiu e que o apoiaban. Isto é evidente.

Pero se agora un determinado xogo político, unha determinada manobra, un pacto que non estaba avalado por ningunha confrontación electoral, decide que o Goberno Galego é inestable e carece de dirección política, iso hai que llo botar na cara ós que pretenden torce-los afáns de gobernabilidade da forza política máis votada desta Cámara, e non, dígase o que se diga, ó Goberno que eu presidido e ó meu afán de gobernabilidade que fixen patente ó longo de case 6 anos na Presidencia da Xunta de Galicia.

Pero, claro está, estas verdades, que non admiten discusión, preténdense evitar con peticións de principio que non se teñen de pé. E como non se teñen de pé, insítese en proclamacións gratuítas ou insultantes. Porque é un insulto,

señores Deputados, que o Grupo Parlamentario que pretende gobernar por medio da Moción de Censura fale da perda da dignidade institucional. Tamén aquí poderíamos dicir que as formulacións maniqueas non son correctas nin xustas. A dignidade institucional da Autonomía é responsabilidade de tódolos poderes establecidos no noso Estatuto e non soamente de un deles.

As Súas Señorías saben que eu nunca entrei —nin vou entrar, naturalmente, agora— nesa dinámica empobrecedora dos insultos. Deixo para outros o exercicio desa especialidade. Ademais non o farei non xa por vontade persoal senón porque mentres sexa Presidente da Xunta de Galicia represento ós señores que me votaron e ós que non me votaron, e por iso teño que ser moito máis parco nas miñas expresións e nos meus comentarios das xentes ou dos políticos que están neste mundo de Galicia.

Pero si contestarei á afirmación de que nós renunciámos a desenvolver un programa político de goberno minimamente serio. Máis xusto e máis verídico sería dicir, señores, que son vostedes os que non fan unha actuación minimamente seria. Nós presentámoslle ó pobo galego nas dúas eleccións autonómicas, nas sucesivas confrontacións electorais desde 1981, un programa e uns propósitos que foron aceptados por unha parte do pobo galego que fixo de nós, con moito, a forza política máis votada, e tras nós hai unha política decidida que se traduciu en importantes realizacións que lle deron un novo ton e unha nova configuración á Nosa Terra.

Vostedes o que pretenden é o poder, facendo as alianzas que sexan sen que lles importe o respaldo real ou presunto dese pobo. E para tal operación política, vostedes o único que teñen en conta é ese reparto do poder con xentes que están nesta Cámara. O pobo galego está de espectador nesta moción de censura sen que teña a máis mínima idea de que proxectos se queren poñer en execución. O pobo galego sabe do reparto de poder, ese reparto de poder que se quere facer coa túnica do axusticiado, que é, precisamente neste caso, o propio pobo galego.

A cousa naturalmente vén de vello. Desde a prepotencia que lles dá o Goberno de Madrid, non quixeron nunca dialogar con nós para buscarlles solución ós graves problemas de Galicia. Vostedes viviron nesa negatividade connosco, co agravante de que non aportaban solucións para a nosa gobernabilidade senón que se pregaron sempre ás esixencias da Administración Central apoiando medidas que tódolos galegos saben que son nefastas para a nosa sociedade. E sábeno moi ben vostedes porque as sofren nos seus lombos igual ca nós, porque as senten tamén, pero en ocasións calan. Os exemplos son doados.

¿Ou é que vostedes poden pensar que a reconversión naval de Galicia feita desde Madrid é boa para nós? ¿É que non recordan o problema da cuota leiteira que vostedes quixeron defender cando a mesma Comunidade Autónoma veu corrixir ou intentar corrixir-las previsións que vostedes consideran intocables? ¿É que vostedes pensan que os viaxeiros galegos e os que veñan a Galicia non van reparar en que a súa solidariedade con esta terra remata en Astorga?

Non sigo a enumera-los erros do Goberno socialista, e sobre todo o desentendemento da sorte deste noso país. Mellor é, indubidablemente, proclamar que aínda hai esperanza. E hai esperanza porque sempre a houbo, e nós traballamos e seguiremos a traballar para manter esa esperanza.

Vostedes calan cando Madrid «dixit». Pero nós sabemos dos problemas e da súa solución e afiámo-la nosa sensibilidade para formulalos e resolvelos, sempre na medida das nosas forzas e contra os atrancos e a insensibilidade do seu Goberno. Vostedes dinme a min que nos falla a sensibilidade fronte ós problemas económicos da nosa terra, e asegundan falando da urxencia dun programa de desenvolvemento. E despois formulan as necesidades impostas pola integración na CEE.

Vostedes esquecen que non é moi doado facer un programa de desenvolvemento económico cando o Goberno Central escusa os datos, torce o seu criterio dos sistemas de financiamento e oculta as súas previsións xerais deixando baleiras as previsións constitucionais e estatutarias. Vostedes esquecen que para a integración na Comunidade Económica Europea non quixeron oír outra voz que non fose a da súa présa. Porque vostedes, señor González Laxe, non quixeron oír-la voz desta Autonomía e agora estamos todos a purga-los erros que iso xerou.

Pero, pese a que vostedes son capaces de esquecer cantas cousas veñen, o que si podo dicir é que o meu Goberno, desde o primeiro día, tivo sempre presente na súa sensibilidade os problemas desta terra e, consecuente e responsablemente, ideou unha estratexia e un plan de desenvolvemento do que hoxe xa se falou aquí. O Plan de Desenvolvemento Rexional de Galicia. As liñas básicas da política económica da Xunta foron recollidas no documento de traballo do Plan Económico de Galicia 84/87, aprobado polo Consello da Xunta en sesión do 6 de setembro de 1984 e presentado na Comisión 3.^a, de Economía, Facenda e Presupostos, do Parlamento de Galicia. Tal documento publicouse en decembro de 1984 e foi inmediatamente repartido entre tódalas institucións sociais e económicas de Galicia, na Administración Autonómica, na Central, nos entes locais e tamén, con carácter oficioso, se lles deu conta del ás organizacións comunitarias europeas.

Sobre a base dese documento, e tendo en conta as observacións e suxerencias recibidas despois da súa difusión, elaborouse o Programa de Desenvolvemento Rexional de Galicia hoxe vixente. Vostedes poderanme dicir que a necesidade de dispoñer dun programa de desenvolvemento deriva de cumprir disposicións legais e estatais tanto coma comunitarias, porque vostedes saben moi ben que o documento final do Programa de Desenvolvemento Rexional de Galicia, 86/90, foi remitido á Administración Central en decembro de 1986 para que fose incorporado ó PDR nacional (o PDR de España que inclúe o de Galicia); así pois, incorporouse ó PDR europeo, este PDR chamado de terceira xeración.

Este programa de Galicia é indicativo para o sector privado, vinculante para a Administración Autonómica e instrumento de coordinación para o resto dos axentes públicos que participen ou teñan que participar neste proxecto de desenvolvemento. Polo tanto, o seu financiamento terá que basearse nas aportacións da Comunidade Autónoma, da Administración Central do Estado e, dada a importancia das súas posibilidades de coordinación polos recursos xerados, das Corporacións Locais.

Pero xa que falamos de financiamento e de medios, o que me asombra é que o Grupo Parlamentario Socialista, no punto 6.º da súa moción, teña a ousadía de falar dunha pretendida inoperancia da Xunta no tocante á culminación do proceso de transferencias. Asómbrame porque, desde as Comunidades que non están sometidas ós socialistas, desde Cataluña, desde o País Basco, desde Aragón, tódolos días se erguen voces para falar da inoperancia do poder central, rexido polo PSOE, para dar un paso significativo no establecemento das competencias que ás diferentes Comunidades Autónomas lles cómpre ter conforme o marco da Constitución e as previsións dos respectivos Estatutos de Autonomía.

Por iso, señor González Laxe, este asombro non ten nada que ver co descoñecemento. Aquí tería eu que contar unha vella historia da que, por outra parte, xa se falou aquí nalgúns casos. Está escrita no *Boletín Oficial do Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*. Aí está escrita a nosa reclamación perante o Tribunal Constitucional respecto á transferencia do Insalud, e xa non falo das múltiples reclamacións que en tódalas ordes se fixeron contra a actuación da Administración Central, que, coas súas inxerencias, pretendía non soamente perturbar as competencias establecidas no noso Estatuto senón tamén crebar taxativamente as normas establecidas polos mesmos decretos de transferencias.

Quizais vostede, señor González Laxe, teña coñecemento destas peripecias, posto que aspira a rexe-los destinos de Galicia, pero cómpre comparti-los

seus coñecementos e mailos meus. Contra as súas palabras de ofertas de colaboración, vostede sabe cantas veces quixen establecer contactos co Presidente do Goberno por mor de buscarlles solucións a estes problemas, que eran do Goberno de Galicia e tamén problemas do Estado das Autonomías. Pero vostede sabe as demoras que estes intentos meus sufriron. Eu comprendo que as altas responsabilidades do Presidente supoñen unha axenda de traballo moi chea; o que non entendo ben é que nesas responsabilidades non caiba, no que toca ás transferencias, un lugar para o cumprimento das previsións constitucionais e das posibilidades do noso Estatuto. Tampouco comprendo que esas grandes responsabilidades sirvan de disculpa a pasos inferiores da Administración Central para non reunir, tantas veces como sexa preciso, a Comisión Mixta de Transferencias, órgano que ten que prepara-las decisións neste campo; e vostede sabe que múltiples veces se pediu que esa Comisión se reunise e o poder central deu múltiples veces a calada por resposta.

As promesas de vostedes, e mesmo tamén a historia que queren facer deste proceso, non son máis ca un certo ocultamento da verdade, é algo que ninguén pode crer. Eu non estou falando de posibilidades, estou falando de feitos da miña experiencia que forman unha historia triste do abandono en que o Goberno Central segue tendo a Galicia.

De tódolos xeitos, e tendo ben presente o que levo dito, os membros do Grupo Parlamentario dos Socialistas terán que me crer cando eu lles confese agora que, polo que toca á lingua galega, as súas afirmacións fan que se supere aínda a miña capacidade de asombro. E por dúas razóns. A primeira porque cando vostedes se enfrontan co problema da lingua de Galicia e o seu estatus, vostedes misturan cousas tan diversas como son o benestar social, a dinamización lingüística e cultural. Non falo das nosas opcións; falo das de vostedes.

Vostedes cando falan de benestar social —e remítome ó seu programa electoral— falan exclusivamente de servizos sociais, falan de benestar da terceira idade, de benestar da xuventude e da promoción da muller. Falan, señor González Laxe, pero non definen os conceptos. Porque, ¿que é para vostedes benestar social? Teño moito medo que para vostedes, tan economicistas, benestar sexa vexetar da man do Estado, baixo a dirección do Estado. Precisamente por iso vostedes incluían o desenvolvemento da Lei de Normalización Lingüística dentro do apartado cultural do seu programa. Nós, pola contra, que sabemos que o benestar dun pobo pasa pola súa normalización lingüística e pola recuperación, conservación e defensa do seu

ser cultural, lingüístico e nacional, enxertabamos este problema da lingua no capítulo programático que se adicaba ó benestar social dos galegos.

A historia, señor González Laxe, é unha testemuña que non mente, e a historia di que vostedes votaron con todos nós a Lei de Normalización Lingüística neste Parlamento, pero o seu Goberno levounos ó Tribunal Constitucional.

Non teñen vostedes outra historia, e esta non é certamente doada de explicar en Galicia. Por favor, con todo respecto do Tribunal Constitucional, ¿ninguén se acorda de que un dos motivos do recurso contra a Lei de Normalización Lingüística era prohibir que os galegos se dirixisen á Administración de Xusticia no seu propio idioma? ¿Ninguén se acorda de que outro dos motivos do recurso era negarlles ós galegos o seu dereito de que as partes ou os interesados fosen enterados ou notificados na lingua que elixisen?

Estes son feitos, señor candidato, son feitos históricos do Goberno Socialista de Madrid. Contra estes feitos vostedes atrévense a falar de que nós lles transmitimos desacougo e intranquilidade á sociedade galega e ós seus axentes económicos e sociais. ¿De verdade cren isto que din? ¿Por que entón se opoñen a unhas eleccións anticipadas, único método fiable, democrático, para saber se de verdade o que quere a sociedade galega é isto?

Eu sei o que vostedes queren e teño a obriga de dicilo. Vostedes queren chegar ó poder e face-las eleccións dentro de dous anos. O que non sei é se a xente terá esquecida daquela esta forma de alcanza-lo poder.

Despois de todo, rematan este documento volvendo falar de dignidade política e institucional, e de encara-lo resto da Lexislatura sen crispacións e fustigamentos. Eu creo que isto xa parece unha broma, pero a miña obriga é dicir que a súa actuación creará unha crispación política, eu farei todo o posible para que isto non sexa posible, pero teño medo de que a cree.

Eu dixen moitas veces, desde o exercicio da miña responsabilidade, que era necesario para o benestar social que non houberse crispación social, e que para que non houberse crispación social era necesario que non houberse crispación política, por iso sempre fun partidario de te-la man tendida a todo o mundo, porque nós, cando comenzamos este andar autonómico, este andar democrático, necesitábamonos todos, pero eu teño que confesar que con esa man tendida nunca tiveron mans tendidas cara a min.

Señores Deputados, eu non sei as consecuencias que isto traerá, pero, como lles digo, na miña man estará seguir loitando sempre por esta non crispación política, para que haxa unha non crispación social, para que veña o benestar social para a Nosa Terra.

Non vou facer unha defensa de todo o que fixemos porque quero ser breve, porque coido —o que lles dicía antes— que está todo dito e que non paga a pena seguir falando do que un fixo. Pero non está de máis recordar e romper ese tópico de que non se goberna. ¡Xa está ben de tópicos! O que nós encontramos en Galicia no ano 82 e o que é hoxe Galicia non ten nada que ver, nin nas estradas, nin nos peiraos, nin nas escolas, nin nas residencias, nin, sobre todo, na ilusión colectiva de saír todos adiante. E niso teñen que concederme que algo fixemos nós. Algo fixemos nós para pasar daquel 20 % de xente que votou a Autonomía a esta preocupación autonómica que hoxe sentimos tódolos galegos. Algo fixemos nós.

E ¿que hai que facer? Pois mire, señor candidato, para min o máis importante, e o que lle recomendo, é defende-la cuota histórica de Galicia. Defender que Galicia, co artigo 158 da Constitución e o 15 da LOFCA, teña o que merece ter, e non estar marxinada das autoestradas que necesitamos para comunicarnos con Europa, con España, con Portugal. Porque, ¡fíxese ben! non basta rematar esta autoestrada de Pontevedra a Santiago, hai que falar das outras. A Autoestrada do Atlántico comenza en Ferrol e remata en Portugal. Pero non basta.

Se nós non temos comunicacións con Europa, se nós non temos comunicacións con autoestradas do resto de España e con Portugal, Galicia quedará marxinada. E quedará marxinada se non temos unhas boas comunicacións, se non temos uns bos camiños de ferro, se non temos uns bos gasoductos, se non entramos en Europa. Pero para iso fai falla un gran investimento. Témo-la obriga de esixirle ó Goberno Central que nos dea a cuota histórica que nós merecemos. A culpa non foi culpa soamente do Goberno do PSOE; foi culpa de tódolos Gobernos de España que marxinaron sempre a Galicia.

Iso non o pode facer ningún Goberno Autonómico, iso ten que facelo o Goberno do Estado, por iso eu non son partidario dun Partido nacionalista, pois mentres non se teña o poder en Madrid e en Bruxelas non poderemos transforma-la Nosa Terra. Non poderemos transforma-la Nosa Terra co Presuposto autonómico. Isto é unha broma utópica, se cremos que nós, soamente co Goberno Galego, podemos transforma-lo noso país. Podemos esixir, pero non transformalo.

Logo, hai algo que a min me é moi grato e que lle quero dicir. Ten vostede, cando tome o poder, tódalas relacións con Europa que nós fixemos. Estamos en tódalas organizacións europeas, nas seis, e nalgúns estamos na dirección. No Consello das Rexións, no CEDRE, no ARCE, no CIATE, no Consello de Rexións Periféricas Marítimas, estamos en todas. E en todas temos que seguir

loitando e temos que estar presentes alí todo o que nos permita o Goberno Central. Nós temos que seguir loitando para estar en Bruxelas, porque aí se vai xogar parte do noso porvir.

E algo que para min é moi grato, e levo desde o ano 82, son as relacións con Portugal. Temos desde o ano 82 uns traballos co Comité de Coordinación da Zona Norte, e temos xa un traballo presentado do que estamos esperando só o presuposto do Goberno de Madrid e de Lisboa. Temos feito un traballo Galicia-Rexión Norte de Portugal conxunto, e está explicado todo o que hai que facer.

Outra cousa que para min é moi grata, é a unión con tódolos galegos do mundo. Falaba vostede o outro día, e eu recollino, felicitándome, dese Consello Mundial da Emigración. Vostede sabe que nós temos reunidos a tódolos centros galegos do mundo. A miña primeira preocupación foi unir a tódolos galegos do mundo. Ó Congreso último dos empresarios xa viñeron moitos, e hai que seguir neste labor, porque os galegos que hai espallados polo mundo están desconectados, non soamente da Nosa Terra, senón desconectados entre si. E este labor é fundamental para o desenvolvemento de Galicia, porque hai moitos industriais, hai moitas xentes galegas que poden investir aquí e que o están desexando. E eu bríndollo, señor González Laxe, para que siga con este labor, que é fundamental para o desenvolvemento de Galicia.

E quero, como despedida —e hoxe comentouno o señor Nogueira—, dicirlle algo que el repite con certa frecuencia, e non é para entrar en polémica. Iso de que eu dixen: «sufrir e calar». Nunca dixen iso para defende-los intereses sagrados de Galicia. Para iso non calo, non calei nunca. Non calei no Goberno e non vou calar agora.

Cando estiven na reunión do Tribunal Constitucional, tiveron a ledicia de escoitar que Cataluña, Euskadi e Galicia eran os países que máis emendas presentaron no Tribunal Constitucional, e nós fomos esixentes. O que quizais non é de todos sabido son as nosas reclamacións, pero non consentimos nunca que se rebaixase o Estatuto de Galicia. O que sucede, quizais, é que non o dixemos con demasiada prensa. Pero cando dicía «sufrir e calar» era por outras cousas que todo gobernante ten que sufrir e calar, se quere facer un país e construír unha democracia.

Ten que calar moito, e vostede calará moito, señor González Laxe, porque non é o mesmo ser Deputado e estar na oposición que se-lo Presidente de tódolos galegos e recibir moitas veces cantidade de noticias e de cousas que vostede sabe moi ben que ás veces as ten que sufrir e calar. E quero

dicirlle, con toda cordialidade, que nunca baixei a garda para defende-los nosos dereitos.

E logo esoutra cousa de que eu quería permanecer. Non saben como me sinto de tranquilo de sucede-lo que eu sempre dixen: pero, ¿para que esperan que eu marche, que eu demita, se teñen na man o facelo? Eu non dimito, eu son responsable ante o meu pobo. O que sucede é que cando o Parlamento decide outro candidato, eu entrego a testemuña feliz de cumprir coa miña obriga. Eu podo dicir, como Rosalía, tiveron moitas equivocacións, pero dinche canto dar puiden. Dei o meu fogar, a miña familia, a miña profesión, deino todo, e orgullosamente por servir ó meu pobo. E, naturalmente, hoxe marcho tranquilo con esa dignidade que dá o deber cumprido e de deixar unha persoa responsable e capaz que me substitúa.

E isto é o que teño que dicir. A min gustárame, de verdade, felicitalo máis. Eu díxeno moitas veces, privadamente quizais, pero tamén publicamente: a min gustárame que viñese unha alternativa ó Goberno de Galicia despois de gañar unhas eleccións, e con ese triunfo electoral da-la testemuña. Pero, indubidablemente, como iso me gustaría así, non lle vou desexar sorte, e tampouco non lle vou desexar que o Goberno Central, ó mellor, sexa agora máis xeneroso con vostedes do que o foi connosco, pero se iso é para ben do pobo de Galicia, benvido sexa, aínda que, naturalmente, o criticarei, como é lóxico, se vexo que hai aportacións que eu pedín e que me foron negadas.

E logo quero tamén despedirme da miña xente, dos meus Conselleiros. Quero despedirme do meu Vicepresidente, que tan leal foi, desta Coalición Popular, que tan infamada foi e que deu un exemplo. O que sucedera en Madrid a nós non nos importou nada, aquí seguimos xuntos, e isto é un exemplo que non se di. ¡Parece mentira! En Galicia actuaron doutra maneira, en Madrid rifaron, separáronse, pero aquí non, aquí fomos responsables; puxémo-los intereses de Galicia por enriba dos intereses de Partido ou das liortas de Partido. Por iso quero da-las máis rendidas gracias.

E logo teño, naturalmente, que terminar dicindo que seguiremo-la loita política. Naturalmente. E eu, nestes momentos da loita política, recordo o que nuns momentos tristes da historia de España dicía un político catalán, en momentos bastante máis graves e tristes cós de agora mesmo para min. Dicía: «tornarem a lluitar», «tornarem a sufrir», «tornarem a vencer». Volveremos loitar, volveremos sufrir e volveremos vencer. Iso é o último que lles digo eu ós meus compañeiros da Coalición Popular e ó pobo de Galicia.

E permítanme, señor Presidente, Señorías, que despois de dárle-las gracias a todos, sexan as miñas últimas palabras unha invocación, que nunca fixen pero que a fago hoxe, a Deus, ó noso Señor e ó Apóstolo Santiago. Que bendiga a Nosa Terra, esta fermosa patria e esta amada Galicia nosa.

Moitas gracias.

Títulos da colección

DISCURSOS PARLAMENTARIOS

Xerardo Fernández Albor

Primeira e segunda lexislatura
(1982-1987)

En preparación

Fernando González Laxe

Segunda lexislatura
(1987-1989)

Manuel Fraga Iribarne

Terceira lexislatura
(1990-1993)

Outros títulos

Manuel Fraga Iribarne

Cuarta lexislatura
(1993-1997)

Manuel Fraga Iribarne

Quinta lexislatura
(1997-2001)

Manuel Fraga Iribarne

Sexta lexislatura
(2001-2005)

Emilio Pérez Touriño

Sétima lexislatura
(2005-2009)

Alberto Núñez Feijóo

Oitava lexislatura
(2009-2013)



PARLAMENTO
DE GALICIA

